


# teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Fotos explosivas  
**Fidel Castro, galego  
a medias**

## Os partidos en Galicia

**Especial  
Letras Galegas**







Contando  
co noso  
servicio  
detras

Calquera carretilla elevadora  
é boa...

Pro...  
si se chama



ido millorciño!

- Vendemos asistencia
- Amplia gama en carretillas Diesel y eléctricas

FABRICA: MAQUINARIA INDUSTRIAL, S. A. (Manresa)

DISTRIBUE:

**comercón**



VIGO: Avda. do Freixo, 23 (San Pedro de Sárdoma)  
Telfs: 418422-418433-418677

OURENSE: Avda. Sáenz Díez, 40-Telf. 215436

**SAXBY**  
**Maxivar**  
20/60







Portada de VILASO

# pola nosa banda

## Conversas da frixidez

Cando saíu á rúa o chamado «Documento dos 29» veunos ó peito un respiro de esperanza. Logo, pouco despois, o «frente federalista» foise ó tacho denantes de nacer: a esperanza acabou, lamentábelmente, nas conversas. Agora, imposible xa a unidade cara ó Congreso nas futuras Cortes Constituintes da Monarquía, novas conversas naceron xa encol da posíbel unidade pró Senado. ¿Posíbel? De tanto desengaño, señores, os límites da esperanza aproxímanse cada día máis entre sí pra se converter en milimétricos. Hoxendía, coas eleccións á volta da esquina, o noso espacio das esperanzas é un cativo currunchito que corre o perigo de se facer inhabitábel namentres boa parte das esquerdas —ou non tanto, non tanto— están a respirar a máis negra ilegalidade e as condicións impostas polo Goberno de Madrid poñen en corentena ás máis sinxelas expectativas dos dereitos nacionais de Galicia.

Agora mesmo, en Galicia, non existe a máis mínima coalición pola unidade pra facer da nosa Terra *presencia física* no futuro inmediato do Estado español. Non existe: isto está clarísimo, moi señores nosos, namentres algún grupo —empeñado sempre e longamente en rexeitar calquera alcume de «españolista»—, dende os comezos mesmos da súa campaña electoral, botou fóra de sí, xa, a máis elemental seña galega de identidade, o idioma. Son, precisamente, os mesmos que máis encarnizadamente rexeitaron o alcume «españolista» os que agora —cando o noso idioma foi a primeira gran reivindicación masiva dos dereitos da nosa Terra—, coma primeira medida electoral, rexeitan, sen se poren a matinar un segundo, dun puñetazo a nosa fala. ¿Por qué non decilo? Por exemplo, PSOE. Postos a falar, falemos con claridade. E son, somentes, os comezos. Entre tanto, vaia, as conversas continúan. Namentres, as posibilidades esmorecen día a día.

Realmente, a pesares da urxencia, extremada urxencia, señores, ¿é imposible a máis mínima coalición pola unidade que faga, de Galicia, *presencia física* no futuro? E o futuro é inmediato, inaprazábel. ¿Queda lugar pra esperanza? Galicia é demasiado pra depender, brutalmente, da fríxidez dunha conversa.

teima

**Edita:** a Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

**Dirixe:** Anxel Vence Lois

**Na Redacción:** Luis Alvarez Pousa, Perfecto Conde Muruais, Víctor Fernández Freixanes, Xosé María G. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco Manuel Rivas Barrós.

**Colaboran:** Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)

**Redacción na Coruña:** Manuel Rivas, Xosel Vilela

**Redacción en Vigo:** Víctor F. Freixanes

**Prestan a súa asesoría:** Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cebanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marplá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina), Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

**Traballan connosco as axencias:** Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

**Enviannos información do Estado e do mundo:** Arturo Ruibal, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña), Gregorio Gálvez (Euzkadí), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

**Fotografía:** Manuel Yáñez

**Dibuxan:** Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquís.

**Cartografía:** Mario L. Rico

**Confecciona e fai as portadas:** Xosé M<sup>a</sup> G. Vilasó

**Supervisan o idioma con normas provisórias:** Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

**Xerente:** Carlos Vázquez

**Xefe de Publicidade:** Xosé M. Rodríguez Iglesias

**TEIMA imprímese no prelo comercial** de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

**Os nosos distribuidores:**

**A Coruña:** Distribuidora «Henche» (207020)

**Lugo:** «Carvel» (215069)

**Ourense:** «Eudosa Castro» (224349)

**Pontevedra:** «Cao» (855374)

**Vigo:** «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)/

**Ferrol:** «Vel» (357707)

**Santiago:** «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

**Redacción Central:** Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

**Teléfonos:** 596741-593879 (Prefixo 981)

**Apartado de Correos** n<sup>o</sup> 448

**Depósito legal:** C-649-1976. Solicítase o control de O.J.D.

## Crise na prensa nacionalista

Primeiro foi a catalana *Arreu*, morta de morte morrida catro meses despois de seus nacemento. Os cincuenta mil exemplares de arrincada reducíranse moi pronto a vintetrés mil denantes de que as dificultades de infraestrutura —xunto coa falla de publicidade— botaran abaixo o intento.

Despois tocáralle o turno a *Garaia* e *Berriak*, ámbalas dúas bilingües, ámbalas dúas do País Vasco. Falla de venda, escasa publicidade e supostos vencellos partidarios (ESB e PC respectivamente) conxugáronse pra apaga-las súas voces. *Arreu*, *Berriak* e *Garaia* facían parte, xunto con TEIMA, da xeración de prensa das nacionalidades xurdida no outono do setenta e seis, en coincidencia co inicio da última das liberalizacións do réxime. Esta revista é, pois, a única supervivente tras unha desfeita xeral das que as causas están por explicar definitivamente aínda. En efecto, é difícilmente explicábel que non atoparan éxito experiencias periodísticas situadas nun marco socioeconómico tan favorábel coma o catalán ou o vasco, namentres que empresas inicialmente condenadas ó fracaso, coma TEIMA, conquiren saír adiante.

## ¿Pra quen vai o voto?

Fóra as esperanzas dos partidos da esquerda non legalizada —á esquerda do Partido Comunista— pra participar nas próximas eleccións, sen legáis excomuniacións, quedaba a posibilidade das «candidaturas independentes». Quedaba, claro está. Xa non hai nin tal: e imposibilidade física de facer pasar polo notario, un a un, ós firmantes en apoio deste xeito de coalicións, bota pola borda calquera ilusión electoral prás esquerdas da «ilegalidade».

Diante da franca desunión dos partidos, máis de un agardaba á posibilidade («se non se chega a un acordo global encol dun fronte pró Congreso», decían) de chegar, dalgunha maneira, á formación dunha candidatura única pró Senado. Entre tanto, outros presentaban publicamente as listas dos seus homes e mulleres coma potenciales congresistas e sen renunciar á súa filiación partidaria. Difícil unidade, pois, cara ó Congreso. Imposíbel, xa, como independentes. Agárdase, no momento de redactar estas liñas, á solución encol do Senado e, neste senso, lévanse adiante conversas e máis conversas.

As cousas deste xeito, os partidos non legalizados saíran á rúa, exporán os seus programas e persoas, falarán e manifestaránse... pro pouco máis. Quédalles, coma algún ven decindo, unha alternativa: recomendar e promove-lo voto ás esquerdas e, delas, ás que leven no seu programa e ideario a defensa dos dereitos nacionais de Galicia. Potas así as cousas, a pregunta ven de caixón: señores da esquerda ¿qué voto recomendarán vostedes? Non hai moito do que elixir entre os legalizados da esquerda nacionalista galega. Como pista, cativa pista, poderíase salienta-la existencia dun rumor nado das expectativas dalgún grupo instalado «á esquerda do Partido Comunista»: MCG e LCR, por poñer un exemplo, poderíanse atopar en boas disposicións pra recomendar voto Partido Socialista Galego.

Don Antonio Puig Gaité, o dono de Pontevedra nos últimos corenta anos, deixou a vicepresidencia da Diputación provincial e vaise meter a político: é o número un de Alianza Popular pró Congreso.

Guillermo Campos faille a despedida.

## Pontevedra

## Don Antonio quere ser político

Puig Gaité foi unha especie de Carrero Blanco provinciano. Foi o eterno «vice», anque era el —e pouco máis ca el— quen tiña realmente o poder: os presidentes, máis ou menos, pasaban; él, permanecía, era a continuidade.

Home que non admitía medias tintas, quería ter controlado todo ou declaraba a guerra a quen fora. Dende a vicepresidencia da Diputación fixo moitos e caprichosos favores. Agora mesmo, por exemplo, é pública a acusación de que no tal organismo se celebran reunións de Alianza Popular; tamén ten sido denunciada a impresión de propaganda de A.P. nos talleres do Hogar Provincial.

Don Antonio deixou o poder oficial pro non o real, que debe ser moito o que conseguiu dende 1936. Claro que dende o discurso do presidente Suárez hai quen di que montaxe e poder dos homes de Alianza recibiron unha labazada de mil raios. Puig xa vai vello e moitos alcaldes

parecen dispostos a cambea-la chaqueta, arri márense a quen máis quenta e deixaron de ser propagandistas de A.P. Agora, don Antonio vai saber, de verdade, quen está disposto a ser dos seus e morrer no seu barco. (Así nós tamén saberemos quen non ten remedio e de quen non hai nada que esperar porque o pouco que poden facer agora, xa tiveron tempo dabondo en corenta anos pra levalo adiante).

Disque o señor Puig Gaité ten votos comprometidos, comprados por unha carretera ou un lavadeiro. Pra conseguí-las milloras que precisaban, paisanos de Moaña, Redondela, Coto-dabe e arredores de Pontevedra tiveron que firmar ficha por Unión del Pueblo Español. Aínda así e con todo, acontece que na conciencia de moita xente hai a tranquilidade de que gañar —polo medio que fora— o que non se gañou en corenta anos era o menos que podía pasar se no mundo hai xusticia. E parece que non tódalas contas lle saíran a Puig Gaité como contou. «Firmas, cantas queira; os votos, pra quen queira eu», din os veciños.

## Terra e tempo-bis

Na cabeceira, unha novidade: «Proletarios de tódolos países e pobos asoballados únidos». Impreso no chamado «papel portugués» está a ser espallado polo país o número 39 de «Terra e Tempo», o «xornal antifascista máis veterano de Galicia», nome do voceiro da Unión do Pobo Galego (U.P.G.) Agora ben, a chamada a abstención nas eleccións, «a non ser que se den as seguintes condicións de democracia, amnistía total», así coma a convocatoria, «no prazo máis breve», dun congreso extraordinario da U.P.G., amosan que non é do voceiro oficial da Unión do Pobo Galego, compoñente xunto coa AN-PG do bloque nacional-popular que presentou hai tempo candidaturas ás eleccións, de que estamos a falar senón do voceiro de antigos militantes da organización, expulsados ou autoexcluídos, e a que consideran dominada por unha «dirección pequeno-burguesa patriótica» e non por unha dirección proletaria. De cara ó Congreso fálase de tres fases (tribunal revolucionario, traballo político, e elección de cárregos), da elaboración dun «programa comunista» e da construción dun verdadeiro partido marxista-leninista galego. Na última páxina inclúese unha poesía de Heriberto Bens, a titulada «Unión do Pobo Galego», que escomenza: «Porque a nosa organización nacéu/do corazón da ira e máis do medo/e foi medrando e facéndose aceiro/indestructíbel...»



## «Autopistas»

# Metéu o freo

Hastra o alcalde de Pontevedra se uniu ós veciños de Salcedo e Vilaboa pra lle facer cumprir pola forza a «Autopistas del Atlántico» os acordos nos que empeñara a súa palabra.

Segundo o pacto do día 27 de abril —trala reunión entre autoridades, técnicos do Ministerio de Obras Públicas, representantes da empresa e máis veciños—, as obras da autopista para-



riáanse mentres os afectados tomaban un prazo de dez días pra face-las alegacións pertinentes ó proxecto de «Autopistas». Despois deste pacto, os homes de Salcedo e Vilaboa emocionáronse, coidaron que por fin alguen ía escoitalos e déronse presa por contactar con técnicos que lles axudaran a redacta-lo informe.

«Sen sabelo porque si nin o porque non, desgraciadamente, vimos ó día seguinte como as excavadoras seguían furando o noso chan e como os camións das empresas auxiliares desfacían as nosas carreteras. E as máquinas seguían ó seu polos séculos dos séculos se non chegamos a plantarnos».

O día catro de maio os veciños dixerón basta e baixaron á capital pra lle dicir ó alcalde: «Ou paran as obras antes do mediodía ou parámolos nós». Sucedeu, entón que, por primeira vez, unha autoridade oficial enfrentouse coa realidade e sentenciou: «Ou consigo o que me piden vostedes ou son eu mesmo o que encabezo a manifestación que proxectan».

Enriba, na aldea de Ralo, tres ou catro dúcias de veciños amoreáronse a carón das exca-

vadoras agardando que chegaran as doce do xoves catro. As mulleres tiñan preparada unha pancarta axeitada ás circunstancias e os mozos repartían pegatinas («Polas comunicacións que Galicia precisa... Non á autopista do capital»). Non se libróu ninguén e todos marcharon coa pegatina no peito ou no cristal do coche.

Xustiño ás doce e media, cando os ánimos empezaban xa a alporizarse, os condutores das excavadoras recibían orde de para-lo traballo e,

rápídamente, un camión veu a retirar maquinaria.

«Gañamos unha batalla e temos que seguir adiante. Agora imos polos de Madrid». Polo pouco, pediron xa que se considerase aprazada en dez días a entrega do informe. A razón non é outra cá falla de «Autopistas do Atlántico» ós seus propios acordos: quedaron en da-la documentación do seu proxecto o día 28 e non a deron até o día tres de maio.

Castigada polo bispo da diocese a non escoitar misa, por mor de andar agachando unha imaxe sacra, toda enteiriña a parroquia de Videferre-Oímbra vai ir de cabeza pró inferno. De facerlle caso ó crego, tal cousa estaríalle moi ben porque «os fregueses o que queren é non ter ningunha autoridade, nin relixiosa nin civil».

Do grave risco que corren estas almas informa Xosé Platero

## Videferre-Oímbra

# De cabeza pro inferno

O que dura un asubío foi o que tardou en desaparecer da igrexa a imaxe da Virxe baixando a Cristo da cruz, cando se soubo que o crego pensaba levala fóra da parroquia, cara ó Muséu da Pasión de Valladolid. Nesta cidade, a escultura estaría exposta durante os actos do IV centenario do artista Juan de Juny —resulta que a imaxe de Videferre fíxo a mestres Sobrido, un dos alumnos do escultor barroco— e de alí pasaría a Madrid pra retornar outra vez á súa parroquia.

Os fregueses non se fíron das promesas do señor abade nin siquera cando lles mostróu unha póliza de medio millón de pesetas como garantía contra posibles desperfectos. Os veciños, moscados por tal desprendemento, non paraban de dicir que «cando o seguro dá 500.000 pesetas é que vale moito máis».

Do párroco aseguran os veciños ter moitos motivos pra desconfiar. «Leva xa vendidos varios santos e hastra deixou i-lo retablo. Tamén fixo arranxos na igrexa sen contar pra nada connosco e logo quíxonos pasar unha factura de 30.000 pesos. Agora, aínda anda teimando en vende-la casa parroquial que construíron os nosos abós e máilo horto. De seguro que se deixamos marcha-la imaxe, non volve. E se nos dan cen mil pesos por ela ¿cánto non lle sacará quen se queda coela?».

Don Manuel Gómez, 40 anos de vida, leva xa nove nesa parroquia, situada case na mesma raia de Portugal, e nunca puido manter unhas relacións moi fondas cos seus fregueses. Os

veciños non esquecen as vendas de imaxes; tampouco esquecen cando falaba dos emigrantes chamándolles «ladróns» e «raposos» e menos aínda esquecen cando lle negara a primeira comunión a unha neniña por ir confesar fóra da parroquia. Don Manuel deféndese das acusacións dos veciños afirmando que as obras de reparación da igrexa eran precisas, xa que unha das paredes estaba pra caír. «Consequindo recaudar só 30.000 pesetas dos parroquianos, tiven que vende-lo retablo pra facer frente ós gastos da obra e aínda reréi que me desprender da casa parroquial pra poder pagalos 30.000 pesos que estóu a deber».

«Pra min —confesa o señor crego— a actitude dos veciños é irracional e deben pensar que non hai máis posibilidades de arrego cá devolución ó seu sitio da Virxe». Segundo conta, ten da súa parte ó señor bispo da diocese, xa que foi precisamente esa autoridade eclesiástica quen decidiu o castigo: «Se o pobo non dá a imaxe, eu tampouco lles teño porque mandar un crego a deci-la misa».

Os veciños dan a calada por resposta e entre todos e ningún van defendendo a súa Virxe. Todos e ningún saben onde está a escultura e tamén saben quen non aparecerá hastra que o crego e máilo bispo desistan de saca-la imaxe fóra da parroquia.

Mentres tanto, deuse a casualidade que as tres veces que o cura foi pola parroquia de Videferre, logo da *desaparición* da imaxe, tamén a parella da Garda Civil foi aló de servizo.



## Graduados sociáis

### De burócratas, nada

En pé de guerra contra os ministerios de Educación e Traballo erguéronse as once Escolas de Graduado Social do Estado o día 14 de febreiro pasado. Ese era o día límite pra que os ministerios responderan ó plan de estudos que elaboraran profesores e alumnos; non houbo resposta e ahí comenzou a loita. Mentres en case tódalas Escolas facían folga e aínda peches, a de Santiago (con seminarios na Coruña, Vigo e Ferrol) era dos centros máis tranquilos, non pasando a cousa da celebración de asembleas.

«O primeiro que buscamos —dín representantes da Escola galega— con estas movilizacións é lavárno-la cara do pasado que nos botou enriba o fascismo. Os graduados sociáis non queren ser, por máis tempo, burócratas ou funcionarios, incapaces de facer outra cousa que non sexa cubrir seguros sociáis ou nóminas das empresas. A profesión de graduado social tampouco pode servir máis veces como un título que os homes máis fiéis ó rexime conseguían con facilidade e que empregaban pra subir postos na administración».

O plan de estudos presentado ós ministerios recolle, en primeiro lugar, a necesidade de homologación da carreira por Educación e Ciencia. Este proxecto dividía os estudos en dous ciclos: o primeiro, de tres anos viría equivaler ós diplomados universitarios; o segundo, de dous, que equivalería a licenciado. Este segundo ciclo permitiría o acceso ó maxisterio nas Escolas e nel impartiríanse ensinanzas directamente relacionadas coa área na que se asentara cada Escola.

A segunda necesidade que recolle ese dictamen é a urxencia de fixa-lo campo específico de traballo dos graduados sociáis.

«Pra nós é de vital importancia a definición concreta do que somos amáis do que podemos facer. Empresas que deberían ter graduados non téñen e cando téñen fanos pandar con traballos que nada se relacionan coa vixilancia das leis laboráis nin, moito menos, coa defensa dos dereitos obreiros.

Neste campo dáse unha contradición moi curiosa: nós, que somos especialistas laboráis, non podemos opoñer á Inspección do Traballo e si pode facelo un abogado que só tivo unha asignatura de Dereito Laboral».

#### A LOITA CONTINUA

O día 24 de abril, por fin, o director xeral de Promoción Social facía público un proxecto elaborado no ministerio de Traballo. Neste plan, só se recoñecía un primeiro ciclo de ensinanzas,

pechando así as portas ó maxisterio nas Escolas. Tampouco falaba nin pisca da homologación dos estudos polo Ministerio de Educación nin da promulgación dun estatuto profesional. Por riba, este proxecto suprimía os seminarios oficiáis que agora funcionan nas cidades onde non hai



Escolas, pra transformalos en seminarios privados. «Toda a nosa loita actual vai encamiñada a rachar coa dependencia que tiñamos coas empresas, con deixar de ser burócratas ó servizo dos empresarios e resulta que no Ministerio de Traballo queren, mesmo, que xa dende os primeiros estudos esteamos nas mans das empresas».

A resposta da Dirección Xeral de Promoción Social —que chegou cando só quedaban dúas Escolas en folga, as de Barcelona e Valencia— non recolle nin unha das reivindicacións dos futuros graduados sociáis. Xustiño, xustiño era isto o que fallaba pra que a guerra empezase de novo: mentres en Barcelona están dispostos a boicotea-los exames, os estudantes galegos pedían masivamente a dimisión do director de Promoción Social, señor Galera García.

## Teatro

### A mostra non ten quen a queira

Mal van as cousas da cultura polo noso país cando, pra dispoñer dun local onde celebra-la V Mostra de Teatro Galego, a Agrupación Cultural «Abrente» tivo que xustificar, na súa solicitude, «a importancia do teatro como actividade cultural e docente». Tal cousa ven porque, hai só dous anos, a delegada do Ministerio de Educación e Ciencia negara o salón de actos do Instituto Masculino pra se-la sede da Mostra por non ser unha *actividade docente*.

Mal van as cousas da cultura polo noso país cando un feito tan importante como o de Ribadavia segue a sosterse gracias ás recaudacións de entrada. Os organizadores petan nas portas dos organismos oficiáis e das entidades bancarias, por obteñen subvencións cativas ou non conseguen nin pataco —coma no caso da Fundación Barrié de la Maza—.

Mal van as cousas da cultura polo noso país cando, coma nos millores tempos pasados, séguense prohibindo obras, cousa que lle pasou a dúas das dazaséis pezas presentadas á Mostra.

Tampouco é sinal moi confortante que nesta V Mostra de Teatro Galego —días do 14 ó 22 de maio— só se presenten once grupos: cinco da Coruña, catro de Vigo e un de Lugo, non habendo ningún por Ourense, provincia na que se celebra a Mostra.

## The English School

MARIA CLARA SILVA y MAGNUS JENSEN

### Vacaciones - Estudios en el Sur de Inglaterra

#### EXETER o PLYMOUTH

Julio o Agosto 1977

Aptas para todas las edades desde los 10 años.  
Los alumnos son acompañados y supervisados por la directora y los profesores españoles desde la salida hasta el regreso.

Nuevo este año: Curso para profesores de Inglés  
3 semanas en Agosto

Gral. Franco, 155 - Tel. 21 14 13. ORENSE



# Esquerda Segue xovendo

Alguén falou de Xove no primeiro mitin legal que daba en Galicia o PC. Labazadas, berros contrapostos e insultos convertiron ó pabellón dos deportes de Vigo en escenario dun novo capítulo na longa historia da desunión das forzas da esquerda galega.

Unha bandeira bicolor española coa que entraron no pabellón membros da organización do PCG na Coruña deu orixe ós primeiros incidentes: berros e asubíos dende a grada onde estaban as bandeiras do Partido do Traballo, Liga Comunista Revolucionaria, Mocidades Galegas Revolucionarias, Movemento Comunista de Galicia, Círculos Galegos, Xóvenes Revolucionarios e, finalmente, os ácratas e a CNT. Homes do servizo de orde achegáronse por tras pra impoñer o silencio e producíronse entón as primeiras liortas e cámbeos de palabras acedadas entre uns e outros. Falaba nesa altura do mitin Xesús Alonso Montero a quen seguirían no estrado Waldino Varela, Sari Alabau, Rafael Pillado, Manuel Peña Rey, Carlos Barros e Santiago Alvarez.

A espiral do conflito seguiría desenrolándose



ALGO MAIS QUE BANDEIRAS

se coa aparición de dúas bandeiras negras portadas por grupos ácratas. As alusións á «autonomía» por parte dos oradores encontraban réplica inmediata nos berros de «autodeterminación» que xurdían dalgún sector das gradas. O nerviosismo ía *in crescendo* entre os militantes do PCG: «non hai dereito a que veñan a desfacerlo-lo mitin» —decía un deles, xa entrado en anos—: «¿por qué non llo fan así a Alianza Popular?». Foi entón cando se escoitaron as primeiras labazadas; ó tempo que membros da LCR pretendían

abandona-lo seu posto pra non se mesturar cos ácratas que a esa altura eran xa donos da contestación.

Berros de «disolución dos corpos represivos» saudaron as primeiras actuacións dos homes do servizo de orde do PCG. No entanto, Santiago Alvarez, secretario xeral, tentaba acouga-los ánimos: «¡Quen non deixa falar ós comunistas —berraba— non entende a democracia; quen non deixa falar ás esquerdas, ós galeguistas, a tódolos partidos democráticos, estálle a face-lo gran xogo ó fascismo! ¡Nós non vimos aquí a facerlle o xogo ó fascismo!».

Os partidos convencionalmente situados á esquerda do PCG tiñan tamén a súa versión dos feitos. Segundo parece, non gustou demasiado que o devandito partido plantexara un mitin individualista e partidario cando unha parte importante da esquerda está sen legalizar aínda. De calquera xeito, tanto a LCR coma o MCG e o PTE afirmaron diante da prensa a súa non participación no boicot ó tempo que deploraban situacións que, coma esta, «non fan máis que dividir á esquerda».

Alguén falou de Xove no primeiro mitin do PCG.



Non deixe que pase máis tempo.

- Conozo todo o referente a Galicia.

3.840 páxinas

- 300 colaboradores
- 6.500 ilustracións

Tódalas materias

- Arte, Historia, Xeografía, Biografía, Agricultura, Folclore, etc.

Recórte e mánde. SEN COMPROMISO pola súa parte, recibirá a máis ampla información sobre esta obra e as súas excepciónais condicións de adquisición, a C/ Ciudad de Lugo, 18-4.º Coruña

D. ....  
Domicilio .....  
Localidade ..... Provincia .....  
Pregámoslle que escriba os seus apelidos e señas con claridade.  
FIRMA

## Abraxas LIBRERIA

Montero Ríos, 50  
Teléfono 593655

SANTIAGO







## Pesca As limitacións pesqueiras da CEE: Feitos e consecuencias

Informe do Equipo TRASMALLO coordinado e redactado por Fernando G. Laxe e Xulio X. Pardellas.

O día 5 de Abril, o representante do Estado español nas conversas sobre as augas pesqueiras da C.E.E. recibía un comunicado oficial.

Acababa de remata-lo convenio provisorio de tres meses, que nos derradeiros do 1976 se conseguira prá nosa frota. Segundo aquel convenio, non variaban moito as condicións nas que os nosos barcos viñan pescando naquelas augas. Despois do susto inicial, os armadores respiraron mainamente, asentaron de novo as súas contas como viñan facendo dende hai máis de 15 anos e seguiron co seu tráfego cotián os copos dos arrastreiros do Grand Sole e do Mar de Irlanda. O temporal pasara e os ventos volvían a zoar de popa. Proba disto son as cas 2.000 Tm. de pescada, (principal especie colleita naquelas augas), que nestes tres meses de convenio descargaron os nosos barcos só no porto da Coruña.

Todos esperaban que o convenio se renovara polo de agora máis ou menos nas mesmas condicións e as cousas seguíran igual. E de súpeto aparece a bomba:

Só 124 barcos matriculados no Estado español poderán faenar a partir de abril nas augas pesqueiras da C.E.E.

Amáis disto impónse unha distribución xeográfica e unhas limitacións de tonelaxe e potencia. De acordo co C.I.E.M. (Consello Internacional prá Exploración do Mar), dentro de cada área da N.E.A.F. (siglas do inglés North East Atlantic Fisheries) que equivale a Comisión de Pesquerías do Atlántico Nordés), as zonas nas que poden faenar os nosos barcos serán as do mapa adxunto. 124 embarcacións pesqueiras distribuídas do seguinte xeito:

- 2 barcos menores de 1.000 TRB e 1.000 CV na zona I
- 30 barcos menores de 500 TRB e 700 CV na zona II
- 92 barcos menores de 500 TRB e 700 CV na zona III

O día 15 de abril xa, dous barcos galegos, o «Docampo» e o «Argonte», son apresados por gardacostas ingleses, levados ó porto de Lerwick e multados con case 2 millóns de pts. cada un, por faenaren nas augas pesqueiras inglesas segundo aquel acordo.

### CONSECUENCIAS

Non é doado de estima-la cifra de barcos galegos que faenan normalmente nas áreas limitadas, dado que a duración das mareas fai que exista sempre un número de embarcacións na ida ou volta do traballo.

Coa marxe de erro que esta circunstancia supón, podemos de tódolos xeitos aproximar a 300 os barcos que faenan na zona III, e outros 100 os que traballan nas zonas I e II.

Mais outro problema dos plantexados pola limitación da C.E.E. é o da potencia dos nosos barcos e a relación TRB/CV. A C.E.E. limita a 700 CV a potencia máxima dos barcos menores de 500 TRB que faenan nas zonas establecidas, co obxecto de diminuí-lo esforzo de pesca por unidade. Entramentres, os barcos galegos existentes entre as 250 e as 500 TRB teñen unha media de 950 CV cada un.

A exacta repercusión en Galicia das devanditas limitacións, que recairá na economía e nos sectores económicos dependentes das capturas nesas caladeiros, non é posíbel de estimar cos datos oficiais existentes. Por unha banda pola súa falla de fiabilidade e sistemática e pola outra por apareceren globalizados pra todo o Estado español.

Cos datos do Banco de Bilbao do 1973, temos estimado as cifras do sector pesqueiro e máis das súas actividades conexas no VEB (Valor engadido bruto), que lles corresponde a cada unha dentro do proceso produtivo, no seguinte cadro:

	Pesca	Const. Naval	Conservas	Trasporte	Comercio	VEB Total
Lugo	391	175	152	23	44	785
A Coruña	4.542	3.000	504	267	511	8.824
Pontevedra	5.779	1.500	1.764	340	650	10.033

	VEB	VEB	%
	Sector Pesqueiro total	Total prod. provincial	
Lugo	785	25.617	3
A Coruña	8.824	81.903	11
Pontevedra	10.033	67.232	15

(As cifras están en millóns de pts.)  
Fonte: Banco de Bilbao, Renta Nacional de España, Distribución 1973.

A interpretación destas cifras indica que unha moi forte recesión da actividade pesqueira na provincia da Coruña podería chegar a afectar ó 11 % do total da súa economía, e en Pontevedra ó 15 %.

Parecen cifras moi altas por aparece-lo sector na súa totalidade, considerando estritamente os 400 barcos da frota galega que poden ser afectados polas limitacións das augas pesqueiras da C.E.E., estas porcentaxes deben baixar. Mais tendo en conta que case 4.000 embarcacións pesqueiras son menores de 20 TRB en Galicia (frota de baixura), e que unha gran parte dos sectores de transporte, comercio, construción naval, etc., están moi relacionados coa frota que faena naquelas augas, a porcentaxe de recesión é a pesares de todo importante, porque incide no secotr máis capitalizado da pesca.

### UNHA ANALISE INTERPRETATIVA

As causas de todo isto veñen de vello e xa aló polo 1968, un home como Domingo Quiroga, tan certa como inúltimamente, profetizaba unha crise desta sorte, de seguí-la política pesqueira do Goberno por onde ía. Nós mesmos chamabámo-la atención pola nosa banda desde estas mesmas páxinas a fins do pasado ano.

A frota que vai ás augas da C.E.E. é fundamentalmente de corte capitalista, iso significa que a súa mentalidade está afeita ó beneficio, que nas condicións sociais e políticas dos pasados anos, era beneficio seguro, sen problemas.

A industrialización necesitaba alimentos, os armadores pediron cartos e déronllos. Velái que no ano 1961 aparece a lei de renovación da frota, e nada menos que o 74,7 % das embarcacións construídas cos xenerosos cetros estatáís, dende 1961 ó 1971, pasaban das 100 TRB.

Neses anos concedéronse máis

de 7.000 millóns de pts. en cetros á frota pesqueira, e o creto estatal financiaba o 70 % do barco.

Chegou a crise de Terranova e o Goberno arropou convenientemente ós armadores afectados, con outros cetros e subvencións.

Chegou a crise de Marrocos, e os convenios favoreceron fundamentalmente á frota máis capitalizada.

O longo de todo este tempo as Regramentacións de Pesca e os contratos laboráís non son cumpridos, e as Cofradías e mállas Autoridades de Mariña fan a «vista gorda» e os mariñeiros seguen explotados co sistema á parte, que favorece sempre ós armadores.

Chega a crise actual coa C.E.E. e os armadores volven a berrar que o sector vai á ruína, e ascriben ó Director Xeral de Pesca pedíndolle que adopte tódalas medidas necesarias pra mante-lo anterior convenio provisional, até negociar outro definitivo que «contemple equilibradamente os intereses españoís» ¿Os intereses de quen?

Porque está claro, que os máis perxudicados son os mariñeiros e





as súas familias ¿U-los seus representantes pra coñecer e discuti-lo convenio?

O novo Director Xeral de Pesca, D. Carlos Barreda decía hai uns poucos días na súa toma de posesión: «Obligados los barcos a retirarse de los caladeros tradicionales donde faenaban desde tiempos remotos, se cierne sobre ellos la negra amenaza del paro».

Os barcos foron obrigados fundamentalmente a mante-los recursos pesqueiros, ameazados de esgotamento pola súa explotación avarenta e irracional. Utiliza-los negros dramatismos da crise e do paro pra xustificar un novo apoio ós responsabeis da situación, os armadores, pra que poidan seguir provocando desfeitas, é como mínimo un insulto á clase traballadora.

#### ALTERNATIVAS DERIVADAS

A única alternativa racional ante esta situación sería a socialización da frota e a elaboración dun plan pesqueiro socialmente racional, que artellara tódalas actividades no mar e na terra de acordo con criterios sociais e non privados.

Isto hoxe non é posíbel porque pra iso necesitaríamos un Goberno Galego Socialista, e aínda non o temos.

Non hai alternativas que non supoñan unha planificación total do sector con eses criterios. Galicia ten unha pequena pro rica plataforma continental, da que o coñecemento científico está aínda case a cero (temos dous Institutos de Investigación Pesqueira e Oceanográfica, que traballan dende Barcelona e Madrid respectivamente). En consecuencia, a frota de baixura está vella, os seus rendementos son baixos e o sector marisqueiro aínda non sabe o que pode producir.

A carón de todo isto, os cartos como vimos foron parar á frota de altura, dirixida por intereses capitalistas, que acumula crise tras crise, e aínda agora volven pedir cartos de novo.

Só unha reordenación integral do sector, baixo criterios de racionalidade social e non privada, poden abrir vieiros de saída a esta situación de desastre continuado. Mais pra isto necesitamos unha Galicia moi diferente da que agora temos, e o camiño pra chegar a ela témolo que abrir entre todos, non o esquezamos.

X. ALCALA

## LINGUA Diglosia tremens

Foi en Ferrol. A primeira vez que paséi por diante do anuncio —de rebaixas de xaneiro, nun almacén— rin boamente da coña de letreiríño aproveitón que por baixo lle chantaran. Era un conxunto delicioso: LA VAMOS ARMAR. HEIDI AL PODER... As miñas simpatías sempre han estar cos soñadores da Acracia Feliz —en canto foren menores de idade e xa que logo libres de responsabilidade cívica.

Pero axiña esquecín o traballo do rotulador ácrata e din en matinar no que de delirante ten a nosa diglosia de tódolos días: na Galicia existen dous idiomas, función de lugar e ocasión ambos —sen que ningún dos dous se poida ver libre da sombra do outro. Velahí un exemplo: pra anunciaren rebaixas, os do almacén percuraron a frase feliz en castelán — e safulles en galego. Non escribiron LA VAMOS A ARMAR senón LA VAMOS ARMAR, comendo unha preposición que na súa estrutura mental —galega— non existe... Cando se inventa un código de comunicación hai sempre dúas constantes a ter en conta, o mínimo de palabras e o máximo de información. Por iso, a mente do que quere falar castelán e aínda conserva nos seus arquivos as formas galegas tende a desprezia-la preposición *a* no conxunto *ir + infinitivo*, por non levar información, por ser redundante. E polo

mesmo, á percura de máis información da que o castelán ofrece, introduce con descaro frases como *tengo ido* na vez de *he ido*, pra indicar que a acción foi repetida: a perífrase galega *ter +*



*participio* non ten equivalente en castelán coa mesma cantidade de información no seu contido...

Cando os doutores da lei —lingüística— no país tratan de establecé-la ecuación definidora da nosa barafunda, adoitan introducir nela somente a variábel correspondente ó galego esquencendo a propia do castelán. En consecuencia, a análise do problema tórnase parcial —e así non damos saída do desastre.

Porque o galego e o castelán desastrosos que se fan na Galicia son variabeis da mesma ecuación, plantas bravas que xorden dunha raíz común: a incultura lingüística. Os galegos, ós que a Historia —feita por eles ou non— deu a oportunidade de posuiren dúas das tres linguas europeas (inglés, castelán e galego-portugués) con maior porvir no mundo, son tatexos en ámbalas dúas...

Ben. Pra que as plantas deixen de medrar ó desleixo

hai que lles atacar a común raíz. Hai que ir ó estudio comparado do galego e o castelán en tódolos niveis do ensino a partir do intre en que o neno estea xa instalado nun

idioma de seu —idealmente o galego (a política educacional do país ten que ir a que sexa o galego, por forza). O labor dos educadores ten que crea-la conciencia do galego —co portugués consanguíneo— e máilo castelán existiren am-

bos, distintos, dando ós educandos as pautas de distinción: marcándolles similitudes e diferencias— forzando un exercicio mental que, en contra da idea dos que nunca tentaron facelo, non é inútil senón utilísimo. Porque o polilingüismo é útil non só por ser cada idioma que se posúe unha porta aberta á cultura que o forxou senón porque axiliza a mente, porque aumenta a capacidade dos seus arquivos. A mente do políglota é sempre máis aberta, millor protexida contra a esclerose das ideas cá do monoglota.

Eis o meu criterio: fala-lo galego correctamente, e o portugués e o castelán benintencionadamente; e estudar a fondo as súas linguas literarias e científicas, abrindo pra elas as canles dunha realimentación selectiva, enriquecedora. Somentes así o home galego poderá chegar a ser verdadeiramente civilizado: consciente do seu ser peculiar na face do Mundo.





A POLITICA DO MEDO

O día 15 de xuño, se Deus quere e todo sae como a Reforma ten estudiado, os galegos maiores de vinteún anos participarán nunhas eleccións nas que xa non terán que elixir necesariamente entre as persoas co carné do partido único, o Movemento Nacional, como foi lei e obrigación durante catro longos decenios. Non todos van ir en iguais condicións, nin tan siquiera é seguro a estas alturas que tódolos partidos —os situados máis á esquerda— poidan presentar as súas candidaturas. Milleiros de galegos, voto en man, van participar nunha cerimonia á que non estabamos acostumados en absoluto. Pra moitos destes milleros a política sigue a ser un coto prohibido e complexo do que é millor estar alleo. O seguinte informe, recollido dun libro titulado «Galicia 77: forzas políticas pra un tempo decisivo», obra de XOAN I. TAIBO e MANUEL RIVAS, quere ser unha iniciación ás señas de identidade dos diversos grupos e partidos que operan no noso país.

## Forzas políticas pra un

«Cando me detiveron por vez primeira un inspector preguntóume: ti eres da outra acera ¿non si?». Estas verbas dun político galego reflexan moi ben o que foi a vida política durante os anos nos que o dictador tivo plenos poderes: «ou connigo ou contra min». «Entón todo era

máis simple —decía a TEIMA o devandito político—, máis sinxelo: todos, foramos liberais, socialistas ou comunistas, eramos perseguidos, todos nos protexíamos, e cando aparecía a policía esquencíamos os enfrontamentos. A universidade, por exemplo, era outra cousa».

Efectivamente, entrar na actualidade no análise do espectro político é unha auténtica tarefa de reloxeiro. E sobor de todo a partires de novembro do 1975 cando a roda escomeza a virar vertixinosamente: tódalas necesidades e anxeios de participación política agochados na

clandestinidade percuran a luz do día e sucédense os pactos, as conversas, as accións conxuntas e tamén os enfrontamentos dialécticos entre forzas teóricamente próximas pro que necesitan xa dunha maior definición e dun espazo político.

Durante moitos anos a única po-



lítica permitida vai ser a que presupoña unha fidelidade á figura de Franco e o único canle vai ser o omnipresente Movimiento. A Universidade e as grandes fábricas (en Galicia o movemento de barrios é moi recente) van ser os únicos lugares onde será posíbel unha mínima actividade política e de onde xurdirá a maior resistencia ó réximen, despois de aniquiladas as guerrillas nos anos cincuenta. Estudiantes e obreiros siguen a ser os sectores máis politizados, sobor de todo pola banda da esquerda. Nos últimos anos deuse tamén unha crecente toma de conciencia política entre os chamados profesionais e a pequena-burguesía. Cabe tirar algunhas conclusións: o agro está cáseque totalmente alleo á política,

tanto tempo, a crecente penetración dos monopolios, son atrancos moi fortes e boa proba do que estamos a decir é o non moi grande espallamento dos sindicatos xurdidos dende a base. Son tamén de moi recente constitución os partidos de orixe burgués que, sendo de dereitas, defenden a legalidade da democracia parlamentaria.

### MOITAS PREGUNTAS

Se en Galicia —coma no resto do Estado— a dereita vai ás eleccións con dous ou tres bloques, do espectro que vai dende a socialdemocracia hastra os marxistas leninistas, pasando por socialistas e eurocomunistas, van sair cáseque

partidos e deixar na ilegalidade a outros veu a agudizar desconfianzas e divisións. As preguntas que escomezan a facerse moitos non son tanto qué vai pasar nas eleccións ou quén vai saír deputado senón qué vai pasar despois se, como parece, un dos obxectivos é marxinar ás forzas máis radicais e fortalecer o dominio da dereita, anque non se presente como franquista. Parte da esquerda non agarda moito destas eleccións lexislativas e pon os ollos nas municipais entendendo que estas darán un reflexo moito máis real dos anxeos populares.

Falamos de división e de moitas siglas no espectro político, agora ben, concretar causas do primeiro e alcontrar criterios pra unha clasificación o máis racional posíbel non é tarefa nada fácil. Ninguén quere ser calificado de «dereitas», só algúns, coma os de *Alianza Popular*, se autodenominan «conservadores». Algúns da esquerda miran moito de non aparecer cos considerados extremistas e mesmo preferirían estar a carón do socialismo moderado ou da socialdemocracia. Se a relación dereita-esquerda non é sempre do máis suficiente (R. Chao fai a seguinte división: dereita de sempre, monárquicos, dereita civilizada, oposición razónabel, e extrema esquerda), a realidade específica de Galicia necesita doutras referencias. A posición das respectivas forzas ante o problema nacional vai ser definitivo. Non só polo análise dunha realidade e o ámeto de actuación senón, sobor de todo, pola praxis seguida hastra este intre.

### FALANDO DE SIGLAS

Son máis de trinta siglas de forzas políticas —non contamos as sindicais— anque só sexa cunha presenza meramente testimonial. Antes de entrar nun análise máis profundo podemos distinguir organizacións artelladas a nivel estatal e organizacións con orixe e ámeto

deración de Combatientes, Guardia de Franco, etc.)

—Alianza Popular (Reforma Democrática, de Fraga Iribarne; Acción Democrática Española, de Silva Muñoz; Unión Nacional Española, de Fernández de la Mora; Acción Regional, de López Rodó; ANEPA, de Thomas de Carranza; Unión del Pueblo Español, de Martínez Estreuelas; e o grupo de Licinio de la Fuente).

—Partido Popular.  
—Partido Popular de Ourense.  
—Partido Demócrata Galego.  
—FE de las JONS (auténtica).  
—Reforma Social Galega.  
—Partido Socialista Obrero Español (histórico).

—Alianza Social Demócrata Galega (da Federación Social Demócrata).

—Federación Socialista Galega-Partido Socialista Obrero Español (renovado).

—Partido Socialista Popular de Galicia.

—Partido Carlista de Galicia.  
—Partido Comunista de Galicia.  
—Movemento Comunista de Galicia.

—Partido do Traballo de España.

—Organización Revolucionaria de Traballadores.

—Organización Comunista de España (Bandeira Roxa).

—Liga Comunista Revolucionaria.

Polo que respecta ás forzas políticas con orixen e ámeto galego a relación é a seguinte:

—Partido Galego Independiente.

—Partido Popular Galego.  
—Partido Galego Social Demócrata.

—Partido Socialista Galego.  
—Asamblea Popular Galega.  
—Asamblea Nacional-Popular Galega.

—Unión do Pobo Galego.

A clasificación, en si, non presupón un maior ou menor interese pola problemática galega. Estes días, por exemplo, o Partido Galego Independiente (PGI) decidiu integrarse no *Centro Democrático*. Pro si danos pé pra entrar nunha das polémicas máis importantes nos últimos anos, particularmente dentro da esquerda.

### NACIONALISMO-ESPAÑOLISMO

Pra uns é irreal, pra algúns existe pro non ten porque poñerse en primeiro plano, pra outros é decisiva. O



¿QUEN PODE COS CACIQUES?

# tempo decisivo

no senso estrito, anque nos últimos tempos ten habido importantes mobilizacións, por exemplo, contra as cuotas empresariais, contra as industrias porcas, e contra as expropiacións (Xove e Encrobas). A pervivencia do caciquismo, a política do medo practicada durante

tantas opcións como partidos hai. O final as diferencias estiveron moi por enriba de posíbeis acordos mínimos. E a situación coincide con rumores de crise dentro dos grandes partidos da esquerda que actúan en Galicia. A manobra do goberno Suárez de legalizar a algúns

exclusivamente galego. As primeiras serían, de extrema dereita a esquerda, as seguintes:

—Ultras (Fuerza Nueva, Guerrilleros de Cristo Rey, Frente Fascista Revolucionario, Partido Español Nacional Sindicalista, FE de las JONS de Fernández Cuesta, Confe-

enfrontamento nacionalismo-españolismo ou tamén nacionalismo-sucursalismo, que na marcha a Xove cáseque chega a reflexarse a puñetazos, vai aparecer por vez primeira ante un auditorio masivo na conferencia de Ramón Valenzuela, escritor e militante do Partido Comunista de Galicia (PCG), que tivo lugar en Santiago e que rematou nunha loita dialéctica entre as que eran entón dúas alternativas: Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) e Xunta Democrática. Estatuto do 36-Autodeterminación, bilingüismo-normalización lingüística, etc., van ser, a nivel simple, outras expresións dunha mesma polémica na que os polos van ser PCG-UPG. Pra Francisco Rodríguez, dirixente da UPG, aquí xogan «dúas posturas, unha nacionalista, que aboga pola liberación nacional e social do país galego coma o único xeito de romper coa estrutura colonial a que se ve sometido neste intre, e dende presupostos propios; outra que aboga pola implantación do estatuto do 36 coma instrumento capaz de conquistar as libertades nacionais e sociais, o que presupón a subordinación dos intereses das camadas populares galegas a unha estratexia metropolitán». A postura do PCG podería vir sintetizada pola seguinte afirmación: «nestes intres xeneralízase a idea de que a superación da situación de opresión política e nacional vai vencellada ó establecemento da democracia a nivel do Estado e ó recoñecemento por éste da personalidade nacional de Galicia». Pra UPG a *galeguización* doutros partidos —engadir a G, empregar o galego nos panfletos— viría dada por mero oportunismo ante o crecente espallamento dos presupostos nacionalistas e chega a considerarse como única forza consecuentemente nacionalista ó bloque UPG-ANPG. Outros partidos tentan xustificar os cambios de nome e as súas relacións a nivel estatal: «foi a conclusión formal —ten dito o MC— dun proceso de discusión no que se manifestara esa necesidade en cada lugar precisamente pra axustar ou axeitar ese aspecto formal que é o nome do partido á realidade do que era xa o partido, ó seu carácter de partido extremadamente vencellado ás realidades das nacionalidades e das rexións, e particularmente identificado coas loitas de cada un dos pobos».

O que era un enfrentamento cáseque bipolar vai deixando paso a novas aportacións que enriquecen a polémica e aportan matices dos que haberá que falar noutro intre.

Outro tema que motivou moitas requeixas entre a esquerda galega e que aínda está no aer é a cuestión sindical. Poucos son os grupos que hoxendía manteñen a bandeira dunha central sindical única pra Galicia. A división entre as distintas centrais existente a nivel estatal tamén callou en Galicia. Por exemplo, na Coruña o pasado «Primeiro de Maio» foi imposible poñer de acordo ás centrais pra celebrar algún tipo de acto ou manifestación conxunta. Outra faciana da división é o reflexo que a nivel sindical ten a devandita polémica nacionalismo-españolismo.

Tentaremos agora pasar a unha descripción das forzas políticas en base a unhas claves fundamentais: datos propiamente organizativos, pactos, postura ante a propiedade (dos medios de produción), ante o problema nacional, etc.

## OS DE SEMPRE

Na clasificación anterior diferenciábamos *ultras* e *Alianza Popular*. Os dous grupos, nembargantes, son herdeiros directos do *franquismo* e mesmo do aparello do *Movimiento*. Os primeiros defenden a *pureza ideolóxica do 18 de xullo* e van, na nova xeira, camiño de constituiren grupos fascistas que empregarían a violencia —algúns xa o están a facer— ó estilo dos seus curmáns italianos, ou ben de se integraren na banda máis extrema da Alianza. Pra uns e outros, pornografía, separatismo e marxismo voltan a ser os demos que amenazan a España. A defensa da iniciativa e propiedade privada por enriba de todo ven completar uns principios xa vellos expostos moitas veces cun linguaxe apocalíptico e con grande aparello retórico. Os *ultras* teñen actuado tamén violentamente en Galicia. Amenazas á prensa —en decembro pasado un Frente Fascista Revolucionario prometía queimar o «Diario de Pontevedra» si continuaba reproducindo artigos de revistas roxas—, amenazas e atentados a militantes de esquerda, golpes contra manifestantes, etc. Fai uns días o local do PSPG sufríu un atentado cun cóctel. Non hai moitos datos pra falar de cifras de militantes: só algunhas novas nos xornais poden dar certa idea. En outubro de 1976 o presidente da asociación en Coruña de *Fuerza Nueva* reunía a sesenta simpatizantes pra escomenzar a súa afiliación. A *Guardia de Franco* parece ser outro grupo con relativa presenza nos sectores *ultras* en Galicia.

Noustante, Alianza Popular parece disposta a participar con todo entusiasmo no parlamentarismo, ó menos por agora. Nos comicios que se están a suceder por toda Galicia —co apoio de moitos alcaldes e autoridades—, onde teñen particular incidencia os grupos de Fraga Iribarne e Fernández de la Mora utilízase de novo o pantasma do *caos* (na familia, na sociedade, na economía) e a necesidade dun *orde forte*. «A democracia —repite-se unha e outra vez— é un método pra designar ós gobernantes, non aplicable a tódolos xeitos de autoridade; advírtese en España unha progresiva decadencia do principio de autoridade».

## ¿DEREITA CIVILIZADA?

A posíbel existencia dunha burguesía en Galicia disposta a xogar tódalas cartas da democracia aínda está por demostrar. Só algunhas individualidades, agora integradas no Partido Popular Galego (PPG), mostraron a súa oposición á dictadura en vida de Franco. A creación do Partido Demócrata Galego (PDG), do Partido Popular de Ourense (PPO), e do PGI veñen a abrir unha incógnita neste senso. O mesmo Santiago Alvarez, secretario xeral do PCG, afirmaba recentemente que no PGI había *auténticos demócratas*. O protagonismo de Meilán Gil —agora secretario xeral—, Pérez Puga, e Fernández Calviño, procuradores nas Cortes franquistas leva a que o partido sexa calificado por moitos de «neofranquista». O que si está claro é que amplios sectores do poder económico —Graña, Corzo, etc.— apolían ó PGI, a pesares de definirse como *social-demócrata*. O partido nado en decembro do 1976 ten moitas características que revelan a orixe *tecnócrata* dos principais fundadores. Declara *non representar intereses de grupo social algún*, fala da necesidade do *exercicio da liberdade creadora e da iniciativa privada*, e defende a *autonomía rexional e o recoñecemento da personalidade de Galicia*. Persoalidade destacada do PPO é Euloxio Franqueira, tanto polo que representa a nivel político coma económico. Con ámeto de actuación exclusivamente ourensán ben pode servirle o dito sobor do PGI. Fala dunha *ampla autonomía* pra Galicia. Ambolos dous partidos, xunto co PDG, de País Ferrín, integrado na «Federación de Partidos Demócratas y Liberales», participarán nas eleccións formando parte das candidaturas de Centro Democrático.

## OS DEMOCRATACRISTIANOS

Da fusión de *Unión Democrática de Galicia* (que medrou arredor de Xaime Illa Couto) e de *Esquerda Democrática* (García Agudín era o principal persoeiro) vai xurdir en 1976 o PPG. Recolle, por unha banda, a tradición demócrata-cristiá e, por outra, a de parte do *Partido Galeguista*. Forma parte do «Equipo Demócrata-Cristiano» e é abertamente partidario dunha estrutura federal do Estado. De feito apoiou ó «Chamamento dos 29» e participou nas conversas pra un *frente federalista* nas eleccións. A súa oposición a aparecer con partidos declaradamente comunistas, coma o MCG, parece que foi un dos principais atrancos pra que o *frente* saíra adiante. Os principios programáticos do PPG teñen dous eixos fundamentais: o partido defínese como *galego e federal* e con *base ideolóxica humanista e comunitaria*. «Coido que seremos —ten declarado García Agudín— o máis importante partido de Galicia entre dos democráticos». Pra Illa Couto o PPG debe representar a nova esquerda cristiá e humanista, existe un «desfase entre de minorías fortemente politizadas nun galeguismo moi á esquerda e a insensibilización de grandes sectores tradicionais, intertes ou reticentes... a filosofía cristiá pode dar solucións ahí. Por exemplo, na clase media, absolutamente desgaleguizada, nos grandes sectores do campesiñado... A extrema esquerda en certos sectores da clase media está a provocar reaccións contrarias de oposición, de xeito que se tende a identificar estratexia de extrema-esquerda con galeguismo».

## A SOCIAL-DEMOCRACIA

Tense dito que no saco da social-democracia colle de todo e a xuzgar polos que así se teñen definido parece certo. Quizaves sexa o programa do PGSD, e logo da ASDG, o único que recolla dende unha perspectiva galega a ortodoxia social-demócrata. Ultimamente encádranse neste sector a RSG (Dentro da Reforma Social Española de Cantarero) e o PSOE-histórico de Murillo Carrasco, por certo natural da Coruña. Reforma Social foi fundada por falanxistas frustrados que tentaron achegarse ó socialismo sen asumilo totalmente. Estevez Mengotti, concellal na Coruña,



é un dos principais representantes en Galicia.

A ASDG foi fundada este ano e está integrada na *Federación Social-Demócrata*, na que é persoeiro J. Ramón Lasuén. O PGSD foi creado en maio de 1974. Neste mesmo ano é impreso en Portugal un chamamento no que define cada un dos aspectos que lle dan nome: galego, social e democrata. Fala tamén dos «catorce pasos prá instauración dun réxime democrático xusto» e finda por declarar que o PGSD pula polo federalismo e a integración europea. Se a súa praxis dentro do *Consello* estivo sempre moi perto da UPG agora parece impoñerse unha liña máis moderada. Apoiou o «Chamamento dos 29» e participou nas conversas do *frente federalista*.

## O SOCIALISMO

Dos tres partidos socialistas con presenza en Galicia só un, o PSG, foi fundado en Galicia e nela traballa exclusivamente. Dos tres só o PSOE recibe o apoio da Internacional Socialista. No comité executivo do PSOE non hai, agora mesmo, ningún representante da FSG. A Federación celebróu o seu propio Congreso —ó que asistiu Felipe

González— en febreiro deste ano, nomeándose unha comisión executiva pra Galicia. Dende o primeiro intre o PSOE mostrouse disposto a ir só ás eleccións: «penso —dixo F. González— que é necesario pra unha clarificación o concurrir cada partido co seu programa. A contra non se sabería quen está a gañar as eleccións». Como é sabido, o partido fundado polo ferrolán Pablo Iglesias no ano 1879, promove a nivel sindical á Unión Xeral de Traballadores (UGT). Se o PSOE traballa en Galicia a través dunha Federación, o PSP —antigo Partido Socialista do Interior— ten como partido federado, segundo o artigo 29 dos seus estatutos, o PSPG. O partido que a nivel sindical participa da «corrente unitaria» das Comisiones Obreiras, está definido sobor de todo pola forte personalidade de Tierno Galván, a quen se lle ten calificado como *socialista humanista*. A asistencia masiva ós comicios organizados polo PSPG débese nunha grande parte á súa *vello profesor*. Anque PSOE e PSPG recoñecen o dereito á autodeterminación poñen como teito ó mesmo a autonomía —postura que pra moitos non deixa de ser un xogo verbal—. Os dous estiveron xuntos na Táboa, anque o PSPG tense máis achegado agora ós presupostos fe-

deralistas, apoiando o «Chamamento dos 29» e participando nas conversas cara ó *frente*.

No ano 1931 Xoán Xesús González e un fato máis de socialistas galegos deixan o PSOE e deciden constituir a Unión Socialista Galega. Este feito é reivindicado polo PSG coma un antecedente histórico. O partido nacéu no outono de 1965 a partir dun grupo no que predominaban intelectuais e profesionais. Algúns dos seus fundadores participaron con anterioridade no *Consello da Mocidade*. Destes primeiros tempos, nos que a presenza do PSG é máis ben testimonial, até 1973, ano no que firma xunto coa UPG un análise sobor de Galicia, vaise producindo unha progresiva radicalización. Durante algún tempo vai formar parte da Federación de Partidos Socialistas, que abandonou recentemente. En maio de 1975 fundouse o Movemento Socialista de Galicia que vai ter presenza cáseque exclusivamente en Vigo. MSG e PSG chegarán á fusión en xuño de 1976 e neste intre faise público o proxecto dun congreso do socialismo galego. «Os oinxetivos estratéxicos fundamentais do PSG resúmense na construción dunha sociedade socialista nunha Galicia ceibe», declara-se no número 2-3 de «Galicia So-

cialista». Autodeterminación, anticolonialismo e anticonformismo van ser as tres liñas de loita contra a situación que sofre Galicia, «unha comunidade nacional subdesenvolvida e colonizada». Entre problemas internos, motivados por distintas causas, o PSG apoiou o «Chamamento dos 29» e participou nas conversas pra chegar ó *frente (ou alianza) federalista*, na que sería o hipotético eixo. O non dar resultado decidiu ir con listas propias ás eleccións.

Dentro do apartado do socialismo habería que incluír tamén ó Partido Carlista de Galicia (PCaG). As dúas características que eles salientan son: socialismo autoxestionario e estado federal. O marxe dunha continua historia de escisións tradicionalistas de claro matiz dereitista e integrista, o partido que oficialmente se di «carlista» rachou claramente co réxime franquista despois do seu primeiro congreso de Narbonne, cando Carlos Hugo de Borbón Parma era expulsado do país polo goberno en 1968.

(No próximo número de TEIMA publicaremos un longo traballo sobor do comunismo en Galicia, ademais de analizar o movemento asambleario nacional-popular e o anarquismo).

## Cronoloxía

# A percura dunha unidade imposíbel (1974-77)

MARZO, 1974.— Preséntase en Viana do Castelo (Portugal) a *Xunta Democrática de Galicia*. Este organismo estaría formado polo Partido Comunista de Galicia (PCG), Partido Socialista Popular Galego (PSPG), Partido do Traballo de España (PTE), Comisiones Obreiras (CC.OO.) e personalidades independentes, coma Víctor Moro (logo director xeral de Pesca), Paz Andrade (logo membro da Comisión Negociadora), Álvarez Gándara (entón do Movemento Socialista Galego), e García Agudín (que representaría á Xunta na «cumbre» celebrada en París a encetos do ano 1976). Antes, en decembro de 1973, PCG, MCE de Galicia, Partido Socialista do Interior, PSOE de Galicia e Izquierda Democrática-cristina, firmaron unha declaración conxunta que ben pode considerarse un antecedente do que logo sería a Xunta. A Xunta Democrática pronunciouse pola ruptura democrática e «pola restauración dos estatutos de autonomía».

ABRIL, 1975.— Presentación, tamén en Portugal, da Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG). Tentará ser no seu comenzo un organismo suprapartidario e non unha plataforma conxuntural senón unha solución estratéxica cara á institucionalización do poder popular galego. Defínase como «unha plataforma non partidaria de forzas nacionais e populares». Apoiará ó Consello hastra a crise de novembro de 1976.

XANEIRO, 1976.— Formación do *Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG)*. Nun principio participarán Unión do Pobo Galego (UPG), Partido Socialista Galego (PSG), e Partido Galego Social Demócrata (PGSD). Logo entrarían

Movemento Comunista de Galicia (MCG) e Partido Carlista Galego (PCaG). Loitará por «unha estrutura federal ou confederal do Estado» e afirma que a alternativa democrática galega só a poden levar adiante as forzas políticas galegas que contén «coa indispensable autonomía».

ABRIL, 1976.— O *Consello* fai públicos dous importantes documentos: «*Proxecto de medidas económicas pra un programa de Goberno Provisorio Galego*» e «*Bases constitucionais pra participación da nación galega nun pacto federal e de Goberno Provisorio Galego*». Os documentos en cuestión, moi elaborados, pretendían sentar unha alternativa concreta dos nacionalistas diante do vello estatuto autonómico do 1936, de xeito que os defensores deste xa nin poidesen reclamaren a inexistencia doutra proposta de artellamento federalista máis adiantada.


XULLO, 1976.— Chegase á definitiva constitución da *Táboa Democrática de Galicia*. Aparece coma «organismo de loita e negociación unitaria en función da ruptura democrática», concebindo esta como só posíbel a nivel de todo o Estado. Xunto cos membros da Xunta Democrática, agás os independentes, participarán neste organismo a Federación Socialista Galega do Partido Socialista Obrero Español (FSG-PSOE), Organización Revolucionaria de Traballadores (ORT), Unión Sindical Obreira (USO), Información Obreira (IO) —que logo participou na formación do PCU agora fusionado co PTE— e Unión Xeral de Traballadores (UGT).

NOVEMBRO, 1976.— Crise do *Consello*: rachan con este organismo —ó non cumprirse unha serie de esixencias que plantexaran— a UPG e o PGSD. ANPG retira o seu apoio. Queda formado por PSG, MCG, e PCaG.

XANEIRO, 1977.— ORT e PCU, PTE xa o fixera, retiran o seu apoio a Valentín Paz Andrade, que fora elixido polos partidos da Táboa pra formar parte da Comisión Negociadora que levaba as conversas co Goberno Suárez.

MARZO-ABRIL, 1977.— Conversas entre diversos partidos pra chegar a puntos comúns e ir xunguidos ás eleccións. UPG e ANPG forman o chamado «bloque nacional-popular». PPG, PGSD, PSPG, PCaG, PSG, e MCG non chegan a un acordo pra constituir o «frente ou alianza federalista». Cáseque toda a esquerda, pois, irá dividida ás eleccións.

# sucede no país



**A** marxe da ameixa e a nécora —as outras dúas riquezas da ría de Muros-Noia—, a mazá da discordia ven sendo dende hai tempo o berberecho, sen o que, ó decir dos mariñeiros, «non poderíamos aguantar nas nosas casas, nin vivirmos coa familia un mes durante o ano». Algúns non puideron vivir e emigraron —«a verdade é que os mariñeiros temos que emigrar»—. Xa hai tempo que os homes da ría saben de sobra que aquilo non marcha. Agora mesmo son máis de mil os mariñeiros de verdade das catro cofradías, Portosín, Noia, Boa, Muros e Porto do Son. Pro todos din que se a ría se explotara en condicións poderían vivir dela máis de cinco mil mariñeiros. ¿Qué é o que pasa logo? Denantes de daren unha resposta, os mariñeiros mataron, botaron contas, voltaron a vista atrás sen medo e despois dixeron: «os señores da cofradía de pescadores deben dimitir, pra que os mariñeiros poidamos elixirlos nosos representantes, sen intermediarios; os da cofradía son alleos, e cando un alleo se mete nunha cousa é porque algo quere, ninguén dá nada de balde». Claro que non se quedaron somentes nas declaracións e pra empezar constituíron unha promotora, xerme do futuro sindicato único dos mariñeiros de Noia, Boa, Portosín, Porto do Son e Muros.

## CARNES A 300 PESETAS

«Queremos que a Cofradía sexa dos mariñeiros, queremos controla-lo mar (vedas, zonas, tamaños, horarios); queremos vender e controla-la pesca dende que sae do mar hastra que chega ó prato e empregámo-lo tanto por cento que dela se deriva en milloras pra todos nós. Agora mesmo todo isto vennos dado por personas alleas ó mar, ós que non lles interesan nada os problemas que poidamos ter».

¿E o marisqueo? «Nós temos que selos reguladores dos bancos de berberechos e ameixas, os que impoñámolas condicións a quen queira mariscar, tendo en conta que se prohibirá o marisqueo a tódolos que non sendo mariñeiros teñan outros bens de fortuna, caso

«¿Qué fixo a Cofradía hastra agora por nós? Nada. ¿Qué poden face-los dirixentes? Dimitiren. ¿Qué podemos facer nós, os mariñeiros? Un sindicato dos mariñeiros. Os homes que traballan a diario na ría de Muros-Noia non tiveron medo das verbas cando esta revista lles preguntou pola súa situación e os seus proxectos. «Non queremos seguir sendo criados dos que antes nos chamaban pra rebaixarnos, «berberecheiros», porque o mar é noso». Son os primeiros pasos pra un cambio na ría. X. PALMEIRO encargóuse de preparar esta reportaxe.

## Noia, Muros, Portosín e Porto do Son

# Cofradía perde, sindicato gaña

de tabernas, ultramarinos, carnicerías, talleres, etc, pois diso viven todo o ano».

O tema do berberecho non deixa de chama-la atención. Denantes, ou sexa, anos atrás, a campaña berberecheira, dende o outono, duraba uns seis meses. E veleiqué que agora só dura trece días !. ¿Onde está o truco? Nin mais nin menos que na entrega de carnés por parte da cofradía. A venda de carnés que é un pouco a venda da ría. Foi sonado, por exemplo o carné entregado ó cura de Boa. «Estes señores aseguran a colleita denantes de empezar, vendendo carnés a tódolos bechos vivintes que o solicitan. Os carnés véndense por trescentas pesetas. E cando chega o outono, todo o pobo pecha as portas pra se botar ó mar. ¿Qué dirían se os mariñeiros fixesemos outro tanto?».

## MOITOS MILLONS E SEN PORTO

Todo iso asegura o control das vendas dun xeito unilateral por parte da cofradía. «Non sabémo-los caixóns de berberecho que entran nin o que se recauda; tampouco podemos sabe-los

mariñeiros cántos caixóns leva cada camión». O parecer, nos primeiros días —que son tamén os derradeiros— saen uns dez mil caixóns, cada un con cincuenta kilos».

Tendo en conta que cada comprador paga á cofradía corenta pesetas por caixón, atopamos unha primeira recaudación de catrocentas mil pesetas. Pro iso non é todo. «Por algo non nos aceptan a petición de que se compre unha ou varias básculas, por algo son señores alleos quen comproba o que leva cada camión. Ademais, o peor é que non sabemos qué destino se lle dá a todos eses cartos, ó final moitos millóns. Somos comparsas que non podemos dispoñer de nada diso que tanta falta nos fai. Así que unha vez rematada a campaña do berberecho non queda nada».

¿Obras del Puerto? «Estes levan máis por cada caixón que a mesma cofradía. O ano pasado embolsaba o 2'08 por cen. Unhas 150 pesetas, botando contas de que o caixón se vendía a un precio de 3.400 ou 3.500 pesetas.

Bueno, pois todo esto vai pra fóra e por riba, nós non temos porto, nin muelle, nin luces de entrada e saída na escoleira. E poderíamos ter un dos millares portos da zona se eses cartos se administraran como Deus manda polos mesmos mariñeiros».

Os mariñeiros da ría de Muros-Noia están decididos a loitar pra que non lles rouben o mar. «Queremos que tódalas concesións que lles deron ós de terra sen contar connosco pra nada, que nos las devolvan, pois o mar é noso e ninguén pode dispoñer del sen contar connosco. Ademais, o que pagamos na lonxa, na cofradía, na axudantía, en obras do porto... todo isto ten que ser pra nós, pra barcos, pra casas, pra aparellos, pra seguro de desemprego e pra moitas outras cousas que agora non temos».

## E ADEMAIS, CONTAMINACION

Por se todo isto non fora pouco, os mariñeiros denunciaron tamén a esta revista os perigos da contaminación da ría. «Hasta hai algún tempo, o río era un criadeiro de caramuxa, anguía, solla, muxo, troitas. Agora non hai nada. Todo está morto dende que unha empresa de coiros, que desenrola aquí o proceso máis perigoso, dando traballo somentes a cinco ou seis persoas, verque os seus desperdicios no río». Están ademais os talleres de reparación, matadeiro, marmolistas... que tamén botan os seus desfeitos ó río. E logo a vila que, sen depuradora nin cousa que se lle pareza, bota tamén todo o que lle sobra que non é pouco, camiño da ría. «As autoridades non se acordan de que no río non hai vida. Ben pode comprobarse ó longo da avenida de San Lázaro».

Tódalas preocupacións veñen xuntas prós mariñeiros de verdade, únicos donos da ría, como eles din «cando hai que limpar, sementar, facer vixilancias, etc.» Agora queren xuntarse pra afrontar todos estes problemas. «Moitos, tantos que habería pra falarmos toda a noite e non acabariámos».

## MARIÑEIRO PRA UNHA PROMOTORA

O sindicato que tratan de impulsa-los mariñeiros da ría de Muros-Noia sería único, democrático, de clase, independente e de base. «Queremos que os que nos representen sexan elixidos pola asemblea xeral, órgano máximo do sindicato, que terá que ser independente de grupos políticos, estado, igrexa ou calquera ideoloxía que non sexa a defensa dos nosos intereses».

¿A relación coas Cofradías? Antes de nada, tacer que tódolos que están nelas presentan a súa dimisión e poñan todo a disposición dos mariñeiros. Deste xeito poderemos renunciar, estudia-los problemas que teñamos e buscarlles entre todos solucións. Queremos unha cofradía pra todos».

Os mariñeiros encargados de espoñar a TEIMA a idea do sindicato que desexan poñer a andar foron: Xerónimo Agrafoxo Arestíño, Salvador Fernández Gómez, Ramón Iglesias Lires, Ramón Lires González, Ezequiel Ferreiro Vilas, Xosé Manuel Méndez Creo, Xoán Alcalde Tudío e Ramón Louro Romáil.

Eles e outros fixeron xa realidade o proxecto da promotora. «Queremos que tódolos mariñeiros coñezan ben todo isto», dixeron.

## COFRADIA: MARIÑEIRO, NON

«Os homes das Cofradías, dixeron a TEIMA os mariñeiros, teñen sempre gañadas as eleccións. Pra algo están as vendas dos carnés. Ademais, non son mariñeiros, nin os eliximos nós. O número de votantes é sempre superior con moito ó dos mariñeiros».

Un repaso á lista dos homes do Cabildo da cofradía de Noia pode axudar a aclarar un pouco a situación.

Manuel Castro Blanco. Tractorista.

Manuel Torea Noia. Carniceiro.

Benito Ferreiros Noel. Mecánico.

Victor Xosé Suárez Míguez. Propietario dun bar e unha cetárea.

Antonio Bouza Maceira. Tractorista.

Pedro Ameneiro del Río. Mariñeiro.

Felipe Agra Gudín. Mariñeiro.

Xosé Ramón Nine Caamaño. Oficios múltiples.

Manuel Caamaño Fernández. Tampouco é mariñeiro profesional.

Agapito Martínez González. Mariñeiro.

Do Patrón Maior, Xosé Ramón Gil Iglesias, abogado con bufete na vila, e industrial, dixeron os mariñeiros: «Na súa vida foi ó mar e endexamáis falou connosco nin sabe o que nos pasa e nos preocupa». Así están as cousas.



## sucede no país

«Metalúrgica Galaica S.A.» era, polos anos sesenta, unha medianaña empresa de laminado de ferro. Nestes últimos quince anos e apoiándose no desenvolvemento industrial de Ferrol, os tres irmáns Freire fixeron medrar moito a súa fábrica. Claro que con tantas presas, ás veces, ós señores Freire esquencíalle pedir licencias de obras ou construían brincando por riba da lexislación. Sonlles cousas que pasan por Xubia, axuntamento de Narón.

### Xubia-Narón

# ¡Así calquera, Megasa!

Era aló polo remate dos anos sesenta e Xubia —coma tantos pobos e vilas da bisbarra ferrolá— empezaba medrar con ritmo moi forte. Fíxose preciso, entón, unha planificación do terreo pra delimitar cais serían as áreas industriais e cais as urbanas. Segundo o anteproxecto, a mediana empresa que era daquel entón «Metalúrgica Galaica S.A.» quedaba separada da futura rúa das Somozas por un solar —área urbanizable— de 250 metros. Por varias veces, os irmáns Freire tentaron mercar ese terreo, pro o dono non o soltaba senón era pra urbanizalo. Por fin, servíndose dun socio que tiñan fóra da cidade, os donos de *Megasa* fixéronse cunha boa parte da finca.

#### PRIMEIRA ETAPA

Os veciños de Xubia, anque tiñan unha certa confianza en que o solar fora pra vivendas dos traballadores, andaban coa mosca tras da orella. Por iso, cando as primeiras excavadoras viñeron achaira-lo terreo, marcharon xunto ó alcalde pra que mirara que o solar aquel non era área industrial.

«Don Marcial Calvo empeñou a súa palabra en que alí non deixaría construír nada. ¡Miller fora que non o fixera! Dalí a pouco, ben se viu que empresa erguía os cimentos dunha construción».

Diante deste feito, 49 veciños mandan (4-7-73) un escrito á alcaldía denunciando a *Megasa* por emprender obras sen licencia municipal e por infrinxir-lo Raxamento de Actividades Molestas, xa que nin tiña sistema colector pra recoleita do fume. Mes e medio despois, cando xa estaban rematadas as obras, *Megasa* presentou un escrito no axuntamento pedindo licencia pra ampliación da empresa. Vendo que na alcaldía daban a calada por resposta, os veciños dirixíxense (11-9-73) ó Goberno Civil dándolle conta da protesta presentada ás autoridades de Narón. Seis días máis tarde soubóse que o gobernador requería á alcaldía pra que, no

prazo de oito días, esixira que a empresa montara o colector de fume.

«Pasaron oito días e nada. Pasaron oito semanas e nada. Pasaron oito meses e tampouco. Por fin, ó cabo dun ano de abafarnos cun cheiro de raio, puxeron o aparato pra recolle-lo fume».

Perdida esta primeira batalla, pouco tardaron os veciños en volver ó ataque e mandar (29-11-73) outro escrito ás autoridades pra esixir-la paralización das obras de *Megasa*, porque non respectaba as Normas de Ordenación: as construcións industriais ten que deixar un espazo mínimo valeiro de cinco metros respecto das vivendas e «Metalúrgica Galaica» non deixaba nin milímetro. Pra que non pasara o da vez anterior, ó día seguinte xa estaban escribindo Goberno Civil pra denuncia-las irregularidades da empresa. Pro esta vez, os veciños tiveron peor sorte: nin constataría o axuntamento, nin costestaría o gobernador.

E por estas datas —primeiros do 74— cando rematan as primeiras medidas de *Megasa*, etapa na que a empresa botaba man de trapalladas de pouca monta pra poder escapar das normas legais e poder construír ó seu aire: era cando presentaba peticións de licencias de obras tendo xa a construción feita; era cando se hacía a preguzeira pra fuxir das disposicións do Goberno Civil; era cando en Xubia se comentaba a grande influencia que os irmáns Freire tiñan diante do alcalde —señor Marcial Calvo—, home a quen sempre lle esquencia responder ós escritos en que os veciños denunciaban as irregularidades da empresa.

#### SEGUNDA ETAPA

Nos primeiros meses do 76 virán pra «Metalúrgica» as segundas medidas. A cousa vai tan boiante que, como antes, os señores Freire botan man dos vellos trucos con tal de non perder tempo. Así, o 26 de xaneiro, a alcaldía comuni-

ca ó pobo de Xubia que ten un prazo de dez días pra facer alegacións contra do proxecto de ampliación da factoría de laminado de ferro, sendo que esta obra estaba xa rematada. De tódolos xeitos, presentouse un escrito rexeitando as obras da nova pranta de fundición, ó tempo que se esixía a adopción de medidas que remataran co cheiro e ruidos da «Metalúrgica».

Nove meses máis tarde, repítese a historia: os irmáns Freire piden licencia pra construción de dúas novas naves. Os veciños impugnan o proxecto da empresa e volven denuncia-las graves molestias que causa.

«Ten unha ponte-grúa que non para de da-la lata polas noites. Raca-raca de tanto deslizarse polos carrís e por riba o cataplum final ó bater contra o tope. Ten, tamén, un grande martelo, empregado pra face-los buratos das columnas que de tantas vibracións como produce ténnolas casas cheas de regañas».

Será neste ano cando *Megasa* consiga algo realmente difícil: poñer en contra súa a veciños, axuntamento de Narón e delegación de Industria. En febreiro, un pleno da corporación decídese a conceder licencia de obras a «*Megasa*» ó tempo que se manda á Coruña o proxecto, onde Industria mandaría rectifica-los planos.

Se na súa primeira etapa, *Megasa* se afixo a molla-los pés na ilegalidade, nesta segunda etapa demostra non ter moitos escrúpulos en poñerse, de pés a cabeza, fóra da lei. Suspendidas as licencias municipais dende hai un ano, «Metalúrgica Galaica S.A.» comenzou no mes de setembro pasado a construción de dúas novas naves. Por se fora pouco, as obras seguen adiante a pesares de que o axuntamento de Narón lle negou o permiso de obra e de que na delegación de Industria lle mandaron rectifica-los planos.

¡*Megasa, Megasa!* ¿a quen terás detrás que tanto pesas?!

Liúona ben gorda o director da Caixa Xeral de Aforros de Ferrol por culpa de non querer facer caso dunha carta escrita en galego. Moitos ferroláns saltáronlle á chepa pra cantarlle as corenta e, aínda, pra pedir-la súa dimisión.

### Ferrol

## La Caja quiere hablar bien

Con graves dificultades económicas pra se manter en pé, o Centro Sico-Social de Ferrol puxo un pouco a súa salvación nas axudas que lle puidieran presta-las entidades públicas e privadas. Unha destas axudas pedíuselle á Caixa Xeral de Aforros da cidade, quen respondería cunha aportación de 12.000 pesetas. Diante deste feito, a Comisión Xestora do Centro foi falar co director da Caixa —señor Pujalte— pra explicarlle que aquela cantidade era unha donación ridícula. Os siquiatras da Xestora levaban consigo unha memoria de feitos do Centro e unha carta, escrita en galego, na que 740 persoas lle pedían que aumentara radicalmente a subvención pró Sico-Social.

O señor Pujalte non lle gustou nada que a carta viñera en galego e aínda lles dixo ós homes da Comisión Xestora que escribir en galego era un detalle de moi pouca delicadeza.

A resposta chegaría axiña e ben cargada de bombo. Os mesmos firmantes —moitos deles engadían o número da súa conta na Caixa— da primeira carta emitiron un comunicado público no que denunciaban o desprecio do director por unha lingua que é precisamente na que falan os milleiros de homes que sosteñen a Caixa Xeral de Aforros e o privilexiado posto que nela ten o señor Pujalte. Despois de lembarlle que hastra o rei Juan Carlos tiña falado nese idioma que tanto lle disgustaba, os firmantes da nova carta espetábanlle ó señor director da Caixa que demostraba ter un descoñecemento ben fondo dos problemas da cidade se pretendía solucionar-los do Centro Sico-Social con 12.000 pesetas.

Aínda é hoxe o día que os ferroláns agardan por unha rectificación do señor Pujalte amais de que o Consello de Administración da Caixa de Aforros decidase por dar unha axuda económica considerábel pró Centro Sico-Social. O curioso do caso é que mentres a Caixa parece ir deixando pasa-las cousas pra ver se morren por sí soas, ós veciños non lles esquencen a rectificación nin os cartos. A cousa vai tan en serio que o Partido Socialista Galego pensa levar adiante —se non se satisfacen estes dous puntos— unha campaña pra que os cidadáns retiren as súas cartillas de aforros da Caixa Xeral de Ferrol.

# • LIBREIRIAS •

**A Cruña**

montero ríos, 50  
teléfono: 59 36 55  
Santiago



**abraxas**

**Lugo**

**Celta**

librería  
papeleiría  
imprenta

s. marcos, 29 - tlfno. 213775

**Ourense**



**Gráficas Tanco**

librería  
papeleiría  
encadernación

josé antonio, 20 - tfno. 21 17 42


**Pontevedra**

**Seoane**

LIBREIRIA - PAPELEIRIA

García Camba, 6

Tfno: 85 72 46







Salustiano cos seus curmáns, Fidel e Raúl Castro. Na fotografía, tamén, os fillos de Raúl e do dirixente cubano Almeida. Fidel apoia as súas máns no lombo de Lidia, irmá súa nada no primeiro matrimonio do seu pai, e máis da muller que coida a aquela. A fotografía está tomada na Praza da Revolución, logo do desfile conmemorativo do Vinte Cabodano.

# Fidel Castro

## Galego a medias

(Conversa co seu curmán)

«De chegar a Galicia, Fidel sentiríase moi ledo de se atopar con familia súa e visita-la casa onde nacéu o seu pai e máila súa tía —miña nai, Xoana Castro— e sentir perto as súas raigañas e as dos seus alá en Cuba», dixo a TEIMA Salustiano López Castro, curmán de Fidel, cando falamos con el na súa casa de Armea, perto de Láncara, a poucos kilómetros de Sarria (Lugo). A Salustiano quédalle unha irmá, Estrellita, que vive en Sarria. O outro, Florencio, o vintasete de marzo fixo un ano que se suicidou. Morta xa hai tempo Xoana Castro, Salustiano e máis Estrellita son a familia que, hoxe, lle queda en Galicia a Fidel Castro.

XAVIER NAVAZA

Salustiano traballa na venda do xamón («¿vosoutros non coñecedes a ningún en Santiago que queira mercar uns xamóns?», preguntóunos) e máis de peón camiñeiro na estrada de Sarria a Becerreá: «O salario de camiñeiro non dá pra moito, ¿sabes?», engade Salustio, «Salus», como lle chama Dosinda, a criada que vive con el en Armea. Salustio, Salustiano, «Salus» ten dúas vacas e unhas terras que lle quedaron da nai, Xoana Castro. A fins do mes de Santos marchou a Cuba, invitado pola familia, e botou alí hastra últimos de febreiro: «Fidel e máis Raúl teimaron moito pra que eu quedara a vivir con eles na illa pro, xa ves, ós meus anos —Salustiano ten 61 cumpridos— xa botéi

demasiadas raíces nesta terra e non estou mal entre os meus amigos e na miña casa...»

Na casa de Armea xa non hai lareira: «Levéina a Cuba porque Fidel estaba moi interesado en tela pra instalala nunha casa de campo que teñen en Oriente». Dosinda, a criada, dille a Salustiano que fixo mal, que millor fora que se quedara alí que aquilo é millor clima e váille millor prá súa saúde porque Salustiano non ten en bon estado o seu estómago. «Fidel quería —comenta Salustio— que mamá fora a Cuba. Fidel quería moito a miña nai, súa tía, e sempre lle enviou cousas namentres ela viviu. Moitas veces viñeron delegados cubanos a visitala. «Acórdate da túa tía de España»

Salustiano L. Castro: «Fidel sentiríase moi ledo de se atopar coas súas raigañas galegas».



—lembra Salustiano—, dixo a nai de Fidel cando morría». E Fidel nunca a esqueceu. Pro mamá nunca se atrevéu a ir a Cuba e, logo, morreu ela tamén sen chegar a coñecer o seu sobriño, Fidel Castro».

«A mamá trouxérona moi nova de Láncara pra Armea e criárona pra que traballara e logo deixarlle a casa. Primeiro xa viñera o tío Anxo, logo o tío Gonzalo —que morreu na Arxentina—, todos irmáns de Fidel... O final ningún deles quixo parar en Armea e mamá foi quen quedou coa casa. Daquela, o seu outro irmán, pai de Fidel, xa estaba en Cuba casado por segunda vez. Tivera dous fillos coa primeira muller: «Lidia e máis outro que está en Vene-



Fidel Castro mira pró pote galego que Salustiano, o seu curmán, lle levóu como regalo. Fidel ten na súa casa, tamén, a lareira que denantes estaba na casa de Salustiano en Arnea, perto de Sarria (Lugo).

zuela», di Salustiano. Da segunda boda ían nace-los demáis: Ramón, o máis vello, e Fidel, Raúl, Angelita, Xoana, Agustina...

O pai de Fidel fora, no 1898, á guerra en Cuba: «O remata-la guerra voltóu pra España. Xa tiña, den- de que coñecera Cuba, a idea de marchar outra vez para alá. Eiquí

non paraba, cáseque nunca estaba en Lánara, sempre en Madrid... Trouxéranos unha vez pra que traballa- ramos na terra, pra que estivera aquí, pro nunca quixo tal cousa». ¿Qué profesión tiña? «Boh... —Salustiano fala con retransa e rise con ga- nas—. ¿Qué profesión ía ter? O pai de Fidel, meu tío, era un xogador,

iso é o que era... ¡Moito lle gostaba o xogo, Deus! Se quixer, podía vivir do xogo. Mira, unha vez, cando es- taba aquí, xogóu unha partida que duróu tres días e tres noites. Fora cun home de Carracedo, perto de Lánara, que tiña unha tenda á que chamaban a de Don Ventura. Meu tío ganóulle a Don Ventura a casa,


a tenda e todo, contra mil pesos que xogaba el, aínda que logo pasóulle e non quixo cobrar».

Logo, en Cuba, chegaría a facer moitos cartos e casaría por segun- da vez. «Sí, en Cuba fixo moitos cartos —suliña Salustiano—, pro cando chegou traballóu moito. Nos primeiros tempos traballóu no ferrocarril. El, anos despois, diría o mesmo moitas veces: «Mira —de- cía o pai de Fidel—, neste ferroca- rril traballéi eu, moito traballéi eu con pico e pa, en zapatillas...» Logo chegou a montar unha sociedade de pequenos almacéns que foron medrando co tempo. Cando morréu tiña xa moitísimos cartos. Chegóu, a ter, mira unha finca con setecentas cabalerías en Oriente, na provincia de Santiago de Cuba. Agora, uns arqui- tectos están a restaura-la casa e qué- rena deixar coma nova porque moitas cousas foron destruídas coa revolu- ción».

«O pai non parece que conxe- niara moito coas ideas do fillo e, mesmo, hastra Fidel agardóu a des- pois da morte do meu tío pra levar adiante, definitivamente, a revolu- ción. Fidel tíñalle moito respecto ó seu pai. Pro cando foi o asalto ó cuartel de Moncada aínda vivía e mesmo salvóu ó seu fillo e a algúns compañeiros, dándolles asilo e es- condéndollos namentres outros mor- rrían fusilados. Mesmo os pasóu, despois, a México. Pro parece que Fidel reservóuse moito namentres vivíu o pai». Eran os anos da revolu- ción armada e en Cojima, a oito kilómetros da Habana, está a casa onde Fidel planeóu o movemento. Alí, na mesma casa, Salustiano pa- sóu tres meses coma invitado do presidente, o seu curmán Fidel.

Salustio está decidido: «O máis grande que hai é a autoxestión. Agora, Cuba é un país novo, con forza e moita vida. Todo o mundo está cheo de ánimo e de entusias- mo. Vese que, se algún problema hai, fala Fidel e todos se conforman co que sexa. O que diga Fidel é o norte da poboación». Pra Salustia- no, Salustio, «Salus», «Fidel é do millor que hai: é un home forte e sinxelo e, de vir a Galicia, viría di- rectamente a Arnea, a Lánara. O meu xuicio, viría directamente a esta casa. Fidel ten moitísimo inte- rés pro, claro, farán falta moitos permisos oficiáis ou non sei. O seu interés está en coñecer Galicia. E a Raúl pásalle o mesmo. A toda a fa- milia pásalle o mesmo. Todos que- ren coñecer Galicia».

¿Fidel non ten fillos? «Sí, ten un fillo, pro eu non o víñ cando estiven alá». ¿Onde lle vai a muller? «¿A muller? ¡Menudo bicho é a muller! Están separados dende hai moito tempo. Xa ela traicionaba a Fidel cando este andaba a prepara-los plans de guerra, a revolución contra do Baptista. Seica, ela era algo ou



«O máis grande que hai é a autoxestión. Agora, Cuba é un país novo e con moita forza. Fidel, o primeiro que fixo foi reparti-las súas propiedades. Síntome orgulloso de te-la virtude de ser da súa familia».





Salustiano está a remexer na queimada que fai, logo de xantar, entre a muller de Raúl Castro e dunha filla desta.

non sei qué da familia de Baptista...» Salustiano en total acordo con que a muller de Fidel é un «bicho»: «Pro Fidel é maravilloso. Estou moi orgulloso por te-la virtude de ser da familia de Fidel. E un home grande e moi familiar, a min recibíume do máis grande que se poida dicir, a miña estancia en Cuba non a poderéi esquecer.

«Por sorte —engade Salustiano— tiven necesidade de moitos médicos en Cuba. Xa eu non estou moi ben do estómago e alí fixéronme varios chequeos cos millores médicos. Puxéronme, tamén, unha dentadura nova e mercáronme unhas gafas con auriculares pra ouvir millor e lentes con larga e corta visión». Salustiano está orgulloso, xa queda dito. Foi a Cuba e levoulle a Fidel a lareira da súa casa. Tamén lle levóu un pote galego e un xogo pra facer queimada. Alí, na casa dos seus curmáns, Salustiano cociñou un día pra facer caldo galego. Fidel, seica, tomou nota da receita e pasóulla ó cociñeiro. Salustiano pasara, en Cuba, tres meses inesquencibéis. «A antiga facenda de Fidel é hoxe unha explotación comunal agrícolá pro Fidel conserva a casa que pertencera á súa nai», salienta Salustiano. «Fidel é un home grande —di, síntome orgulloso de ser curmán seu».

«O pai de Fidel, meu tío, ¡moito lle gustaba xogar ás cartas, Deus!



YÁÑEZ



Salustiano sae por muiñeiras coa filla maior de Raúl Castro: «Todos teñen moitísimas ganas de coñecer Galicia; e de viren, ó meu xuício virán directamente a esta casa de Armea ou a Láncara», comenta Salustiano.

# pobos ibéricos

Matrículas de tódalas partes, especialmente de Madrid e provincias circundantes, enfileiraron a estrada sen alquitrán que une Villalar coa nacional 525, a uns quince kilómetros de Tordesillas. Pro tamén as había de Barcelona, Valencia, Galicia e Andalucía, Bilbao e Asturias, con bandeiras de cada nacionalidade. A chaira enchéuse de coches, baixo unha calor forte e seca. Na praza do pobo, unha coroa de loureiro fixo presentes ós comuneros mortos, entre a luz poética e dura dos versos de Luís López Álvarez, namentres unha bandeira negra de varios metros rompía o fragor das bandeiras e pendóns con berros libertarios. Aló estaban os hedillistas pedindo autoxestión e tódolos grupos da esquerda democrática berrando contra Fraga, posíbelmente co disgusto dos homes de Alianza Popular que tamén participaban na festa rexionalista.

## OS PARTIDOS APOIARON

A convocatoria fixérona «Alianza Regional de Castilla y León» e o «Instituto Regional Castellano Leonés», organismos culturais situados ideoloxicamente nunha política liberal rexionalista. O caso é que a convocatoria foi acolleita e potenciada polos partidos que cubren o espectro político da rexión, desde Alianza Popular á Liga Comunista Revolucionaria. A mistura viña a facer do acto un paradoxico encontro, precisamente cando a maioría das pancartas que se erguían con tódalas cores das múltiples militancias protestaban contra das centráis nucleares de Soria (río Duero), de Juzbade (río Tormes) e Sayago, e contra da estrutura capitalista e imperialista que impón o seu mandato nas terras e nos traballadores casteláns. «Autonomía sí, pero de clase», berraban os da oposición democrática, tendo á beira unha grande pancarta da «Asociación Democrática de Soldados».

Nos discursos, que non mítines, houbo de todo. Falaron os permitidos. Por unha banda, o alcalde de Villalar, Félix Calvo Casasola. Logo Alfonso Prieto, decano de Dereito en Valladolid e presidente de «Alianza Regional», con palabras cargadas de demagogia: «Negámonos, por falso, a reducir España ó Estado Español. Hai sangue andaluz ou castelán dabondo en Catalunya e Vascongadas... kilowatios zamoráns ou salmantinos dabondo consumidos en Bilbao, produtos leoneses ou asturiáns industrializados en Barcelona, suor galego dabondo enterrado nos sulcos de

Unha solta de pombas anunciaba que ía comenza-la festa da liberdade pra Castilla e León aquel 24 de abril de Villalar de los Comuneros, a corenta kilómetros de Valladolid, pobo castelán no que cairon hai 456 anos Padilla, Bravo e Maldonado. Centos de bandeiras moradas e carmesís confraternizaron e reivindicaron as libertades que desde entón foron usurpadas pra millor impoñe-lo centralismo que convertiu a rexión na pantalla á que se dirixiron tiros e troianos pra denuncia-lo dominio colonial sobre dos pobos e nacionalidades do Estado. Os arrededores tiñan vixilancia na festa da liberdade: catro compañías antidisturbios da policía armada e outras catro da Guardia Civil. LUIS POUSA estivo aló e conta o desenrolo dos feitos.

## Castilla e León

### Vinte mil comuneros en festa

Castilla, pra que non vexamos a España como aquilo que é, un conxunto de semellantes que participan nas realidades comúns». Nos panfletos que firmaban diversos partidos políticos reivindicábase polo contrario a autodeterminación prás nacionalidades, e autonomía ampla pra Castilla e León.

Rematáu os discursos José Luís Martín, decano de Letras de Salamanca, polo Instituto Regional quen denunciou o feito de que Castilla logo de 456 anos siga vendo

cómo as súas materias primas, os seus recursos enerxéticos, e seu aforro e os seus homes se malgastan en favor dunha minoría.

#### CANCIONS E BERROS DE LIBERTADE

Polo escenario situado no campo aberto da «festa» pasaron grupos folclóricos, cantantes e artistas, como Agapito Mazaruela, Fanega,

Orégano, Tierra Fértil, Miguel Escan, Taloc, e outros. As letras máis politizadas eran coreadas e aplaudidas polas vinte mil persoas que xa ó mediodía chegaron a Villalar. Nalgúns grupos circulaba o «porro», coa maior naturalidade do mundo. Outros pasaban de man en man botellas e botas de viño. As cancións ían e viñan, entrecortadas de cando en vez polo berro de «viva Castilla libre». O servizo de orde, unhas seiscentas persoas, vixiaban posíbeis altercados. Temíase que se producise algún conflito. Pro non foi así. O único momento de tensión tivo lugar cando a policía pretendéu retirar bandeiras anarquistas e ikurriñas, así como enseñas republicanas ante a protesta dos presentes. Os organizadores negociaron coa forza pública e quedaron en que as ikurriñas podían seguir na festa, pro que nada de significacións republicanas. Outro momento, que non pasou de temer, estivo protagonizado por varios centos de persoas que se viron acorraladas pola policía cando voltaban ó campo logo de xantar nun dos dous únicos piñeirais nos que se podía aproveitar-la sombra. Polo demáis, os mesmos grupos legalizados fixeron causa común cos que aínda non o están, comprometéndose a non montar mesas de propaganda partidista pra que todos puideran te-las mesmas posibilidades de venda individualizada. E así foi. Periódicos, informes, pegatinas, panos rubios e morados co castelo no medio. O campo convertíuse pronto nun enorme e libertario periódico escrito.

As cinco e media da tarde, media hora antes do previsto pola autoridade, e tamén por medo a conflitos posteriores, desfixose a festa da liberdade e da autonomía pra Castilla e León. As bandeiras saíron en procesións polo camiño da volta. Autocares e coches particulares tocaban as vocinas namentres os viaxeiros sacaban polas fiestras bandeirinhas de cores morada e carmesí.

Pola noite, en Valladolid, centos de manifestantes recorreron as rúas principais berrando contra dos fascistas. Unha pancarta seguíaos de cerca: «a la hora de la cosecha, los gorriones se aprovechan». Outra, libertaria, chegaba á transposición xeográfica: «Castilla libertaria, queremos puerto de mar». Carrillo falara pola tarde diante de moita xente e aquel mesmo día entrábase de cheo na XXII Semana Internacional de Cine de Valladolid.



CASTILLA COS «COMUNEROS»



No número anterior abordou TEIMA a proposta lanzada por un grupo numeroso de demócratas independentes, tratando de promover un Bloque Electoral Democrático Andalúz. Era unha chamada á unidade dos partidos da esquerda. Agora, o noso corresponsal en Andalucía, ANTONIO RAMOS, da conta do abandono da idea e outras perspectivas de cara ás eleccións.

O Bloque tiña o apoio do Partido Socialista de Andalucía, o Partido Socialista Popular, o Partido Carlista de Andalucía, o Movemento Comunista de Andalucía e o Partido do Traballo de España e o dos Sindicatos Unitarios e da Unión Sindical Obreira.

O Partido Socialista Obrero Español e o Partido Comunista de España, decidiron ir sos e non da-lo seu apoio a este Bloque, o que pode poñer nun serio perigo as súas ambicións de conquistar novos votos en solitario, perdendo ademais a posibilidade de que figuren nas súas listas destacados independentes que puxeron do lado da opción unitaria. Nas bases destes partidos, por outra parte, estánse a producir correntes de apoio ó Bloque e tanto o PSOE coma o PCE, partidos moi reacios a plantexar agora a cuestión autonómica pra Andalucía, sofren críticas verquidas polos seus propios militantes. Un grupo de abogados do PCE criticaron ó seu partido por non poñerse ó lado da maioría do pobo andalúz máis oprimido que hoxe reclama solucións urxentes. Esta corrente crítica costoulle p. e. a saída do comité provincial a Aharon Cohem.

#### UN AVISO

Pese a todo, non se descarta a posibilidade de que esta primeira experiencia do Bloque poida ir máis aló dos seus primeiros propósitos: a concienciación de amplos sectores socialistas e comunistas pra consolidación dun so partido rexionalista de clase, que só poderá realmente os intereses de Andalucía e se poña no camiño real do socialismo.

O Bloque, ademais, no deixou de ser un aviso e unha chamada desesperada diante do perigo do desmoreamento dunha esquerda tan en cachos, que só poderá lograr resultados negativos de presentarse así ás eleccións. Nese caso, perdería esta oportunidade histórica. Pro está claro que os personalismos, os intereses de partido, están agora mesmo moi lonxe de servir-las intereses da colectividade. E isto ocorre cos partidos marxistas que se plantexan a conquista do voto persoal ou de partido, en lugar da loita unitaria pola construción do socialismo e a liberación dunha rexión. E unha postura inadmisíbel.

## Votos camiño de Madrid

### TAMEN, UN CENTRO ANDALUZ

Mentres esta esquerda andalúza discute se ir ou non unida ás eleccións, se é importante trata-lo tema da autonomía —aínda que pra algúns partidos esta cuestión está moi clara— os partidos do Centro Democrático, toman ó asalto as súas ideas, símbolos e iniciativas e non sinten pudor ó asumila autonomía, a bandeira, un programa mínimo de reivindicacións rexionalistas e o acordo de ir unidos, partidos rexionalistas ou de obediencia nacional, ás eleccións. Pouco despois de formarse o Bloque Electoral Democrático Andalúz, constituíuse o Centro Democrático Andalúz integrado por: Partido Social Liberal Andalúz, Partido Demócrata Andalúz, Partido Andalúz Social Demócrata, Partido Popular e Partido Popular Demócrata Cristiano.

### Andalucía

Por outra parte, e pra maior confusión e oportunismo, o inefábel Baldomero Palomares, que fixo unha gran carreira como «flecha», promove agora a Federación Social Independiente polas provincias andalúzas, reclutando vellos camaradas agradecidos, máis decididos a participar nun partido pro-gubernamental, coma a F.S.I. de Sancho Rof, que nunha Alianza Popular sen xugo e sen frechas.

Por último, entre o Centro, a F.S.I. e as unidades máis ou menos perdidas, da auténtica esquerda, sitúanse a Reforma Social Española do malagueño Cantarero del Castillo, con certo predicamento en Andalucía, grupos socialdemócratas, os históricos do P.S.O.E. e o Movimiento Socialista Andalúz, de Primativo de la Quintana.

Con todo este panorama, mal futuro lle espera á esquerda se non chega a unirse e presenta-la batalla conxunta das reivindicacións. Pro, como resulta que os «realmente» importante son os votos e ben pouco a defensa auténtica desta rexión oprimida, moito tememos que nestas eleccións Andalucía non sexa máis ca un mercado de votos con dirección a Madrid. Da mesma maneira que hastra agora veu sendo un mercado de man de obra, camiño de Cataluña, Euskadi, Madrid e Europa.



O BLOQUE ANDALUZ  
XA E HISTORIA

## O «ilegal» 1 de maio

X.P.

Pasou o 1 de maio sen legalizar. Sen «demostración sindical» no Estadio Bernabéu, coma todos estes anos, pro ilegal. A decisión de Gober nación obedecéu non precisamente ó espírito dos convenios de Xenebra e as Ordes cursadas ós encargados de cuida-lo orde nas rúas foron ó parecer ben concretas. Man dura sen contemplacións. As emisoras de radio españolas dixerón que todo pasara sen pena nin gloria e non houbo nin nota oficial. Nas emisoras de radio de fora decíase que nalgúns sitios, e especialmente en Madrid, a actuación po-

licial fora moi dura. A celebración foi desigual nas diferentes rexións e nacionalidades polo que se refire ás movilizacións, pro tivo, iso sí, o carácter de xornada rigurosamente vixiada.

Con algunhas centráis sindicais legalizadas, o 1 de maio xurdíu novamente coa careta da prohibición. Todo mentres se daban os últimos toques ás compoñendas electorais e o Presidente Suárez xogaba unha vez máis co misterio pra anunciar pola televisión o que a maioría sabe e algúns temen: a súa presentación como candidato.

Houbo o día 1 de maio, polo de-máis, unha retransmisión deportiva pola TV. o partido de fútbol do domingo. As cámaras viaxaron a San Sebastián e unha vez máis puidemos comproba-los esforzos televisivos pra que o telespectador non se entere do que pasa. Houbo pois que case intuir todo o que se desenrolaba nos grade-ríos, onde había ikurriñas dabondo e boa parte do público coreaba cousas coma «os presos agora queremos vellos fóra» e «viva Euskadi libre». En euskera, claro. Foi a pequena venganza contra a desinformación que os sistema puxo en práctica o 1 de maio.

Se quiere seguir tendo  
unha **teima** independente,

**¡¡suscríbase!!**

NOME .....	
DOMICILIO .....	
POBOACION .....	
PROVINCIA .....	PAIS .....

**TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA**  
(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA .....	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

☐ TALON ADXUNTO N.º .....  
 XEITO DE PAGO: ☐ XIRO POSTAL N.º .....  
                           ☐ IMPOSTO EN ..... DATA .....  
                           ☐ CONTRA REEMBOLSO .....

**BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA**

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....

Axencia .....

**SEÑORES:**

Agradeceríalles que con cárego á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente-  
semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publi-  
cacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,

NOME .....	
DOMICILIO .....	
POBOACION .....	
PROVINCIA .....	PAIS .....

**TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA**  
(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA .....	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

☐ TALON ADXUNTO N.º .....  
 XEITO DE PAGO: ☐ XIRO POSTAL N.º .....  
                           ☐ IMPOSTO EN ..... DATA .....  
                           ☐ CONTRA REEMBOLSO .....

**BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA**

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....

Axencia .....

**SEÑORES:**

Agradeceríalles que con cárego á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente-  
semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publi-  
cacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,





## Antonio Ojea: os riscos do periodismo

Quen non acabe de crer aquilo de que a profesión periodística é a segunda na escala mundial de perigosidade, pódelle facer algunha pregunta ó xornalista vigués ANTONIO OJEA. Cando trataba de arrecadar datos pra informar no seu periódico —«La Voz de Galicia»— da xornada do un de maio en Vigo, Ojea foi interpelado en termos máis ben pouco amistosos por un axente da forza pública que cumpría tamén as súas funcións no Calvario. «Chegou onda min —di Ojea— e díxome que me tiña moi mirada a cara. Entón, enseñéille o meu carnet de prensa, pro dixo que lle daba o mesmo. Mentres falaba con él achegáronse outros dous policías. Un deles, bastante nervioso, preguntóume se era abogado, ó que lle respondín entregándolle tamén o meu carnet. Entón, deume con él nos narices». Inda chegaría, segundo a versión do periodista, un carto axente a quen, un dos que se atopaban con él impediu consuma-lo seu propósito de descarga-la porra sobre as costas do sufrido Ojea.

A Xunta Directiva da Asociación da Prensa viguesa acordou elevar unha protesta por conduto oficial.

## Luis Soto, secretario de Castelao: a UPG, o PC...

LUIS SOTO, galego con pasaporte mexicano, achegouse a Galicia hai uns días. En Santiago andivo á procura de teléfono da sede do Partido Comunista e conqueríuno: «é unha cousa persoal, home, non é por nada... Aparte das discrepancias, non nos temos por qué querer mal», dixo Soto. Na súa casa de México ten unha moira de papéis, dibuxos e documentación orixinal dos tempos que andivo como secretario de Castelao. Luis Soto é o autor do primeiro número da revista «Terra e tempo», voceiro da UPG, así coma fundador da organización entre outros oito persoeiros galegos (Méndez Ferrín, Bautista Alvarez, Reimundo Patiño, «Foz», María Xosé Queizán, Celso Emilio Ferreiro...). Tamén é un dos organizadores orixinais do Partido Comunis-

ta de España en Galicia e o primeiro en propoñer a creación dun partido comunista galego. Daquela, 1932, o cumio dos peixes botouse as mans á cachola: «Ti toleaches, Luis», dixéronlle. De tolo nada, di él: «Quen está menos ben é o Santiago Alvarez, que anda coma *tocado* de tanta lería coma Carrillo lle anda a meter na testa», engadiu Soto. LUIS SOTO di que os herdeiros do baúl que él ten en México con cousas de Castelao poderían se-los da UPG; pro Luis non se refire á UPG dos «coronéis» senón ós disidentes que, por certo, saen agora mesmo cunha nova versión de «Terra e Tempo», lonxe do cumio da actual Unión do Pobo Galego.

## J.M. Jeannesson: Galicia pra franceses

JEANNESSON, *Jean-Marie*, un dos máis prestixiosos realizadores da Televisión Francesa, canal 1, rematou nos derradeiros días de abril a súa segunda película rodada en Galicia e con temática galega. Chámase «Algunha flor de santidad» e trátase en boa medida dunha versión libre (ceibísima) da obra case homónima de Valle-Inclán. Esta é a carta película realizada por Jeannesson sobre temas ibéricos (denantes foran os problemas da muller, o feudalismo andaluz e un longo reportaxe encol de Galicia).

As catro están sendo montadas agora en París e serán emitidas no mes de novembro. Existe a posibilidade de que, polo menos unha das catro, sexa vista na TVE que se interesa mesmo por facer un *duplex* Madrid-París o día do estreno.

## O amnistiado Siro

«A cousa foi así: eu vou ver, ilusionado coma todo o mundo, a película de Charlot «El gran dictador», cando a estrenan aquí en Ferrol. Emociónome co discurso final e os aplausos que se producen, e inmediatamente maxino un chiste encol do asunto. Despois chegou todo o demáis. Todo o demáis foi pra SIRO LOPEZ LORENZO, dibuxante, un Consello de Guerra que non sería tal por mor da recente ampliación de indulto que lle acaba de ser aplicada. SIRO, habitual colaborador de TEIMA, publicara no diario coruñés «El Ideal Gallego» un chiste no que se reproducía

—en galego, iso sí— o famoso e democrático discurso final de «El gran dictador». A aportación personal do dibuxante, amén das ilustracións, consistía nun breve diálogo entre un vello e un neno que contemplaban a película. O neno preguntáballe ó seu abó o motivo polo que o *film* estivera prohibido durante corenta anos, e o vello respondía cun bisbiseo. Incluíase tamén unha nota aclaratoria de SIRO. Motivos todos eles suficientes pra que o dibuxante declarase durante hora e cuarto no Xuzgado Militar Permanente de A Coruña, e posteriormente en Ferrol, onde se lle comunicou a apertura dun Consello de Guerra.

«A única conclusión certa que eu saco de todo isto é que o idioma galego é subversivo», conclúe SIRO, sorprendido aínda de que un texto que previamente pasara a censura poida ser delitivo trala súa tradución. En calquera caso, Siro López, que arriscaba unha condena de hasta seis anos de cadea, está xa ceibo de culpa. Parabéns.

## Notario Vacas: alcalde, sí; senador, non

Por unha increíble parábola, RAMON GONZALEZ —segundo tenente de alcalde do Axuntamento de Lugo— estivo a piques de pasar a ocupa-la ponte de mando da Corporación luguesa. Todo empezou, segundo informa o noso corresponsal Xulio Xiz, cando o señor NOTARIO VACAS —actual alcalde— decidiu figurar como candidato independente ó Senado nas próximas eleccións de xuño. Con esas miras, presentou a súa dimisión —previa xuntanza cos eds— días atrás. Os seus compañeiros de Corporación tiñanlle gardada, nembargantes, unha sorpresa: a non aceptación da súa saída polo foro. «Debía ser, de non producirse —comenta Xiz—, o único caso de non posíbel dimisión nestes tempos».

Tras ver rapa-las barbas do seu veciño, o señor IBÁÑEZ MENDEZ, primeiro tenente de alcalde, apresurouse a presentar tamén a súa dimisión: non pra presentarse, senón pra colaborar con algún dos candidatos. De dimiti-lo señor NOTARIO, a alcaldía quedaría nas mans de RAMON GONZALEZ, quen, se ben conta con moitas simpatías populares —especialmente no distrito da Milagrosa—, non é ben visto por algúns membros da Corporación.

Pesia todo, a cousa non rematou ahí. Os mesmos concellais que non permitiran ó señor NOTARIO presentarse ás eleccións pró Senado, protagonizaban un novo golpe de efecto ó propoñer ó rei que o nomease senador por vía dixital. ¿Remordementos? En calquera caso, os lugueses non parecen acabar de sorprenderse do que pasa na súa casa grande.

## ESTRUTURAS CONTRADITORIAS

Un resume sistematizado das catro razóns nomeadas anteriormente pode facerse seguindo este orde expositivo:

1) *Contradición primeira:* ten a súa orixe na expansión do modo de produción capitalista polarizado nos centros urbanos. E dicir, a necesidade obxectiva de reprodución do capital precisa, por unha banda, da utilización intensiva da cidade con apropiación por múltiples mecanismos da renda urbana xenerada (especulación do chan, orientación das inversións cara determinados sectores de alta rentabilidade a curto prazo, contar cunha política urbana favorable de concesións, planeamento, etc.). Por outra banda, o propio desenvolvemento capitalista está tamén necesitado de reproducir aquela forza de traballo que lle é indispensable para o seu funcionamento. Forza de traballo que, localizada na periferia da cidade, demandará unha serie de servizos públicos elementais (equipamento, transporte, escolas, etc.) orientada polo nivel de consumo establecido historicamente no país.

Velahí unha grave situación que é necesario explicitar. O Estado (e os Axuntamentos como parte integrante do aparello estatal) é o mesmo tempo *instrumento-colaborador* dunha política urbana agresiva informada polas necesidades reprodutoras do capital, e *responsábel-garantizador* dun conxunto de servizos públicos cara a unha poboación con crecente conciencia e grado organizativo. A natureza desta posición antagónica refléxase en boa lóxica no carácter estrutural das entidades municipais, que sendo na realidade un *órgano específico* integrado no aparello do Estado, preséntase a nivel ideolóxico como un *órgano electivo* (na futura democracia española) para tentar reforzar así a súa lexitimación popular.

2) *Contradición segunda:* derívase da fonda crise estrutural que atravesa o capitalismo na actualidade, e da que a expresión na prác-

# As contradicións dos nosos Axuntamentos

X. ALVAREZ CORBACHO

## INTRODUCION

Existen catro razóns importantes que poñen hoxe nun lugar prioritario a chamada «cuestión municipal». Estas razóns non son máis cós resultados de analiza-las contradicións relevantes que se proxectan da natureza e funcionalidade das entidades municipais nadas e desenvoladas no período franquista, e que agora precisan, como mínimo, dun urxente replantexamento aínda dende o punto de vista da racionalidade que rexe os intereses das clases dominantes. As liñas que imos expoñer a continuación queren ser un exercicio reflexivo, que apunten a desenmascarar eses elementos contraditorios que fundamentan e explican a dinámica actual dos nosos Áxuntamentos. (1)

tica consiste en facer máis aguda a contradición anterior. En efecto, o constante decrecemento da taxa de ganancia verificada na realidade produtiva do mundo occidental, plantexa hoxe toda unha serie de accións de política económica que se instrumentan ó traveso das institucións do Estado a dous niveis importantes: a) impondo unha drástica redución dos gastos públicos consuntivos presupostados nas diferentes esferas da Administración (central e local), cunha incidencia inevitábel no deterioro daqueles servizos urbanos de uso común (sanidade, infraestrutura, ensino, vivenda, etc.) e b) canalizando eses recursos financeiros públicos cara a determinadas actividades que teñen unha repercusión máis directa no proceso de acumulación do capital. Neste senso, pódese contrastar moi facilmente como se levan a cabo aumentos nas transferencias de fondos públicos a empresas, como se multiplican os cretos a exportación, as bonificacións e desgravacións fiscaís, as «accións concertadas» con empresas produtoras de inputs necesarios, etc.

Estamos ante as famosas políticas de austeridade ou de «apretarse o cinto» con que nos teñen xa afeitos os gobernos europeos (que en España teñen unhas versións moi especiais), e que no fondo non son máis ca un trasvase de recursos financeiros dende unhas clases a outras vía aparello estatal. Pro ¿cál é a consecuencia máis relevante derivada da produción destes feitos? Sen dúbida ningunha, a aceleración

do proceso da toma de conciencia popular expresada nunha práctica organizada de loita reivindicativa. Hoxe máis ca nunca, as crases traballadoras adprenden axiña que a provisión de servizos públicos constitúe realmente un «salario indirecto» que forma parte do seu salario total polo que hai que loitar a cotío. Entendido o asunto deste xeito, tanto a composición dos gastos públicos coma a estrutura do sistema tributario pasan a ser obxectivos inmediatos de loita reivindicativa —forma peculiar da loita de clases— que compre ter moi en conta á hora das análises e alternativas. Por iso xorde con forza un novo interés pola xestión municipal. Por iso existe un amplo movemento asociativo cidadán de base democrática (Asociacións de Veciños, Comisións de Barrio, etc.) que esixe con urxencia fórmulas de participación e control nos recursos municipais. A contradición última das clases sociais no capitalismo ten eiquí un ámbito moi específico de expresión de indudábel interés socio-político.

3) *Contradición terceira:* prodúcese en base á existencia do modelo político-administrativo local establecido polo Estado unitario franquista. Este é un punto que coídamos de real interés pola sinxela razón do seu vencellamento directo as alternativas e modelos de entidades municipais que os diferentes partidos políticos van espallar dentro de pouco tempo na xeografía galega.

Como xa denantes apuntamos, é

evidente que na fase actual que atravesa o capitalismo español existe unha política urbana (informada moi intensamente polos intereses das clases dominantes) que precisa cada vez máis non só de manexar recursos financeiros dabondo (para expropiar, facer traslados de poboación, proveer unha infraestrutura mínima, etc.), senón que tamén, e isto é importante, para conquistar un grado de lexitimación social imprescindible que lle permita materializa-las súas accións sen graves doses de conflitividade. Vistas así as cousas, tanto a crónica insuficiencia financeira coma a carencia de representatividade democrática dos actuais Axuntamentos, supoñen verdadeiramente dous atrancos que precisa resolve-la propia reacionalidade capitalista. Por outra banda, a complexidade das interrelacións entre os axentes urbanos protagonistas do crecemento da cidade, representa tamén un conxunto de dificultades para levar a cabo actuacións coherentes no marco dunha administración local centralista e caduca. As múltiples rixideces burocráticas orixinadas por rutinas e dependencias ministeriais, aparecen así como causas principais que motivan as propostas descentralizadoras de certos partidos representantes dos intereses dominantes. En resumen, carencia de recursos, xestión rutinaria, falla de representatividade democrática e presenza constante dun centralismo asoballante, son os elementos máis típicos e representativos da nosa administración local e que agora só teñen senso pola súa di-

(1) Non se consideran eiquí as contradicións e particularidades específicas dos Axuntamentos rurais galegos, así como os existentes naquelas vilas cun número de habitantes relevante pro de escaso dinamismo económico.



menção contraditoria con respecto ó conxunto dos intereses xerais.

Os partidos políticos que defendan de feito as necesidades e intereses do capital (sexan neofranquistas ou non), probablemente ofrecerán fórmulas municipais máis ou menos democráticas, pro de calquera xeito tentarán poñer todo o seu acento ideolóxico nos aspectos mistificadores de Axuntamento igual a órgano elixido representante dos intereses globais da poboación. Despoñando ás persoas - votantes da súa condición de clase (o título de «ciudadanos» fainos a todos iguais), as entidades municipais aparecerán coa súa legitimidade garantizada. Atención, pois, á mercancia que se vai ofrecer nas próximas eleccións en materia municipal.

4) *Contradición cuarta:* Nace da incidencia municipal que ten a estratexia actual do novo proxecto socialista baseado no consenso das masas, liberdades democráticas e pluralismo ideolóxico. Estratexia que, ó permiti-la unidade das forzas da esquerda (socialistas, comunistas e cristiáns progresistas), posibilita un movemento socio-político de indudábel transcendencia cara ó futuro. Os exemplos recentes das eleccións municipais en Francia e Italia, son dunha evidencia palmaria ó respecto.

Pro, ¿cál é o papel concreto que xogan os Axuntamentos nesta vía democrática ó socialismo?, ¿pódense en realidade transformalas estruturas sociais dende o interior do aparello do Estado? ¿cáis son os límites estruturais que ten un alcalde ou concello elixido polas clases dominadas? ¿qué diferencias existen con respecto a un Axuntamento democrático proposto polas clases dominantes?

Respostar e discutir todas estas interrogantes constitúe dende logo unha tarefa imprescindible cara a ese obxectivo socialista, pro é evidente que a complexidade temática supera con moito os lindeiros dun traballo coma este. Nembargantes, sí queremos destacar aqueles puntos fundamentais sobor do que descansa a coherencia lóxica e o atractivo do proxecto. Neste senso, o problema principal consiste en que a alternativa socialista chegue a ser unha *opción conscientemente necesaria* pra gran maioría da poboación, que chegue a ser un *proxecto hexemónico* porque responde *obxectivamente* ós intereses desa

maioría. Agora ben, ¿cómo se conquista a hexemonía? ¿cómo transforma-la conciencia historicamente distorsionada das clases populares? Eiquí é ónde queríamos chegar co noso razoamento.

Se partimos de que a hexemonía non é un discurso ideolóxico senón unha práctica colectiva de organización e loita reivindicativa constante onde a gran maioría dos traballadores aprenden *por eles mesmos* cáis son os seus intereses obxectivos e quén son os seus aliados, comprenderáse moi facilmente que tanto o movemento cidadán coma unha xestión municipal de democracia avanzada cobran todo o seu significado histórico. Un Axuntamento deste tipo terá como fin prioritaria potenciar xeitos de organización de base (Asociacións de Veciños, etc.) e permitir tanto a súa participación na toma de decisións coma forma de fiscalización e control dos recursos públicos. Esta é a gran diferenza con respecto á democracia municipal proposta polas clases dominantes, que queren separa-las eleccións do resto da vida social das masas, que reducen a política a unha cuestión de votar cada certo período de tempo. A alternativa contraria supón implicar ós veciños nos problemas económicos, políticos e ideolóxicos que lle dan contido o seu vivir. Porque só así serán ceibes pra decidir despois o seu futuro.

Aspecto fundamental desta estratexia de avance ó socialismo, e do que sóo queremos deixar constancia neste contexto, consiste na imprescindible necesidade de artellar e transformar estes movementos reivindicativos urbanos en movementos sociais máis amplos —en movementos de base socio-política— porque pensamos que constitúe hoxe o único xeito de posibilita-los cambios precisos nas estruturas da sociedade que nos tocóu vivir.

En resume, poderíamos dicir que entre as diversas contradicións que preñan hoxe as entidades municipais españolas, esta última, que se centra entre o modelo vixente e aquel que proporciona unha democracia avanzada, resulta dun xeito diferente ás anteriores explica, dalgunha maneira simplificada, o que pode se-la natureza actual e dinámica futura dos nosos Axuntamentos.

## A Coruña:

# ¿Un novo Urquiola?

X.I. TAIBO

O 14 de marzo entraba na Coruña un superpetroleiro de 138.900 toneladas de peso morto, en condición de carga non completa, máis embarcando as súas boas 110.000 toneladas de petróleo en cru, que con combustíbel, auga potábel, pertrechos —así é como se calcula a tonelaxe de peso morto— pode moi ben depasa-lo desprazamento do tantas veces maldito «Urquiola» (110.000 T.P.M.). As autoridades aprénsanse en asegurar que a manobra de entrada faráse pola canle Oeste, e así todos tan ledos, pois que o asunto «Urquiola» tivo lugar cando este se achegou á bahía pola tristemente sonada canle Norte, e claro, como alí había agullas...

Dende xullo do 76 ó pasado febreiro dous buques hidrográficos de moi recente construción, pertencen-

queiro, sempre frecuentadísimo, chegou a se valeirar de embarcacións durante tres días co gallo de efectua-lo seu sondeo interno.

En definitiva nada se ten divulgado, confesado ou explicado de por qué unha tarde do 1976 un petroleiro chamado «Monte Urquiola» tocóu fondo na Coruña —«tocar fondo» é agora expresión común en economía, sobor de todo na economía española, maila súa orixe é mariñeira— e as súas entrañas racha-



JEIQUI NON PESCA NIN DIOS!



O «MALASPINA» NA CORUÑA

centes á Armada («Malaspina» e «Antares»), empeñáronse no levantamento de cartas mariñas enteiramente novas pra toda a bahía e arredores da Coruña, con métodos e sistemas verdadeiramente avanzados, incluíntes do emprego de ordenadores electrónicos, «metro por metro». Oficiosamente, falóuse algo de *agullas* submariñas moi afiadas que non saían na carta previa, tamén levantada polo «Instituto Hidrográfico de la Marina», como todas cantas se fan no Estado Español, mailo comandante do «Malaspina» limitóuse a asegurar que o traballo facíase fondo, que agora se elaboraba enteira unha nova carta en troques de correxi-la vella, pro que esta resultóu extraordinariamente exacta. Aínda un día claro de marzo un dos buques voltóu á entrada coruñesa, sen dúbida por completar sondeos. Estes foron tan exhaustivos que todo o periao pes-

ron deica afogar e matar ós mesmísimos peixes. Como moito acusóuse á Comandancia de Mariña local —hai pouco reiterábao unha publicación do Sindicato Libre da Mariña Mercante (SLMM)— pola infortunada orde que levóu ó «Urquiola» a recuar pra repetir-la rechadura da súa quilla.

Hai oceanógrafos que ignoran canto tempo pode o fondo mariño da zona botar pra ser coma antes, pro aseguran que nunca menos de vinte anos, á luz dun acontecemento semellante nos anos cincuenta, cando un pequeno buque tanque ceibóu petróleo no estreito de Xibraltar e aínda hoxe non está recuperada de todo a ecoloxía do entorno. O caso é que o novo superpetroleiro, o liberiano «Tavira», non ven hoxe de turismo a Galicia, máis a reemplazar, supónse que regularmente, ó malpocado «Urquiola». E o caso é que namentres o Pobo —e os mariños mercantes tamén o son— non saiba cómo o «Urquiola» rachóu, namentres os grandes petroleiros volten a esta Coruña que ten a mesma entrada que o ano pasado, idéntica, a historia pode se repetir hoxe ou mañá.



YANEZ

## Muros e Noia

# Dúas vilas pra unha ría

MARTIÑO CANEDO

Galicia segue a ser un país de poboamento esencialmente rural. E posíbel que este ruralismo fora, proporcionalmente, menos acusado en tempos pasados. Visita-las vilas máis ou menos estancadas do noso país pode servir pra nos decatar de que a estrutura da nosa poboación evolucionou até chegar a un máximo de estabilidade, que hoxe está a mudar, premida por forzas alleas ó seu propio senso dinámico. Tais presións promoven ó meu parecer, a desfeita dun horizonte social, que esmorece sen consecuencias positivas, trocándose noutro que, por non ser feito á medida, resulta unha camisa de forza pra apresa-la «toli-ce» de ser nós.

As vilas das que falamos tiveron unha actividade que transcendía moito máis aló das bisbarras que hoxe as manteñen. Moitas foron as vilas galegas, que a finais da idade media sostiveron un trafego económico de importancia que posibilitou o seu arriquecemento e sona.

Vestixio da riqueza e cultura que atinxiron son entre outros a conformación do seu plano e as mostras de arquitectura que asentan nel. Imos botar unha ollada a dúas vilas, exemplo do dito, que se enxergan nas augas da mesma ría: Muros e Noia.

### NOIA: PRIMEIRO OU TERCEIRO DOMINGO

Noia, de gran beleza urbana, fica na embocadura do río Traba, que paseniñamente apousa as areas que lle cerran á vila o camiño do mar. As igrexas e as casas fidalgas ou burguesas son, na parte máis anterga de Noia, un conxunto pró paseo ó tempo que reflexan a potente vida da vila no século XIV. Soportáis e vanos oxiváis esgazan levemente a seriedade granítica das fachadas. A igrexa de San Martiño é un bo exemplo da perduranza do románico en tempos xa góticos, garda no seu pórtico os ecoares da arte compostelá tanto na forma como na temática. O rosetón, ledicia gótica, envólvese en modosa

música de trompetas que volta a acorda-los sons de Compostela. No seu interior, dunhanave, hai capitéis con decoración zoomorfa e unha capela do gótico final. Tamén gótica é a igrexa da Nosa Señora do Don; no pórtico ten un tímpano con ( en Galicia moi repetido ) motivo da adoración dos Magos figurando nel a efixe do patrocinador da igrexa don Berenguer de Landoira; o templo está arrodeado dun dos máis expresivos cemeterios do país destacando un templete, de apousa-los cadaleitos, pola súa ornamentación; de moito interés son as pedras sepulcrais que levan grabados os símbolos dos oficios gremiais; no interior son de ver a capela do XVI, que garda o túmulo de Pedro Carneiro (con inscrición en galego) e a pla da auga benta.

Entre as casas máis notabeis de Noia figuran a dos Churruchaos, a que foi Colexio de Gramática e a que foi casa de Monroy.

A Noia convén ir no primeiro ou terceiro domingo de mes, o mercado destes días é un atractivo máis prá vila.

A saída de Noia camiño de Muros hai un cruceiro a man esquerda moi lindo, coído que lle chaman do Milladorio. No lugar da Barquiña supónse o antigo solar de Noia. A carretera pasa a embocadura do Tambre por riba da Ponte Nafonso. A lenda popular supón que na ponte está enterrado o seu autor, a el alude a cantiga popular: «adiós ti, ponte Nafonso/Non sei quen te acabará/vinte anos me levache/ frol da miña mocedá». Perto está a igrexa de San Orencio de Entimes onde se garda o milagreiro corpo de San Campio, a súa festividade dá lugar á moi popular romería; coma outras igrexas de Galicia a de San Orencio está bordeada de cruceiros. A estrada segue por Outes, Sabardes e Esteiro; dende Abelleira hai unha preciosa vista da illa de Quebra.

### O AREAIS DE MUROS

Muros ten un certo paralelo histórico con Noia endebén a maior adicación de Muros sexa a pesqueira. O seu porto cáseque tan largo coma a vila corre a par de preciosas casas con soportáis, tras a gran rúa do porto hai toda unha xeira de calexas entre as que destaca a de don Diego. A praza de Cristo e a igrexa da Virxen do Camiño son lugares de interés en Muros. A igrexa de San Pedro de estilo oxival merece unha breve visita. De chegar a Muros compre ir ve-los areáis que por tramos chegan hastra a praia de Carnota, Louro, Lariño, etc. En Louro con belida vista está o convento de San Francisco; dobrado o Anguieiro está a praia de Carnota cos seus seis ou sete kilómetros de longo; seguindo, o camiño levaríanos ó Pindo, e a Ezaro, pro alí xa estivemos.



YANEZ



# Homenaxe a Castelao

## ¿Repatria-las cinzas dende Buenos Aires?

Dende crear un premio literario co seu nome a fundar un «Instituto Castelao de Cultura Galega», as suxerencias van chegando a moreas á nosa redacción tra-la convocatoria pública dunha homenaxe popular ó ilustre rianxeiro. De entre todas elas destacaríamos, nembargantes, a de repatria-las súas cinzas a Galicia, enterrándoas na igrexa compostelá de Santo Domingo, no Panteón de Galegos Ilustres. Suxiren este xeito de homenaxe Anuncio Maroño Noia, e Andrés Martínez Santiago, ámbolos dous dende a Coruña. Dende Vigo, Luis Rodríguez propón da-lo seu nome a institutos, escolas e rúas de toda Galicia; e Alfonso Armada, a edición popular das súas obras completas. Dende Ferrol, Lourenzo Fernández suxire que se convirta a súa casa de Rianxo en museu.

### Primeiros nomes prá comisión

Son moitos tamén os nomes que os nosos comunicantes barallan pra forma-la comisión organizadora. Os máis repetidos deica agora —con igual número de votos, aproximadamente— son os de Ramón Piñeiro, Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Beiras, Eduardo Blanco Amor e Carlos Casares. Inmediatamente despois, os de Celso Emilio Ferreiro, Alvaro Cunqueiro, Xosé Luis Méndez Ferrín, Domingo

García-Sabell e Francisco Rodríguez. Tamén recibiron votos Xosé Neira Vilas, Luis Seoane, Valentín Paz Andrade, María Xosé Queizán, Laxeiro, Manuel María, Uxío Novoneira, María Elena Gago, Alfonso Alvarez Gándara, Francisco Pillado Rivadulla, Ricardo Carballo Calero e Margarita Ledo.

Informaremos semanalmente do desenrolo das votacións.

## Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle pra organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

#### COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivese formada polos seguintes señores:

- 1 \_\_\_\_\_
- 2 \_\_\_\_\_
- 3 \_\_\_\_\_
- 4 \_\_\_\_\_
- 5 \_\_\_\_\_

#### XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o mellor xeito de homenaxear a Castelao é:

- ☐ Erguerlle un moimento  
☐ Outros (especificar)

NOME:

DIRECCION:



## Doce vida a do socialista

Véxase o silbilino sistema de captación de militantes que emprega o Partido Socialista Galego na bisbarra de Vilagarcía. O folleto distribúese cada domingo polas cercanías da comarca arousá e inclúe quinielas, clasificacións da Liga e anuncios. Cando o numeríño que se reproduce foi editado —6 de marzo do 77— nin o PSG nin o seu secretario señor Beiras estaban legalizados aínda. ¿Publicidade política submaíña? Estes roxos...

Con

# Beiras

La vida es mas dulce



## Pasa o balón, macho

Escoiten por un intre a voz pantasmal de Matías Prats. E o serán dun domingo calquera dos sesenta. Os homes de branco brincan no campo —«prolegómenos», dirá o locutor— e miles de gorxas vibran: Madrí, plas-plas-plas; Madrí, plas-plas-plas... Os aplausos e berros fanse máis fortes cando aquel home miúdo co número 7 ás costas toca o balón.

«El gallego sabio...», dirá Matías Prats coa voz de coloroformo. Foi un mito pra unha época que necesitaba mitos. Os saltos de ra do Cordobés e os toques de tacón de Amancio foron a ópera dos probes nos tempos de silencio. Milleiros de ollos que vían neles a vida desexada, milleiros de nenos

que vían no balón a imaxe en pequeno dun mundo novo con moito pan, moita zuzre, e moita gloria. Non fallaba nada pra que o mito fora completo. Amancio Amaro Varela nacéu nunha familia humilde e deu as súas primeiras patadas nas rúas sen asfaltar, nos campos enlamados de Oza, na praia proletaria de Lazareto... Logo gol a gol, regate a regate, o éxito crecente deste «gallego sabio», a súa ascensión. ¿Por quen votará Amancio nas eleccións?. As malas linguas dín que por Jaimito Carter. TEIMA está en condicións de desmentilo: vai votar, votaaaar, ós teus brazos outra vez.

## Xeroglífico



6.734  
3.285

Pregunta:  
¿QUERESLLE A TERRA?

Solución ó xeroglífico anterior:  
APUNTE UN PESO.

## CAITANO Por XAQUIN MARIN

¿VUOS SE CREERA TO-  
DO ESO QUE APLICAN  
A GALICIA DE ZONA...

DEPRIMIDA  
RESERVA,  
AREA SUB-

DESARRO-  
LLADA Y  
COLOMIA?

¡SI, BWAAA!







## Na hora dos canteiros

A lingua dos canteiros estase a poñer de moda novamente. Neste caso, con remodelacións: en vez de



palabras extrañas e revoltixos sintácticos, o canteiro fala polo cincel e cada golpe do martelo parece recoller modulacións insospeitadas: trac, troc, trac, troc, tric... son coma palabras fervendo no ferro do canteiro namentres os vellos, cansados símbolos, vanse esfarangullando golpe a golpe. Debaixo vai quedando o sinal que, contra todo asomo de cansancio, foi a teima asoballante da nosa existencia. Hora era, ¡qué carafio! Nembargantes, os cangrexos anunciando o comenzo das vilas galegas permanecen no mesmo sitio. Pró asunto dos cangrexos, o desmantelamento é máis sinxelo e, vaia, ¡tamén vai sendo hora!

## O último tiro da nuclear



Veleiquí un exemplar máis na nosa teima anti-nuclear. Sexamos francos, con perdón. Quere decir, falemos con franqueza. A paisaxe nuclear, seica, non lles gusta demasiado ós alemáns e, no carteliño, pódese ler: «Central Atómica. O último tiro da ciencia». Trátase, logo, do xigantesco pistoletazo da tecnoloxía máis avanzada.

¿Por qué nos ía gostar a nós? O que avisa non é traidor: un grupo de artistas plásticos galegos matina na idea de achegarse un día a Regodela e facer, no mesmo Cu de Regodela, na beira xa do Cantábrico, unha exposición encol do asunto. Serían cadros, kilos e kilos de óleo, contra da nuclear. Máis pacíficos, imposíbel.



## Teima nas escolas

Os nenos da escola de Foxos (Cebreiro, Lugo, perto do Caurel) levan adiante unha revistiña con poemas, dibuxos e noticiosos galegos. Hai moi pouquiño tempo fixeron unha cativa enquisa na mesma escola. O tema, «Teima». Os rapaces (a inxenuidade é dos intelixentes e, claro, dos nenos) explícanse: «Teima, pra min —di María Anxelles, de terceiro—, é unha cousa moi boa, coma un anaco de pan, non o é pro axúdame a facer por el dun xeito millor». «Cando non a tiñamos —segue María Anxelles— parece que estábamos soios, sen naide ó noso lado... pro agora sabemos que moita xente axúdanos pra loitar contra do capitalismo e contra da estafa. Pódese decir». Un desexo dos rapaces: «Teima que continúe moitos anos». E nós, na primeira que poidamos, imos alá a lle dar un bico e unha aperta ós compañeiros-nenos da escola de Foxos. Logo de le-la enquisa, tiñámo-lo peito un chisco revoltó.

## O Xestal: Poesía de loita

Un Carlos novo, con anxeios de xusticia e ganas de loitar polo seu Baldaio ceibe, lonxe os tempos daqueles contos criticados, saíu á rúa cunha poesía anticaciquil. Nunha misa oficiada polo cura de Sésamo, en Vilanova, na parroquia de San Pedro de Nos, o día de San Marcos, Carlos O Xestal leu con emoción un poema que di así:

### Autoplsta do Atlántico, Xove, As Enerobas e Baldalo

anacos da nosa terra  
víctima do asoballo  
¡Loitemos irmáns galegos  
pola xusticia e o traballo!  
Levantémo-lo fungueiro  
contra os caciques malvados  
que tanto abusan de nós  
téndonos sempre aplastados.  
Pregámosche a tí Señor  
coa intercesión de San Marcos  
pra loitar contra os caciques,  
lobos famentos, malvados.  
Señor Deus do Universo  
dános forza e ríaños  
pra amansalos coma bestas  
e pra xunguillos ó carro.





Xosé Luis Méndez Ferrín é hoxendía unha das personalidades máis significadas da nosa cultura. O premio da crítica de Sitges ó seu libro «Con pólvora e magnolias» (Rompente) é, máis ca nada, o recoñecemento a unha longa obra literaria (e non só literaria) o mesmo na poesía que na narrativa. Aquí non recolleemos máis ca algunhas opinións illadas sobre o fenómeno poético en Galicia e, máis concretamente, sobre a súa posición diante do mesmo.

**Méndez Ferrín,**

## «Con pólvora e magnolias»

«Non, non é certo qu eu deixara a poesía dende aquel primeiro libro de 1957, «Voce na néboa». Seguí escribindo e publicando poesía, anque con pseudónimo, porque se trataba de poesía política de signo nacionalista e marxista e non estaban os tempos pra se arriscar a un proceso».

«O Patronato da Cultura Galega de Montevideo, por exemplo, publicou «Antoloxía rota», unha escolma importante dos meus poemas que saíu co pseudónimo de Heriberto Bens. Logo, edicións «Roi Xordo», en Xenebra, tirou do prelo «Sirventés pola destrución de Occitania», outro longo poema. Son dúas mostras. Hai máis. Pra min a poesía é unha constante, anque tamén é certo que ás veces dun xeito marxinal. Outros labores teñen ocupado a meirande parte do meu tempo. Agora ben, a poesía, que é do que estamos a falar agora, é sempre... o recuncho único e íntimo onde veño a refuxiarme dende a miña adolescencia digamos que... coma intelectual».



### POESÍA POLÍTICA

«Nin pretendo nin pretendín nunca dar unha lección de cómo se ten que escribi-la poesía. Pro, dada a dialéctica interior do proceso literario galego, é certo que todo ía dirixido, encarreirado nos últimos tempos a unha degradación lírica que poderíamos entender en dous sentidos: por simplificación e por ideoloxía. Voume explicar referíndome á poesía política, concretamente».

«No plano formal chegouse nos últimos anos a un xeito de poesía extraordinariamente probe, que non era capaz de recoller, ou non sabía, experiencias literarias fundamentais, por exemplo, experiencias riquísimas do noso século XIX e

mesmo do XX. No eido da lingua era tamén moi probe. ¿Ideolóxicamente? Dentro dunha poesía de combate, militante, na que eu naturalmente creo, nin se chegaba a unha profundización da revolución nin moito menos a unha expresión revolucionaria en verso».

«Coido, como marxista, que unha poesía política que non sexa formal e estéticamente válida, é unha poesía que vai contra do propio poeta, contra dos seus ideais».

### ÉTICA E ESTÉTICA

«A discusión ética-estética, fondo-forma, etc, é unha vella cuestión da que xa me teñen preguntado e non sempre fun capaz de

responder axeitadamente. Entendo, sin embargo, que o traballo poético ten que estar ensarillado fortemente dentro da visión do mundo que ten o autor. Se esa visión do mundo é revolucionaria, é sensíbel ós problemas, ás loitas, ás arelas da revolución na que o poeta cre, se o autor é, xa máis concretamente, un militante... a poesía terá que ser sempre, necesariamente, militante».

### O GRUPO «ROMPENTE»

«Non é certo que eu sexa o pai ou inspirador do grupo novo de poetas que se chama «Rompente». Hai, eso sí, unha certa relación, eu diría que unha relación grande de amizade. Algún dos poetas do grupo «Rompente» foi alumno meu, por outra banda, nas aulas do instituto onde exerzo coma profesor de literatura. Pro son as mesmas relacións que existen entre eles e outros poetas coma, por exemplo, por citar agora outro, Bernardino Graña, poetas ós que se senten máis achegados ou identificados estética e éticamente nalgunhas cousas. Xa no meu caso ese achegamento ou semellanza de gustos escomenza na política, xa que todos somos da Asambleira Nacional Popular Galega (ANPG), e segue nos poetas, dende Ezra Pound a Mao-Tse-Tung».

«Polo demais é certo que os editores editan cada día menos poesía. Non lles é rentábel en absoluto. Eu paguei do meu peto a edición de «Con pólvora e magnolias» e o mesmo fixo A. Pexegueiro con «Seraog-na». Por outra banda, esto da crise da poesía, que non é de agora mesmo, tampouco é cousa nosa soamente. Habería que explicar tamén, e moi fonda, dentro de toda a área castelán - falante e mesmo en lingua francesa».

**Feita xa polos**

## «Vagalume» unha nova

Chegou á nosa redacción o número extraordinario que a revista infantil «Vagalume» adica ó día das letras galegas.

O número ven confirma-la liña xa entevista nos anteriores, de se enraizar no ámbito cultural galego e no mundo dos nenos. En efecto, a pesares de que o problema da lingua e da literatura galega parecía moi axeitado pra ser tratado por adultos, nas páxinas deste número vemos como os nenos están moi sensibilizados co problema da lingua, e como eles, de feito, son os autores da meirande parte dos traballos. Esta participación dos nenos é a característica máis acusada da nova liña da revista, da que en boa parte é responsábel Xosé Fortes Bouzán. Abonda con ve-la lista de nenos que colaboran e os seus traballos encol de temas tan actuais coma o das Encrobas, ou a plástica imaxe de como eles ven «Vagalume». Inclúese tamén neste último número un póster da autoría de Siro no que figuran tódalas personalidades ás que se adicou deica agora o día das letras.

«Vagalume» nace no ano 1974 como froito da preocupación dun grupo de persoas interesadas na cultura galega e no mundo dos nenos. Viña a ser un intento de acabar coa alienación, que as revistas comerciais en castelán de temáticas de antigo réxime ou neocolonialistas, producían no mundo dos nenos.

Nun principio, e quizaves polo condicionamento que supoñían as publicacións existentes no mercado, foi máis unha revista galega ca feita polos nenos. Pro conseguen o milagre de chegar ós nenos e de empezar a se-la súa revista. Nunha segunda etapa millóranse a edición e o papel pro a revista baixou na súa expansión por un feixe de razóns, ás que posibelmente non foron alleas a introdución de historietas que nada tiñan que ver co ámbito cultural e xeográfico galego, e de temática semellante ás publicacións do mercado. Tamén, quizaves, a baixa calidade do galego empregado nos textos non só léxica senón sintácticamente.

Neste curso, a revista ven dando



nenos

## me»: va liña

unha nova e interesante imaxe, a de servir de expresión e de comunicación das inquedanzas e visión do mundo dos nenos, que se convirten nos principais autores. A redacción ven así a facer un traballo de escolma e confeccionar polo presente un par de seccións.

Os múltiples atrancos que atopa unha publicación como «Vagalume» xustifican as críticas que nun sentido esixente se lle puideran facer, a maior das cais sería, sen dúbida, o retraso na aparición dos números. Atrancos e contratempos lóxicos derivados da cativa infraestrutura con que contamos os galegos para calquera tipo de empresa cultural.

Con todo, o futuro parece depender máis que destes problemas do enraizamento de «Vagalume» nas escolas. Son os nenos os que á fin fan «Vagalume» para eles mesmos. Labor que implica un traballo de base en tódalas escolas galegas que aínda está por facer, e na que teñen unha importante actividade os mestres. Se os nenos, a pesares de tódalas dificultades que supón esta nova experiencia xunto coas da lingua están facendo e interesándose por «Vagalume», están a demostrar que unha revista infantil galega é posíbel.

No día das letras galegas poñeránse á venda as coleccións xa encadernadas dos anos 1974, 75 e 76.

**VAGALUME**  
PUBLICACIÓN INFANTIL E XUVENIL  
P.O. BOX 10000, SAN XOSÉ, CALIFORNIA 95110  
TEL. (415) 83-1000 FAX (415) 83-1001  
DISTRIBUIDORA  
POR UNHA CULTURA INFANTIL GALEGA

vagalume  
publicación infantil e xuvenil  
dia das  
letras  
galegas

17 de maio de 1977



## A NOSA LINGUA

## Algúns plurais

CHARO ALVAREZ -  
FRANCISCO F. REI

Imos falar dos plurais, pro non do das palabras rematadas en -n ou -l, dos que falaremos máis adiante ó expo-la normativa do galego, senón deses outros aparentemente menos importantes, ós que se fai somentes unha pequena referencia nas gramáticas.

## LEIS / LEISES

As palabras monosílabas ou polisílabas agudas rematadas en diptongo forman o plural engadindo só un -s, e non a sílaba -es coma en castelán; ou sexa, que *rei, lei, bocó, etc.* terán un plural *reis, leis, bocóis*. Nalgunhas palabras de uso máis frecuente e fonéticamente diferenciadas do castelán ninguén ten dúbida, e todos formamos sobre *boi, bois*.

Amáis destas formas non é raro ouvir *leises, reises, etc.*, formas tamén galegas, cunha dobre caracterización de plural. Coidamos que neste caso compre decidirse polas primeiras, as etimolóxicas, cun so morfema de plural e diferenciadoras dabondo. O fenómeno de hipercharacterización é só galego, existe en tódalas linguas a nivel vulgar e, neste caso concreto, tamén hai quen, por Castela adiante, di *cafeses e jabalises*.

Outras veces lense, máis que ouvírense, formas do tipo *leies, reies, bocoies...*, que deben ser rexeitadas por ser claros castelanismos. De leyes faise *leies*, como se pretende facer de *coyuntura coiuntura*, e non *conxuntura*, forma de acordo coa fonética histórica e actual do galego, así coma co resto das palabras desta familia.

## TABUS, ISRAELIS / TABUES, ISRAELIES

Hai unha tendencia, claramente baseada na gramática da esco-

la de cada quen, e facer un plural castelanizante das palabras rematadas en vocal tónica.

En galego coma nos exemplos anteriores, só se engade un -s como caracterización de plural. Debe decirse e escribirse *israells, tabús, maníquís...* etc, e rexeitar por castelanismo os plurais en -es (*israelles*). Así falaráse de *os sls e os nons*, e diráse: *mentireiro escribese con dous es, dous is e un o; os israelis e máilos paquistanis son dous pobos da Asia, pro bantús e zulús son africanos*.

## EXAME / EXAMES

Case pode darse como regra que os nomes que en castelán rematan en -en, en galego fano en -e (mentres en portugués vacilan): *Carme, Virxe, exame, orixe, crime, réxime, etc.* (decimos case pola existencia de dolmen, liquen e outros cultismos) polo tanto, en plural deben aparecer estas formas cun -s final e non co castelanizante -enes. Hai que decir *quinta feira chegaron as ordes; venres fáloche das orixes diso, mércores desta semana teño dous exames*.

A forma *xoven* e un castelanismo léxico, pouco recomendábel por existir en galego un sustantivo (*mozo*) e un adxetivo (*novo, nova*) para expresa-lo mesmo. Pro, de usalo, ten que face-lo plural de acordo cos sustantivos rematados en -n, e nunca en *xóvenes* dobre castelanismo, léxico e morfolóxico, que nos dá un híbrido inadmisíbel.

## PAREDES, VERDADES / PARES, VERDAS

Hoxe é normal ouvir a falantes galegos *virtú, verdá, navidá, libértá*, sen ese -de que sentimos como tan de noso; nótese que os

máis dos sustantivos que se ouven sen esa característica refírense a conceptos abstractos. Moito máis raro e ouvir *paré, sé* ou *ré*, formas case inexistentes pro que xa agroman por algures; é rara a perda da característica en palabras que se empregan a cotío e referidas a seres ou sensacións moi concretas. En castelán tamén é normal a perda do -d destas palabras, fenómeno que se sente como vulgarizante. No caso da nosa lingua non sabemos se se trata dunha influencia do castelán (é posíbel que mesmo reincorporáramos eses sustantivos a partir del) ou a unha evolución autóctona emparentada coa que se está a dar agora en Castela; a conclusión do castelanismo é por veces doada e simplista demais. En calquera caso, a norma e a escrita sempre teñen de ser máis conservadoras do que a fala. Formándoo sobre *verdade* e *libertade* o plural non pode ser máis ca *verdades* e *libertades*, e non *verdás* nen *libertás*.

## PANTALON, TIXEIRA / PANTALONS, TIXEIRAS

En castelán, o xeral é dicir *los pantalones, las tenazas, la tijera* ou *los alicates*, referíndose a un so obxecto; mentres en galego o normal é *o pantalón, a tanaza, a tixeira* (ou *tiseira*) ou *o alicate*. En algures conviven a forma en singular coa de plural. Poida que esta segunda sexa castelanismo ou autóctona; de calquera xeito é totalmente minoritaria. En principio, pois, debemos fuxir de frases coma *téñoche uns pantalóns novos, dáme as tanazas*.

Poida que a algúns lles pareza cousa de pouco aquel estes problemas, maiormente a carón dun pronome átono fóra de sitio ou dun *había dito*; pro a lingua faise de cousiñas miúdas. E xa se sabe que non hai enemigo pequeno.



Ribadavia, por estas datas, propón tódolos anos unha cita co teatro galego. E a primeira das nosas mostras. Hai tempo que conseguíu recoñecemento e creto non somentes no resto do Estado Español senón máis aló das súas fronteiras, en Avignon, en Nancy... Logo veñen as Mostras de Vigo (o ano pasado houbo dúas) e as Xornadas de Teatro nesta mesma cidade. Nunhas e noutras hai sempre, inevitábelmente, problemas graves de cartos. ¿De dónde saen os cartos pró noso teatro?

## Teatro:

X.M.

Cando as Xornadas de Cine de Ourense tivemos que falar do mesmo. ¿Onde están e de onde saen os cartos? ¿Cómo resisten estes grupos de teatro, concretamente, que veñen dende hai anos xa loitando por unha normalización da nosa cultura tamén nestes eidos?

Cando se trata de organizar unha mostra (sexan as anteditas ou outras en vilas ou promovidas por asociacións culturais illadamente) o primeiro que se fai, logo dos proxectos, é o relato dos cartos, números. Axiña escomenza unha longa peregrinaxe pra conseguila financiación. Caixas de Aforros, entidades bancarias, algúns centros comerciais... Os resultados endexamais deron, polo menos deica agora, pra pagar tódolos gastos. E isto tendo en conta que (compre decilo xa) os nosos grupos de teatro galegos traballan, todos eles, en *régime económico de absoluta heroidade*.

### SUBVENCIONS E AUTOFINANCIACION

Organizar unha mostra coma Vigo ou Ribadavia ten dúas opcións sempre: a *subvención* e a *autofinanciación*. Esta última non é posíbel. O resultado (polo menos en Ribadavia) ven sendo un tento de mistura-las dúas. Os grupos veñen, se pódese, pagando os gastos do seu peto. Logo pódese chegar a un acordo segundo os cartos que se fagan na venda de entradas. Non coñecemos exactamente o sistema deste ano, pro ven sendo así.

En Vigo, sen embargo, ó se-la entrada gratuíta (por celebrárense as actuacións no auditorio da Caixa de Aforros, anque este ano hai a idea de ir tamén polas asociacións de veciños dalgúns barrios) o xeito de financiación é exclusivamente de subvencións, unhas subvencións altas se as comparamos coas que pode conseguir Ribadavia logo de

# Vivir da esmola e resistindo

moitos traballos, pro que tampouco abundan pra cubri-los programas previstos. O ano pasado, concretamente, a idea primeira de pecha-las Xornadas de Teatro coa actuación do grupo portugués «Os bonecreiros» houbo de resolverse chamando urxentemente pra que

non viñeran porque non había xa unha cadela máis.

A «outra mostra» ou «mostra paralela», a chamada «Mostra Popular» que o pasado ano organizou en Vigo a Cordinadora tentou a alternativa única da autofinanciación. Os resultados foron

semellantes a outras, cunha diferenza, aquí houbo que traballalo todo co voluntarismo.

### NON E UNHA EXCEPCION

O teatro non é unha excepción na nosa realidade cultural, sen canles propias, sen capital propio, sen unha burguesía capaz de apoiar e axudar ó crecemento das diferentes actividades e manifestacións da nosa cultura (a non ser moi illados e históricos casos persoais, de ningunha maneira representativos). O teatro galego ven ser, nestas condicións, teatro de trincheira á forza, teatro de catro patacóns, dunha herocidade fóra do común que, a pesares de todo, segue á procura das vangardas, dos compromisos e mesmo á conquista dun público necesario que aínda non hai.

O Estado podería axudar cunhas subvencións fortes. Pro habería que pensar xa noutro Estado, noutros intereses que moveran a máquina do Esta-

### AXUDAS OFICIAIS O T.I. EN 1976

Festival de Teatro de Sitges .....	2.000.000 pts.
Semana de Teatro de Cuenca .....	400.000 pts.
Sala Villarroel de Barcelona .....	1.000.000 pts.
TEI Pequeno Teatro de Madrid .....	350.000 pts.
Grupo Ensayo-1, de Madrid .....	250.000 pts.
Compañía Teatro-Mediodía de Sevilla .....	250.000 pts.
Escuela de Artes y Oficios de Ibiza .....	100.000 pts.
Grupo Teatro Els Joglars, de Barcelona .....	150.000 pts.
XII Olimpiada del Humor. Valencia .....	50.013 pts.
Certamen Anual Teatro Galardón del Duero .....	100.000 pts.
Certamen Teatro del Mar Menor .....	75.000 pts.
Campañas en colaboración co Grupo Ditrambo .....	200.000 pts.
Agrupación La Cazuela de Alcoy .....	250.000 pts.
Asociación de T.I. de Alicante .....	250.000 pts.
Teatro Universitario de Murcia .....	200.000 pts.
Centro de Investigaciones Teatrales (Madrid) .....	100.000 pts.
Grupo UZO-1, de Alicante .....	100.000 pts.
Grupo Teatro Libre de Madrid .....	100.000 pts.
Campañas en colaboración co grupo Els Comediantes .....	250.000 pts.
Festival de Teatro de Vitoria .....	250.000 pts.
<b>TOTAL .....</b>	<b>6.425.013 pts</b>

Galicia

NOTA: Compre engadir á lista outra subvención que se lle deu ó «Teatro de la Ribera» en Zaragoza de 100 mil pts., entre cinco e seis millóns de pts. á Asamblea de Actores e Directores de Barcelona... e algunha outra máis que non podemos recoller. Son tamén as que se lle adicaron ó teatro independente somentes. Quedan outras. Nunhas e noutras Galicia non aparece por ningures.





do. O teatro independente (lógicamente rupturista, de vangarda ética e estética, expresiva e ideolóxica) non interesa. Se ese teatro se produce, ademais, como manifestación dunha cultura marxina-da, colonizada, que loita por saír adiante e ser ela mesma... aínda interesa menos.

Aquí mesmo publicamos unha serie de subvencións que dá tódolos anos o Ministerio de Información e Turismo prós grupos do chamado teatro independente. Algo é algo. Sen ser nunca gran cousa e sen tentar, nin moito menos, resolve-lo problema económico e de profesionalización, estas axudas foron sempre máis fortes ou máis cativas segundo os tempos do réxime franquista foran máis liberalizadores ou non. Sempre foi, de calquera xeito, unha billa moi cutre.

En 1975 os grupos de teatro independente escomenzaron a esixir que esas listas das subvencións se fixeran públicas, a ver quen levaba e quen non levaba cartos, qué se facía con eles. Dos seis millóns e medio que a Subdirección de Teatro repartiu o ano pasado entre grupos independentes a Galicia non veu nin siquiera unha cadela.

#### «NON POLITICEN VOSTEDS»

¿Cómo explicar isto? Cando os organizadores da II Mostra de Teatro Galego de Vigo foron ó ministerio e amosaron as cifras que hoxe publica TEIMA díxéronlle que *a ver se se resolvía pra outra vez, pro que estas cousas son sempre así: uns quedan dentro e outros fóra. Non politicen vostedes as cousas con iso da rexionalización e as desigualdades*. O Ministerio prometéu pra Vigo, xa o ano pasado, cen mil pesetas. Cáseque tódolos anos fai a mesma promesa. E aínda están agardando.

E nembargantes, nós mesmos puídemos comproba-la sosa e creto do teatro galego na xeografía do teatro independente español, concretamente. Ribadavia é hoxendía unha institución dentro do teatro independente da Península Ibérica, e non esaxeramos absolutamente nada na afirmación. En Avignon, capital do teatro independente de Europa, tense noticia de Ribadavia como fenómeno das «culturas marinadas». Xa noutro termo, as Xornadas de Vigo son un encontro moi representativo do que se está a facer na Península Ibérica ó recoller unha testemuña do teatro dos diferentes pobos e culturas que a compoñen.

O ministerio, naturalmente, todo isto o mesmo lle ten. Diante das subvencións deste ano o lector, coma nós, preguntárase qué criterios se poden ter pra facelo reparto.

## Escolma/TEIMA

### LIBROS

**Anxel A. Rey Ballesteros. «DOS ANXOS E DOS MORTOS». Colección Pombal. Editorial Castrelos. Vigo, 1977. Novela.**

Novela construída fundamentalmente a partires das vivencias persoais e mesmo existenciais dunha xeración de rapaces, a que chega á universidade de Compostela na década dos 70, nenos da pequena-burguesía, inqedos e cansos ó mesmo tempo, de volta de moitas cousas e desesperadamente abertos a novas posibilidades, anque —asegún se desprende das páxinas do libro— cunha grande dose de nihilismo tamén.

Non hai un fío argumental propiamente dito. Non o hai polo menos dun xeito tradicional. A experiencia narrativa é interesante. Tan interesante coma discutíbel nalgúns intres tanto dende o pun-

### DOS ANXOS E DOS MORTOS

ANXEL A. REY BALLESTEROS



to de vista estrutural e narrativo coma lingüístico. Os hiperenxebismos, as construcións vacilantes do idioma empregado polo autor (un home moi novo polo demais), algunhas solucións ortográficas e mesmo léxicas, etc.,

son, máis ca limitacións do escritor, problemas xerais que aínda ten plantexados o idioma.

Repetimos que o traballo é interesante e a experiencia narrativa tamén, apoiándose na capacidade de suxerencia sempre das palabras, das imaxes, a composición sintáctica. Narrativa introspectiva, persoal. Exercicio lingüístico. O longo de toda a novela recende (ou cheira, asegún) o ambiente canso e rebelde ó mesmo tempo dunha xeración de rapaces, arredor da universidade, as vacacións na casa, os anxeos de independencia, as crises existenciais e as lecturas afervoadas, intelectualizadas, crípticas. O lector non ten que buscar (anque se desenvolva a narración arredor dos ambientes universitarios composteláns) un texto político ou de ambiente político. Tampouco é a crónica de nada. E un tempo, unha situación, un longo vagar do espírito revoltado e desacougado.

### REVISTAS

**BOLETIN CASA DE GALICIA. Edita a Casa de Galicia en París. 5 Rue las Cases, 75007, París (Francia).**

Chegan á nosa redacción de cando en vez as mostras da prensa emigrante. Prensa unhas veces



collemos, sulñamos eiquí, a presenza dos galegos en París, arredor da Casa de Galicia na capital francesa.

Faise a ciclostil, coma tantas outras publicacións semellantes. Este número correspondente ós primeiros días deste ano contén, amais das felicitacións e desexos dun ano novo venturoso pra todos, un ensaio sen firma encol do problema nacional de Galicia, algunhas informacións do centro, un poema de Lueiro Rey, un chiste de Castelao e («ouh, milagres!») unha páxina de publicidade.

collemos, sulñamos eiquí, a presenza dos galegos en París, arredor da Casa de Galicia na capital francesa.

### TEATRO

**V MOSTRA DE TEATRO GALEGO DE RIBADAVIA. Ribadavia, Ourense.**

O 14 de maio comenza, un ano máis, a Mostra de Teatro Galego de Ribadavia. De certo a Mostra de Ribadavia é hoxe o acontecemento teatral máis importante de Galicia, capaz de recoller tódolos anos o que se está a facer, preocupacións e realizacións do noso

teatro independente, teatro galego e, deica agora, teatro de trincheira tamén, na resistencia. Logo están as que se celebran en Vigo.

A característica máis importante deste ano (no intre polo menos de redactar esta ESCOLMA) é a presenza de grupos novos e, posíbelmente, a ausencia de outros que tradicionalmente viñan a Ribadavia, pro que nesta edición, por unha cousa ou por outra, non teñen obra preparada. Haberá, pois, novidades.

O día 17 fállase, coma sempre, o premio «Abrente» (a asociación cultural desta vila que promovéu as mostras dende o seu nacemento). Xunto co premio teatral que convoca a Asociación Cultural «O Facho» e, logo da desaparición daquel primeiro «premio Castelao», «Abrente» é o certame de máis sona nestes intres. Este ano, precisamente, un dos grupos participantes presenta en Ribadavia a obra gañadora do premio o pasado ano. Hai unha invitación inevitábel nestas datas: Ribadavia, na semana do 14 ó 21 de maio.

# cartas a dirección



## EN CONTRA DUN EDITORIAL DE «TEIMA»

O editorial publicado no número 19 de TEIMA fixo chegar á redacción varias cartas de disconformidade. Son as que publicamos agora.

Sr. Director: Mirando o editorial do número 19 da revista TEIMA tiñado «Os novos Mesías», tivemos que virar varias veces a folia pra ver a portada e decatarnos de que verdadeiramente estábamos lendo TEIMA. Coidamos nun intre ter nas mans un «Galicia en loita», un «A Voz do Pobo», ou algo polo estilo.

Iste editorial mostrouse pra nós, e utilizamos palabras do mesmo, como exemplo de claridade do que, xusto TEIMA non ten que ser. ¿Ula a gran revista de TODO o Povo Galego? ¿Ula a tan cacareada independencia e imparcialidade de TEIMA? ¿Quén é TEIMA, preguntamos, pra emitir semellantes xuícos sobor de tal ou cal organización? ¿Qué ideoloxía particular tenta de sacralizar a que se viña decindo «revista de TODO o Povo Galego»?

Estivemos en Xove, e podemos afirmar que ninguén sacralizou ningunha ideoloxía. A marcha estaba aberta a todo o Povo Galego, e ao final houbo un mitin organizado por CC.LL. (anunciado na prensa días antes) de asistencia libre, e non polo P.C.E. (léase Rafael Pillado). Estivemos en Xove e vimos que o noventa por cento dos «marchantes» (¿¿Sectarismo??!) estaban achegados a unha liña de actuación determinada. Non comprendemos pois como TEIMA pode falar de intento de sacralización por parte de organización ou organizacións que representaban a isa gran maioría, tendo en conta a súa «INDEPENDENCIA E IMPARCIALIDADE».

Sólo un consello: Pra o próximo editorial feito con iste molde, facede o favor de poñer en baixo as siglas respeitivas.

Atentamente. Dous decepcionados suscriptores.

Xosé Barbazán - número 1.392

Xosé Ramón Barba - número 1.241

\* \* \*

Compañeiros de TEIMA: Como me sinto parte de TEIMA, ó levar dende o número cero enchendo un pequeno anaco dela, e como coido que os editoriais son o sentir da revista, non podo facer outra cousa que amosar o meu total desacordo co editorial do número 19 sobor da marcha de Xove, xa que —pra min— a trata dun xeito totalmente partidario, dándolle as costas a

unha das versións e a un importante «sector» de Galicia. Aclárovos que eu son independente e non defendendo aquí intereses particulares.

Xaquín Marín  
Fene

\* \* \*

Sr. Director: O editorial «Os novos Mesías» (núm. 19 de TEIMA) púxome de manifesto o que «non deberá suceder nunca máis» nunha revista que se adorna cos títulos de independente, suprapartidaria e demais boas verbas.

O editorial é unha mostra de estilo retóricoapocalíptico e de cegueira («Xove foi a escalada da inconsecuencia»). Pro o que máis fundamentalmente me impresionou foi a súa capacidade de xenreira antipartidista; quedamos ben enterados e moito máis que asustados polo malísimo que son os da UPG e ANPG: sectarios, arrogantes, pretenciosos, intemperantes, intransixentes, boicoteadores e mesiánicos. Un alarde de puro maniqueísmo.

Tampouco esquece o editorial a «escalada dos insultos»: os líderes das nefastas organizacións devanditas son por riba de mesiánicos e sacramentalistas, un «fato de trasnoitados líderes de si mesmos»; líderes ensoberbecidos, que sóo saben mirarse ao ombligo ou un pouquiño máis enriba, «ós seus propios peitos»; «fato de grandes homes en solitario», porque «so pobo sómolo todos. Non, señores, uns cantos privilegiados».

O editorial bota por fora toda a súa «unidade xenerosa» cando nos mostra «o arribismo electoralista» destes homes-fillos do díaño que capitalizan a marcha «á conta... da mesmísima miseria e incertidumbre dos labregos...» ¿E qué máis? Eu estiven en Xove. E hoxe sinto vergonza de leer tanto insulto, tanta xenreira, tantas parcialidades e mala fe, tanta falta de equidade e de análise obxectivo dos feitos. E todo elo no nome da independencia, da equidade e da sacrosanta unidade ou supraunidade xenerosa.

Anxel Iglesias Díaz  
Suscriptor nú. 804  
C/ Burgos, 46, 3.º  
Vigo

\* \* \*

## FRENTE COMUN DE ESQUERDAS

S. Director: E urxente e necesaria a unión nun Frente Común de todas as Forzas Democráticas de Es-

querdas das Nacionalidades e Rexións e naturalmente do Estado Español. A pesares do que din algunhas forzas nacionalistas, mentras non se despexe o futuro político do Estado Español, as distintas Nacionalidades e Rexións non poderán outar o seu dereito á Autodeterminación e á Autonomía. Todo esto vai espoto nos seguintes puntos:

1) A competencia, o individualismo e os intereses de partido —larcas heredadas do capitalismo— privan o futuro da clase que, as Forzas Democráticas de Esquerdas, din defender.

O pobo tiña posta as súas esperanzas nas próximas eleccións, esperanzas que vai perdendo canto máis se van achegando as eleccións, pois as Forzas Democráticas de Esquerdas non acaban de unirse.

2) Ningún grupo de Esquerda pode enfrentarse con éxito, individualmente, ás eleccións, pois serían as forzas «reformistas» as que rematarían por capitalizalas. Non é necesaria a «legalización» de todos os partidos pra concorrir ás eleccións, senón a súa vontade de facelo. ¿De qué xeito? Apoiando a un partido que esteña «legalizado», como o PSP.

Por último, as forzas que teñen o deber cívico de unirse diante do pobo son: PGSD, PCaG, PPG, PSG, PSPG, ORT, LCR, MCG, UPG, e como non, o PCG, aínda que nos últimos tempos este partido, baixo a dirección de Carrillo, desviouse das clases populares. Non me esquezo do PSOE, pro este partido é pequeno-burgués. Falo dos partidos a nivel galego, aínda que isto é válido prós seus homónimos do Estado Español.

Andrés Freire Freire  
C/ Barcelona, 89, 4.º dta.  
Coruña

\* \* \*

## FONTENLA E OS VECIÑOS DE VILABOA


Estimado Director: Con sorpresa lín nun número da revista que dirixes un comentario sobre a miña persoa referido a Autopistas do Atlántico, manifestando un dos entrevistados, por nome Arturo Estévez, que eu me negara a acudir como profesional do Dereito ao lugar de San Martiño en Vilaboa a requirimento seu. Ignoro se Arturo Estévez estivo no meu bufete, mais o que sí podo dicir é que o que dí non é certo. A verdade é que unha tarde

apresentáronse no meu estudio dous rapaces, decíndome que a Garda Civil batera na xente de Vilaboa —San Martiño— e que coidaban que iban bater máis neles, pola tarde, e que é o que se podía facer. A miña resposta foi profesional e non política, como é xusto e lóxico, posto que requerían a asesoría e orientación xurídica dun abogado, perante uns feitos que acontecieran e podíanse repetir. A miña resposta, como noutros casos de espropiacións e mesmo de Autopistas, foi ao meu entender a correcta, que eu podía actuar como Letrado mais non como testigo e que non podía dar fe como un Notario; que estaba disposto a plantexar cantas denuncias fosen precisas pola actuación da Garda Civil, que me trouxeran testemuñas e partes médicos pra poder intervir perante o xuzgado. Ao seguinte día, non sei se ese Arturo Estévez ou outra persoa, pois non conozo a todos os que pasaron polo meu bufete polo problema de Autopistas do Atlántico, pedíume tamén orientación xurídica para un problema de danos a unha casa. Tamén fixen o oportuno dictame e din a opinión que xurídicamente me pareceu máis correcta. Por suposto a ninguén lle cobre as consultas nen o asesoramento, nen nesas ocasións nen noutras, en que a xente que veu ao estudio viña da man de amigos ou coñecidos. O sorprendente é que, según as miñas noticias, logo os veciños afectados actuaron dacordo coa orientación xurídica que eu din a eses rapaces, dos que eu non sei o nome, pro que na revista identificáronse un deles como Arturo Estévez. Non me parece mal que aproveitaran a consulta e que estiveran dacordo co que eu lles dixen e logo actuaran, como o fixeron os veciños, según as miñas instrucións. O que sí me parece desaxeiado e malicioso, salvo erro na transcripción da entrevista, é que se diga que eu me negué a ir a San Martiño sin máis aclaracións, acusándome como contrario á defensa duns intereses, os dos veciños de Vilaboa, que dende a miña profesión, cando fun requerido así, e dende outras instancias defendín sempre desdeque nacéu o problema. Remítome á actuación miña mentras estiven no Partido Galego Socialdemócrata (PGSD) e mesmo dende a Presidencia de Amigos da Cultura.


Agradecéndome de antemán a publicación desta carta aclaratoria, recibe un cordial saúdo.

Xosé Luis Fontela Rodríguez  
Xral. Mola, 17, 1.ª planta  
Pontevedra








**suteca**



**suteca**



**suteca**

SUMINISTROS  
TECNICOS  
CAPEANS

Santiago de Chile  
26-baixo


Teléfono 59 96 39  
Santiago 59 99 72

- REPRODUCCION DE PLANOS
- MEDIOS AUDIOVISUALES
- MATERIAL TECNICO DE OFICINAS
- FOTOCOPIAS



IBAÑEZ, PINTADO POR GOYA

# SARGADELOS,



## UN CENTRO DE INVESTIGACION E INDUSTRIA NETAMENTE GALEGO

A PLANIFICACION INDUSTRIAL COMO TRADICION INAUGURADA FAI 200 ANOS POR ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ NA SIDERURXIA E NA CERAMICA


### 7 RAZOS SOCIO-ECONOMICAS DO NOVO SARGADELOS

- 1 — TRANSFORMA MATERIAS PRIMAS DA MESMA BISBARRA...
- 2 — ...QUE MANUFACTURADAS ADEQUIREN 200 VECES MAIS VALOR QUE VENDENDOAS SOIO BENEFICIADAS.
- 3 — A MAN DE OBRA E NUN 100 % DA MESMA BISBARRA.
- 4 — UBICADA EN MONTE BAIXO NON ELIMINOU CULTIVOS APROVEITABLES, NIN TROUXO COMPLICACIOS ECOLOXICAS.
- 5 — A INVERSION POR POSTO DE TRABALLO FOI DE 300.000 PESETAS.
- 6 — O DESIÑO E A TECNICA QUE UTILIZA PERTENECE A INSTITUCIOS REIVINDICADORAS DA NOSA CULTURA DIFERENCIAL COMA SON

LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS

- 7 — AS POSIBILIDADES DA EVOLUCION DE SARGADELOS ATOPANSE APENAS NOS SEUS COMENZOS.



complexo de industria, investigación e formación que agroma en sargadelos

## EDICIOS DO CASTRO

SADA - A CORUÑA. Tfno. 62-02-00

- Libros — PROBLEMAS DA CULTURA GALEGA, en galego ou en galego/castelán.  
— PROBLEMAS DE DESIÑO, COMUNICACION, ARTE E INDUSTRIA, en galego e en castelán.  
— PROBLEMAS TECNICOS PARTICULARES DA CERAMICA, en castelán

- Cadernos — do LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
— do SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS  
— do DEPARTAMENTO DE PREHISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO



# 17 de maio

## Día das Letras Galegas

«O Día das letras Galegas» é xa un acontecemento fundamental no ano galego, data que ven conmemora-la presenza viva da nosa cultura (unha presenza que non fai máis que medrar arreo) na data de edición dos «Cantares gallegos» de Rosalía de Castro, en 1863, data que se considera historicamente o principio do noso «Rexurdimento» literario.

Nestas páxinas especiais que TEIMA adica ó día tocamos temas fundamentais: algunhas suxerencias encol da personalidade histórica de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) que foi o primeiro teorizador do nacionalismo galego e a quen vai adicado este ano o «Día das letras galegas» por acordo da Real Academia Galega. RAMON VILLARES fai unha análise do contexto histórico no que aparece o nacionalismo galego nos primeiros anos deste século, RAMON PIÑEIRO fai algunhas consideracións encol do pensamento político do escritor galeguista, e VICTOR F. FREIXANES dá algunhas suxerencias encol da personalidade xornalística de Villar Ponte.

Outro tema que quixemos recoller eiquí foi a cuestión da lingua. XESUS ALONSO MONTERO propón un pequeno esquema cara a unha alternativa inmediata no intre histórico (que arelamos todos democrático) que nos vai tocar vivir. Amáis disto, a redacción preparóu un pequeno informe encol das recentes xuntanzas cara á normativización da lingua.

## Antón Villar Ponte

Nacéu en Viveiro en 1881. Fixo estudos de Farmacia en Compostela e exercéu logo a profesión en Foz onde escomenzou a escribi-las primeiras cousas cun interés especial pola prensa. En Madrid adicóuse ó xornalismo xa abertamente. Logo emigróu a Cuba onde dirixiu varias publicacións diarias e revistas. En 1916 volve á Galicia e establececese na Coruña.

1917 é unha data fundamental na historia do país: a creación das «Irmandades da fala», obra de Antón Villar Ponte precisamente, apoiado entre outros polo seu irmán Ramón. A partir de eiquí escomenza un labor abertamente galeguista e nacionalista, primeiro máis ben cultural, logo directamente político. Xunto a Casares Quiroga crea a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA) que o leva como deputado ás Cortes Constituintes en 1931. En 1936 volve a ser escolleito, pro esta vez polo Partido Galeguista xa.

O seu labor amósase en moi diferentes eidos. Na política os seus textos fundamentais están arredor do nacionalismo galego («Naciona-



lismo galego: a nosa afirmación rexional») na súa meirande parte espallados en artigos, conferencias, etc. En «Pensamento e sementeira» (Edicións Galicia do Centro Galego de Bós Aires, 1971) recóllese unha escolma importante dos seus traballos. No teatro firma con Ramón Cabanillas «O mariscal» e pola súa conta «A patria do labrego» (Luarca, 1905), «Entre dous abismos» (A Coruña, 1920) e «Almas mortas» (Ferrol, 1922) reunidas as tres nun «Tríptico» en 1928. Foi un dos que máis pularon o interés polo teatro galego nas «Irmandades da fala». Escribe tamén pró teatro «Noiturno de medo e morte» e os «Evanxeos da risa absoluta».

Polos seus textos doutrinarios está considerado coma o primeiro teorizante do nacionalismo galego. Logo da súa morte, a Federación de Mocidades Galeguistas publicóu en Santiago unha escolma dos seus traballos neste senso («Escolma d-artigos nazionalistas». F.M.G. n.º 1. Nós, publicacións galegas). Elexido deputado, morréu, sen poder facerse cargo do seu posto, o 2 de marzo de 1936.

Nos nosos días pódese ver como medra e se afirma unha Galicia nova, unha Galicia con conciencia colectiva da súa personalidade de pobo e con vontade enérxica de recaba-los dereitos que a todo pobo lle corresponde. Pero esta Galicia nova, esta *Galicia galega* que sentímos medrar día a día, ten antecedentes, ten as súas orixes no pasado. Despois de corenta anos de incomunicación «normal» co galeguismo anterior, as novas xeracións galegas que agora protagonizan esta xurdia agromada galeguista poden te-la sensación de que é un feito recente. Pro a realidade non é esa, porque a evolución do galeguismo ten unha historia longa e, desde logo, varias etapas. E a actual, a que agora contemplamos con tanta esperanza, ten raíces na etapa representada polas «Irmandades da Fala», que á súa vez foron promovidas por Antón Villar Ponte.

Lembrar a Villar Ponte e rendirlle homenaxe é unha das cousas máis xustas que pode face-lo galeguismo de hoxe. O «Día das Letras Galegas» ofrécenos boa ocasión pra facer presente á significación histórica da súa figura e pra dar a coñece-la importancia da súa obra. Aquí correspóndenos falar da súa dimensión política.

Desde logo, compre dicir que a vida e a obra de Antón Villar Ponte estiveron decote inspiradas polo ideal de liberdade e de xusticia e movidas pola preocupación política de servir ese ideal. A independencia rebelde do seu temperamento e a xenerosidade idealista do seu carácter empuxáron desde moi novo a tomar postura activa contra o tinglado político caciquil montado por Cánovas. Fillo dunha familia acendradamente monárquica e conservadora, o xoven Antón entregouse afervoadamente ó ideal republicano federal e, sendo estudante universitario, fundou en Viveiro, a súa vila natal, un semanario republicano titulado «Nueva Brisa», no que publicou o seu primeiro artigo, por certo en defensa do proletariado.

A través deste semanario promovéu a primeira folga obreira que se levóu a cabo en Viveiro. E en Compostela, nos seus anos universitarios, tamón parte en actos de propaganda organizados polo Centro Obreiro.

Rematada a etapa universitaria coa licenciatura en Farmacia, decidiu establecerse en Foz. Desde alí iniciou colaboración asidua na Prensa liberal de Galicia e na republicana de Madrid e Barcelona, pois o seu activismo ideolóxico encontraba no xornalismo un medio eficaz de proselitismo e de loita. Fíxeron secretario do Comité Republicano Federal que presidía Leiras Pulpeiro, de quen chegou a ser moi amigo. Esta amizade con Leiras, unha das figuras máis prestixiosas do republicanismo galego de comezos de século, é importante na evolución biográfica de Antón Villar Ponte, porque o federalismo ideolóxico do poeta mindoniense estaba profundamente arraizado na identificación entrañábel coa Galicia popular, coa Galicia campesiña oprimida economicamente polas cargas forais e pola presión fiscal e política abafada polo caciquismo apoiado no sistema centralista. O exemplo verdadeiramente apostólico de Leiras na súa lealdade á Galicia popular, sen dúbida influíu positivamente na primeira concienciación «galeguista» de Villar Ponte. E os dous anos de permanencia en Foz tamén lle permitiron coñecer directamente as mágoas desa Galicia indefensa, pois alí escribiu, como protesta contra elas, un drama social titulado *A patria do labrego*, editado en Lueza en 1905. Por certo que en Foz coincidiu co poeta Noriega Varela e máis co pai de Camilo José Cela e entre os tres fundaron un periódico humorístico liberal titulado «Guau-Guau», que lles ocasionou bastantes disgustos.

O mozo Villar Ponte, ben afincado no seu republicanismo federal e iniciado na identificación coa Galicia popular, decidiu emprenderlo camiño da emigración. Despois

## A significación política de Antón Villar Ponte

dalgún tempo de permanencia en Madrid, marchou a Cuba, onde exercéu unha intensa actividade xornalística. No 1912 regresou a Galicia como corresponsal permanente do «Diario de la Marina», e ó pouco tempo incorporouse á redacción de «La Voz de Galicia», que o enviou de corresponsal a Lisboa para face-la información da revolución portuguesa. Este contacto con Portugal lingua estatal. O contraste presión no espírito de Villar Ponte, porque, escoitando o portugués, tivo a revelación de que a lingua galega, a lingua dos labregos, dos mariñeiros e dos artesáns galegos, tan desdeñada pola Administración e pola burguesía urbana, era en Portugal lingua estatal. O contraste entre a situación, tan distinta, do galego e do portugués, que para el viña se-la mesma lingua, fíxolle meditar na importancia fundamental da lingua como expresión da personalidade dun pobo.

De volta na Coruña, comentou estas ideas co seu irmán Ramón e con don Manuel Murguía, de quen chegou a ser grande amigo. Murguía non tardou en lle reconecer que o gran fallo do galeguismo provincialista e rexionalista fora, de certo, o non ter partido directamente da nosa lingua, e decíalle que se fixese unha nova edición do seu libro «Los Precursores» incluíralo a él como precursos póstumo que deba ser pretérito e proto - devanceiro.

Madurecida na súa mente a visión crítica do rexionalismo e ben imposta nas correntes ideolóxicas, tan fortes na Europa de entón, en favor do recoñecemento dos dereitos das nacionalidades, Villar Ponte deu un paso decisivo na evolución do galeguismo, xa que foi el o verdadeiro creador do nacionalismo galego a partir da creación das «Irmandades da Fala» en 1916. Conta o propio Villar Ponte que os primeiros en se identificaren coas súas ideas foron Florencio Vaamonde, Lugo Freire, Banet Fontenla e Aurelio Ribalta. O primeiro poeta en se sumar, Ramón Cabanillas. O primeiro mozo intelectual, Lois Porteiro. O primeiro filósofo, Xohan V. Viqueira. O primeiro obreiro, Uxío Charlón. E o seu animador e inspirador, seu irmán Ramón. Tamén conta que da súa relación epistolar con Cambó naceu a alianza que levóu ós galeguistas a Cataluña e trouxo logo ós catalanistas a Galicia, e que foi entón, con ocasión desta visita dos cataláns, cando Vicente Risco, Lousada Diéguez, Xaime Quintanilla, Arturo Noguerol, Roberto Blanco Torres, Pérez Carballa, e a maioría dos intelectuais galegos novos, se incorporaron ás «Irmandades». E engade: «Dos derradeiros, pra ser dos millores, Otero Pedrayo».

No ano 18 celebróuse en Lugo a primeira Asambleira Nacionalista —os días 17 e 18 de novembro—, na que se aprobou o programa polí-





Antón Villar Ponte, no bar das Cortes Españolas, acompañado por Castelao, Portela Valladares e o xornalista Leandro Pita. (Foto cortesía de doña Teresa Villar Chao, sobriña do homenaxeado).

tico do nacionalismo galego. Villar Ponte defendeu dúas propostas, unha para que o nacionalismo se declarase republicano, e outra para que o nacionalismo declarase como un dos seus principios o considerar a Portugal como o baluarte da nosa independencia espiritual. Ambas propostas foron matizadas e asumidas nos seguintes principios programáticos: «Federación da Iberia». Dentro desta federación, igualdade de relacións con Portugal. Crendo na accidentalidade das formas de goberno, interésanos aclarar que non apelamos por ningunha, máis simpatizaremos, desde logo, con aquela que se mostre máis doada pra chegare á federación con Portugal».

Tamén propuxo Villar Ponte unha «Profesión de fe» que foi aprobada en Lugo e ratificada en tódalas Asambleas, redactada nestes termos: «Os nacionalistas, agora como decote, coidan que o proble-

ma galego é un problema de personalidade, de liberdade e de dignidade. Queren tódalas descentralizacións políticas e administrativas, máis entenden que aínda conquerdas estas descentralizacións e trocada Galicia nun territorio rico e progresivo, o problema nacionalista fícarla sin resolver. Só ha de ter resolución cando sexamos donos dunha personalidade propia baseada no trunfo dunha propia cultura, que nos independice das culturas alleas, xa que contamos con unha tradición, con unha raza e con unha terra de características especiaes, diferenciada das máis do mundo, na que a lingua é o froito natural por excelencia. Entramentras non cheguemos a ese xeito de suprema liberdade, no que nós dispoñamos dos nosos destinos, con arreglo ás nosas comenencias, nun libre desenrolo de tódalas nosas posibilidades raciás, capaces de crearen unha civilización atlántica, o nacio-

nalismo galego non terá abranguido o seu fin nobre, grorioso e santo, beneficioso pra a humanidade».

O papel personal de Antón Villar Ponte na creación e promoción do nacionalismo galego foi fundamental. Sabíao ben Castelao cando en 1934 escribiu estas palabras: «Alfredo Brañas xa morrera e a nosa terra deixábase assimilar estúpida-mente, sen azos pra revivir. Eu, daquela, tíñame polo derradeiro supervivente dunha Patria suicida. E foi neste intre cando chegóu a mín a voz de Villar Ponte, voz que xuntóu a uns cantos «bós e xenerosos» que non nos coñecíamos pero que dende entón ficamos trabados por unha irmandade que ningún acontecemento pode romper xa. O nome de Villar Ponte siñifica para mín o orixe do galeguismo».

A actuación política de Antón Villar Ponte tivo unha segunda iniciativa de importantes consecuencias: promove-la unión do nacionalismo

e máilo republicanismo para crear unha organización republicana galega que incorporase a presenza política de Galicia como tal á corrente republicana que se ía desenvolvendo en España nos derradeiros anos da Dictadura de Primo de Rivera. Non conqueríu Villar Ponte arrastrar a tódolos núcleos nacionalistas a esa operación política de fusión co republicanismo, pro sí o secundou un sector, especialmente do grupo coruñés, e en 1930 fundóuse a ORGA, que tomóu parte, en representación do republicanismo galego, no famoso Pacto de San Sebastián. Comentando este feito, Villar Ponte escribía pouco despois: «Esa forza política conqueríu o primeiro trunfo serio e trascendente en S. Sebastián. Alá foi un representante do republicanismo galego, de todo o republicanismo galego, pra tratar como belixerante no pacto das esquerdas españolas. Nunca tal se vira. Galicia, políticamente, endexamáis actuara en ningures con presonalidade propia».

O representante da ORGA no Pacto de San Sebastián e posteriormente no goberno da República foi Casares Quiroga e non Villar Ponte. De ahí que as esperanzas galeguistas que este puxera na creación desta organización sufriran as desviacións impostas pola personalidade de Casares. Villar Ponte foi deputado da ORGA nas Cortes Constituintes. Pero, decepcionado do rumbo político que lle imprimíu Casares, no 34 deuse de baixa pra ingresar no Partido Galeguista.

En febreiro do 36 foi elixido deputado galeguista e, moi poucos días despois, morréu a consecuencia dunha vella doenza gástrica. No seu enterro estaban presentes galeguistas de toda Galicia e miles de coruñeses, así como tódalas organizacións democráticas políticas e sindicais.


RAMON PIÑEIRO

MARIA  
MARTINEZ  
OTERO

AV. DE PONTEVEDRA S/N  
A ESTRADA T.570197-570 781  
PONTEVEDRA



INDUSTRIAS  
DO  
MUEBLE





Ante a necesidade inmediata de ter un galego fixado prós textos escolares de-  
nantes das eleccións, e a traveso do Instituto da Lingua Galega (I.L.G.),  
convocáronse en decembro unhas xuntanzas que se viñeron celebrando hastra  
agora e nas que participaron lingüistas, escritores, mestres, etc. Xa hai uns  
acordos mínimos, acordos que, ó estaren presentes representantes de diversas  
«tendencias» veñen ser unha base moi importante pra acada-la tan desexada  
normativización.

# Poñerlle pés á lingua escrita

MANUEL RIVAS

«Se tivermos unha gramá-  
tica dende o ano dez —decía  
un dos lingüistas participan-  
tes nas xuntanzas— outro  
galo cantaríaa». A Real Aca-  
demia Galega, fundada a come-  
zos de século— non chegou  
a facer ningún dicionario nin  
gramática, cousas que eran a  
súa primeira finalidade. O  
único que fixo esta institu-  
ción, neste senso, foi publicar  
un dicionario que chegou á  
letra c no ano 1928. Esta fa-  
lla de regras e de normas mí-  
nimas foron por unha banda  
consecuencia e, por outra,  
efecto da situación da lingua  
galega, asoballada e discrimi-  
nada ó longo de tantos sécu-  
los.

## AS ELECCIONS COMO AGUILLON

Está clara a necesidade de  
ter un galego normativizado  
prós textos de ensino, pro cí-  
tase outra razón importante:  
as eleccións do 15 de xuño.  
¿Por qué? Os panfletos, os  
comunicados, os cartéis, os  
mesmos comicios e asam-  
bleas foron nos últimos anos  
un extraordinario medio de  
normalización, de espalla-  
mento, da nosa lingua. Foron  
os partidos e organizacións  
de esquerda —sobre todo os  
nacionalistas— os que impu-  
xeron a hexemonía do galego  
como lingua pra expresar

protestas, anxeios e necesi-  
dades. E isto foi posíbel a  
medida que as forzas políti-  
cas chegaron a un meirande  
vencellamento coas clases  
populares. Partidos que nun  
principio utilizaban o castelán  
nos seus voceiros e octavillas  
pasaron a emprega-la lingua  
nacional. Agora, cando a acti-  
vidade política vai aumentar  
moito e a propaganda escrita  
vai chegar a cada currunchito  
do país, convén que os apare-  
llos dos partidos teñan a man  
unhas normas lingüísticas pra  
non caír nos erros, nas sim-  
ples traducións, e no confu-  
sionismo, quizaves xustificabeis  
noutro tempo.

Como xeito de espalla-  
mento das conclusións e con-  
tido das xuntanzas vaise edi-  
tar un folleto que será distri-  
buido masivamente por toda  
Galicia. Tamén ó traveso da  
prensa e dos medios de co-  
municación darase a coñecer  
este intento, pra moita xente  
o máis serio dos feitos hastra  
agora, de normativización do

galego. De tódolos xeitos, as  
xuntanzas continuarán pra  
profundizar nas cuestións  
máis complexas.

## OS PARTICIPANTES

A primeira xuntanza de  
traballo foi o primeiro sábado  
despóis de Reis. Logo, cada  
quinze días, pro axiña decidi-  
ron xuntarse tódalas sema-  
nas pra dinamiza-las cousas.  
Os que levaron o peso do tra-  
ballo e asistiron a práctica-  
mente tódalas conversas fo-  
ron: *Constantino García,*

*Martín, X.L. Méndez Ferrín,  
Bernardino Graña, Xulián  
Maure, Xoan Babarro, X.  
Alonso Montero, Arturo Re-  
guera, X. M<sup>a</sup> Lema Suárez, e  
Felipe Martínez Marzoa.*

Participaron tamén nal-  
gunhas das sesións: *Carballo  
Calero, Paco del Riego,  
Ramón Piñeiro, Carlos Casa-  
res, Rábade Paredes, Valen-  
tín Arias, Ramón Lorenzo,  
Xosé Chao Rego, Xosé Fortes  
Bouzán, Manuel Espiña, M<sup>a</sup>  
Camino Noia, Salvador Gar-  
cía Bodaño, Alfredo Conde,  
Ramón Fraga, Carlos García*



A POLITICA COMO VIEIRO DE ESPALLAMENTO



*Antón Santamarina, Camilo  
Flores, Xosé L. Rodríguez, X.  
L. Couceiro, M. González  
González, Charo Alvarez,  
Francisco Fernández Rei,  
Xosé-Martiño Montero San-  
talla, Torres Queiruga, Paco*

*Martínez, Guillermo Rojo,  
Harguindey Banet, Manuel  
Vidán, Masó, Ricardo Pal-  
más, Ríos Panisse e Baltar.*

Algunha xente vai pensar  
que este foi un intento máis  
de intelectuais pra normati-  
vizar



zar un galego culto. Os participantes salientan moito que quixeron estar o máis perto posíbel da realidade lingüística actual. O material recolleito polo I.L.G. foi unha aportación inestimábel: son tres cuartos de millón de voces (pra todo tipo de problemas: fonéticos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos) recolleitas entre santos de 1974 e santos do 1975, e logo en maio e xuño do 1975. Esta fala viva recolléuse nunha rede de 167 puntos, nun ámbito territorial que ía hastra o Navia, en Asturias, Ponferrada, en León, e o Padornelo, en Zamora. «Non estamos nas nubes —dixo un dos participantes—, temos unha mostra ben grande da realidade da nosa fala. Algún xa empezará a criticar sen saber de qué vai a cousa».

## O FUNCIONAMENTO

Un dato importante a suñar é que as decisións non foron tomadas a man alzada na maioría dos casos senón por convencemento dos opoñentes. Unha ou dúas persoas encargábanse de busca-los datos, de elaboralos e defender unha solución ante todos. Houbo temas nos que foron necesarias varias sesións en días distintos. Outras veces a unanimidade foi imposíbel. En todo caso, nas distintas posturas reflexábase non sómentes as concepcións lingüísticas senón tamén as posturas globais ante Galicia como nación. «O cabo podías face-lo retrato político dos que pasaron por alí».

Quizaves as diferentes análises da realidade galega foron as que motivaron nestes anos outras tantas posicións e intentos de normativización lingüística. Pódese dicir que a totalidade destas posturas, máis ou menos definidas, máis ou menos im-

plantadas entre os lingüistas, e certamente pouco diverxentes, tiveron abogado defensor nas xuntanzas. En síntese, os intentos de normativización do galego podemos resumilos así: *normas do Seminario de Estudos Galegos, normas da Real Academia Gallega, normas dos lusistas, normas do Instituto da Lin-*

*ta*, ven que non era posíbel adaptar totalmente a lingua galega ás normas da fala de Portugal. Se nunhas cousas o galego conservou xiros e formas que o portugués perdeira, noutras o galego desenrólase dun xeito distinto. O espírito do S.E.G. é «o de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher

mente o galego. Tamén houbo un intento, que non chegou a callar, de representar tódolos fonemas vocálicos galegos. As normas da Academia chegaron moi tarde —publicáronse no ano 1971—, cando xa había unha serie de posturas independentes implantadas, e os seus seguidores non se senti-



¡FALEMOS GALEGO XAI!

*gua Galega, as mesmas normas de TEIMA e a nova normativa galega, que xorde despóis destas xuntanzas.*

## POSICIONS NORMATIVIZADORAS

Prós do Seminario de Estudos Galegos, o galego e o portugués foron a mesma lingua deica o século XIV. A partir da colonización iniciada no século XV polos casteláns, os falares do norte e o sur do Miño arrédanse. Cando elaboran as normas, a principios da década dos trin-

no noso idioma». Non son antilusistas, máis ben todo o contrario; pro non consideran que o portugués sexa unha lingua perfecta «cando unha construción galega que viña suplir unha falla no galego tomou patria no noso idioma, se aquela é superior técnica-mente á portuguesa co-ela debemos ficar».

Prá Real Academia Gallega a ortografía galega está asentada sobor da castelá na que só se introducen as modificacións necesarias pra representa-los sóidos consonánticos que ten exclusiva-

ron obrigados a acepta-las normas dunha institución da que estaban desvencellados e que nunca se destacara por unha tradición no traballo lingüístico; sen dúbida contribuíu ó non asentamento destas normas a falla doutro tipo de organismos políticos e culturais que a apoiaran.

A partir do Manifesto dos 13 de Roma as teses lusistas van ter unha presenza na polémica arredor da normativización. ¿Qué caracteriza a esta liña? Sobor da base dunha lingua e dunha tradición galego-portuguesa común



eles defenden unha unión cada vez máis íntima do galego co portugués, mesmo cedendo en rasgos de seu. Un dos argumentos utilizados polos lusistas é que o galego acadaría así unha universalidade, pertenceríamos ó mundo luso-brasileiro con máis de 125 millóns de falantes. Outro argumento é que, partindo do primitivo tronco común, hoxe, propiamente falando, lingua de cultura non hai máis có portugués. A normativa tería que favorecer a transición cara ó portugués. A esta postura, defendida en varios artigos por J.M. Montero Santalla, súmanse Rodríguez Lapa, Coromines, e, últimamente, Carballo Calero.

Do Instituto da Lingua Galega xurdiron os métodos de aprendizaxe (Galego 1, 2, e 3) nos que se utilizou unha nova normativa. Houbo bastantes críticas por entender algúns sectores que se tomou unha postura moi feble ante os castelanismos, postura que viña dada por un excesivo respecto á fala viva. De tódolos xeitos aquilo foi un paso adiante e as actuais xuntanzas veñen a ser un perfeccionamento daqueles intentos. O Instituto quixo, haxa agora, reflexar un galego sinxelo, sen vulgarismos, e elevado sen ser produto de laboratorio. «A tradición literaria —ten dito Constantino García— e mála lingua falada en rúas e camiños foron tidas en conta, depuradas e conxuntadas... Fuximos, polo tanto, de canto podería da impresión de artificiosidade ó falante espontáneo, pro tamén do que non ten unha utilización xeral a nivel da lingua falada».

#### «TEIMA» E A NOVA NORMATIVA

A mesma existencia dunha revista escrita totalmente en

galego e cunha difusión masiva ven supoñer unha actividade normativizadora. As normas que vai utilizar TEIMA fanse partindo do feito, en canto a normativa e investigación, polo I.L.G. hastra agora. Dáselle entidade ó galego por si mesmo, respetando todo o que nos diferencia das dúas linguas veciñas, rexeitando tódolos castelanismos, e percurando na tradición galego-portuguesa ou nas zonas máis resistentes do galego as nosas verdadeiras e auténticas formas. Esta postura foi, a grandes rasgos, a que triunfou nas xuntanzas. Había algunhas diferencias que, despois das conclusións, se foron incluíndo a modo, o que se le hoxe é a lingua practicamente normativizada anque o que se pretende e ver como opera o que saíu de alí, deixar, por decilo así, tódalas portas abertas a modificacións que fagan a lingua máis real e axeitada ás necesidades de comunicación do pobo.

Chegado a este punto moita xente estará agardando resposta a unha cuestión moitas veces plantexada: ¿pra qué a normativización?, ¿non é millor normalizala lingua e despois xa se verá?. As opinións repártense entre os que pensan que non é necesario facelo, non é necesario imporlle nada a lingua porque esta normativízase de seu. Outros pensan que si é necesario e que a normativa, se se fai partindo da propia lingua, e se se fai con criterios lingüísticos que non sexan alleos a ela, non ten por qué ser unha imposición. A normativización é unha axuda inestimábel pra normalización. Os ollos da xente a lingua aparecerá prestixiada e, ó cabo, a personalidade de Galicia saíra reforzada.

## Hemeroteca

# Verbas mortas

POR ANTON VILLAR PONTE

Houbo un tempo no que chamarse rexionalista aínda significaba algo. Foi nos tempos de Alfredo Brañas e até a constitución das «Irmaduras». Logo o rexionalismo ficou nunha verba coase valeira. Hoxe xa sabedes que son rexionalistas tódolos hespañoles, e por de contado tódolos galegos, incluso Bugallal e Riestra. Rexionalismo, pois, é agora unha verba morta se non leva aparelado o adxectivo «integral». E un rexionalismo deste xeito xa pode recibir o nome de nacionalismo. No das descentralizacións administrativas meirandes ou máis pequenas ningún galego deixa de coincidir. E isto non é nada. Pois o mesmo ocorre con outra verba, a verba galeguismo. Coidamos tere sido nós quen primeiro puxémola en circulación. Foi a pouco de se habere creado as «Irmaduras». Galeguismo daquela significaba igual que nazonalismo. Mais esta verba xa hoxe pra nós fica tamén valeira e morta. Non hai politiquiño dos da nosa terra, nin xornal caciquil que se non chame galeguista. ¡Todos galeguistas!

Cando nós escribimos por vez

primeira aquela verba pensamos: como o de nacionalismo asusta a moitos aínda en troques de nacionalismo digamos algunhas veces galeguismo. E a cousa terá de ser igual no fondo. En Cataluña hai catalás —cantos nasceron naquela terra— e hai tamén catalanistas. Catalanistas quer decir nacionalistas; pois inventamos a verba galeguista coa mesma equivalencia prós galegos partidarios da autonomía integral con tódalas súas consecuencias.

Mais xa fica dito que agora acó ninguén deixa de chamarse galeguista. Rexionalismo e galeguismo, pois, pra nós dende esto carecen de valore. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas. Son verbas prós que din moi ocos estas parvadas de comedia: «El regionalismo bien entendido», «el regionalismo sano», «el regionalismo práctico...»

Frases ridículas que tanto nos fan escachar de risa ós nacionalistas.

Recollido de «Pensamento e semelanteira». Páx. 78

## «Xornaleiro»

Nun cartel que unha librería galega tirou co gallo do «Día das Letras Galegas» adicado a Antón Villar Ponte lémo-la verba «xornaleiro» por xornalista ou periodista. Non sabemos se o autor do texto foi vítima dun «lapsus linguae» ou a cousa é, sinxelamente, produto da ignorancia lingüística. «Xornaleiro» é o home que traballa ó xornal (cousa que lle pasa tamén ó periodista, naturalmente). Xornalista é o portuguesismo que define a profesión do periodista, lusismo abertamente admitido xa no galego culto. O Villar Ponte-xornaleiro que anuncia o cartel en cuestión está a pedir a berros ese labor dos nosos lingüistas, gramáticos e profesores pró ensino e emprego axeitado e masivo do noso idioma. Boa data pra recordalo é o «Día das Letras galegas». ¿Pra cando as institucións, os profesores preparados, as campañas de coñecemento e estudo do idioma, os textos, etc., do que tan necesitado anda o país e os paisanos? (Unha nota: quen estea libre de pecado que guinde a primeira pedra).

En poucos meses, quizaves denantes do que pensamos, pode sai-lo primeiro decreto que recoñeza a presenza do galego no ensino (ensino do galego e ensino en galego). Máis dunha vez nos temos feito a mesma pregunta, ¿qué ferramentas, con qué material contamos pra levar adiante unha reivindicación tan agari-mada?

Coa ollada posta nun futuro democrático pró noso país o profesor XESUS ALONSO MONTERO, de quen as teses encol da lingua son xa coñecidas, propón nestas liñas algunhas actitudes fundamentáis e mesmo unhas posibéis e primeiras insti-tucións. A loita pola normalización da lingua ten de se traducir xa en primeiros fei-tos, ferramentas, institucións axeitadas, técnicos, normas concretas de traballo.

## Encol da fala

# Esquema pra unha alternativa inmediata

POR XESUS ALONSO MONTERO

1 Todo fai supoñer que estamos no adro dunha sociedade máis democrática (millor; menos indemo-crática) o que nos obriga a «programar» o futuro en función desa con-figuración política. Galicia vai ter —se non hai treboadas pouco pro-babeis— na etapa que se avexiña un certo Poder autonómico xa que a autonomía, no noso país (e en calquera comunidade), é un com-poñente da Democracia por cativa que esta sexa. Dito de xeito menos inconcreto: Galicia vai contar cun Aparello institucional feito por e para Galicia. De todos nós depen-derá (dos demócratas galeguistas) que estas institucións sexan moitas ou poucas, eficaces ou non, de con-tido progresista ou de contido con-servador. Repito: dependerá dos demócratas galeguistas, expresión un chisco redundante pois o sus-tantivo implica, dalgunha maneira, o adxetivo.

2 No tocante ó problema da lingua ¿qué institucións compre diseñar nestes meses, nestas semanas? Por suposto as institucións (núme-ro, tarefas e atribucións) dependen da alternativa lingüística que se lle propoña ó país. De feito esa alter-nativa —expresión, naturalmente, dunha filosofía política e dunha pe-dagogía— ten que concretizarse nunhas institucións determinadas e non noutras.

Calquera que sexa a alternativa, calquera que sexa a nosa pre-visión do porvir, calesquera que sexan os nosos desexos, está ben claro, de-bería estar ben claro, que o que urxe é a creación do seguinte apa-rello institucional:

a) INSTITUTO DA LINGUA GA-LEGA, que faría esencialmente in-vestigación nestes eidos:

- *Historia da Fala*
- *Sociolingüística*
- *Gramática*
- *Lexicografía e Semántica*
- *Dialectoloxía*
- *Fonética e Fonoloxía (1)*

b) INSTITUTO DE DIDACTICA DA LINGUA

I) *Elaborar:*

- *Métodos de galego*
- *Libros de texto*
- *Terminoloxía axeitada das dis-tintas ciencias*

II) *Impartir:* cursiños - lóstre-go:

- *Pra centos e centos de profe-sores (profesores de galego e pro-fesores —de Xeografía, de Mate-máticas, etc.— en galego)*
- *Pra ducias de informadores (prensa, radio, televisión)*
- *Pra linotipistas e correctores*
- *Pra actores*
- *Pra certos funcionarios (2)*

Salta ós ollos que este Instituto tería que estar vencellado, íntima-mente, ó Instituto da Lingua Gale-ga.

Estas dúas institucións crearían en moi pouco tempo (algúns me-ses) a infraestrutura indispensábel pra escomenzar con realismo e cer-ta eficacia o proceso de *normaliza-ción* da lingua, proceso que nos pri-meiros intres terá o seu principal terreo de xogo na escola e nos me-dios de comunicación de masas.

¿Qué importa decretar, dentro de meses, o ensino en galego nas aldeas se non temos textos ad hoc e profesores —centos e centos—

axeitados mental e técnicamente pra esta nova forma de entendérmo-la docencia? Decretar, dentro de meses, tres ou catro ho-ras de televisión en galego ¿é reali-zábel sen un equipo, non pequeno, de locutores, redactores, entrevis-tadores, etc.? Os Consistorios que autodeclaran a cooficialidade do galego ¿teñen persoal á altura desa declaración pra redactar bandos, documentos, etc. en galego?

Trátase, por conseguinte, de empeza-la casa —irrenunciábel pro-difícil e complexa— polos cemen-tos, ou sexa, crear, como xa dixemos, unha infraestrutura indispen-sábel: profesores, libros de texto, xornalistas...

Supoñemos que este aparello institucional e as súas tarefas pode ser suscrito por tódolos grupos po-líticos e culturais calquera que sexa a meta que persigan. Por outra, na actual correlación de forzas cecáis non sexa factíbel un programa máis amplo.

O programa dibuxado eu non o calificaría de cativo nin de ambicio-so xa que se trata, en realidade, de outra cousa: é o punto de partida dun proceso que, penso, non debe plantexarse de outro xeito.

Se dentro de pouco tempo dis-poñemos destas dúas indispensá-beis institucións, moi pouco des-pois teríamos na nosa man os axentes e o material da gran recu-peración lingüística (millor dito, do comenzo da recuperación): profe-sores preparados e axeitados, locu-tores e actores de boa dicción, ter-minoloxía técnica ben elaborada, métodos, libros de texto de distinto nivel...

E ese sería o intre de propoñer tantas ou cantas horas de televi-sión e radio en galego; escola en galego tantos ou cantos anos; esta ou aquela presenza da lingua gale-ga nas «illas» máis ou menos caste-lanófonas, etc. Teimo: previo a isto son os ensinantes, os libros, o ma-terial escolar... Agora ben esta pro-posta traduciríase en feitos eficaces se as forzas que a propoñen teñen peso político, autoridade intelectual e capacidade persuasoria. Este pro-grama —que por algunhas ópticas pode ser acumado de cativo— vai ser considerado excesivo ou ex-traño ou quen sabe qué por certos sectores. Como entre os reticentes e indiferentes hai xente de boa fe, xente pouco informada e xente que foi sistemáticamente deformada, unha das nosas tarefas consiste en ter en conta a esa xente e impoñer-mos facelos os nosos aliados ou, no peor dos casos, no enemigos. En Galicia hai moito centralismo, moitos funcionarios e algúns mes-tres de fóra, e xentes de idade pou-co sensíbeis ós cambios; pois ben, diante deles a nosa ferramenta sóio pode ser a da intelixencia, a da per-suasión e a da paciencia, endexa-máis a da coacción ou a da estri-dencia.


Certo que moitos destes homes e mulleres foron, dalgunha mane-ira, corresponsábeis ou cómplices da tiranía lingüística, da coloniza-ción idiomática, do asoballamento lingüístico, por, ó mesmo tempo, eran vítimas dunha estrutura feita ad hoc. Por conseguinte sería impolí-tico responder á aldraxe coa aldra-xe. Na polémica cos alleos e cos aliados, as armas teñen que ser ci-vís, civilizadas. Porque creo como elemental o dereito dun pobo a fa-lar e escribi-lo seu idioma, porque creo no dereito á normalización dese idioma, é polo que, se temos medios, conquistaremos facer en-tender a uns e a outros a necesida-de, a bondade e a xusticia desta causa. Esta proposta, que se inscri-be, forzosamente, nun programa político progresista, é dicir, huma-nista, ten que facerse con humanis-mo.

1.— *Existe, dende hai anos, no seo da Universidade de Compostela un Ins-tituto da Lingua Galega que dirixe o profesor, decano da Facultade de Fi-loloxía, Constantino García. Este Ins-tituto ten feito un labor loubábel, im-portante, mesmo nos derradeiros anos do franquismo. Tamén adica parte do seu traballo á dimensión di-dáctica. A única seiva que lle compre ó actual Instituto é a seiva dos car-tos: multiplicar por cen —ou por mil— a asignación económica.*

2.— *V. nota 1.*







# TRANSPORTES CABALAR



● CISTERNAS PRA TODA CLASE  
DE LIQUIDOS



**librouro**


- Material Escolar
- Material Filatélico:

SERIES ESPAÑOLAS, ESTRANXEIRAS,  
ALBUNS, CATALOGOS, LUPAS, ETC...

**A Librería de maior surtido de Galiza**

LIBRERIA: TELF. 22 14 39 \* FILATELIA: TELF. 22 14 39 \* EDUARDO IGLESIAS, 12

**XV**  
**FERIA DE MUESTRAS  
DEL NOROESTE**



**EL FERROL DEL CAUDILLO**  
16 al 27 de Julio de 1977

A condición de xornalista, profesión que exercéu durante toda a súa vida, é fundamental pra entende-la obra de Antón Villar Ponte. A profesión condiciona ó personaxe histórico o mesmo na súa imaxe política que literaria. Neste traballo non se dan máis ca algunhas suxerencias encol do tema apoiándose principalmente nos mesmos textos do autor.

Non é a de Antón Villar Ponte a obra do pensador que recolle os seus plantexamentos, as súas liñas ideolóxicas fundamentais nun libro, en dous, tres volumes a consultar en calquera intre coa certeza de quen ten nas mans unha obra rematada, absolutamente completa. Esta é a primeira dificultade e, ó mesmo tempo, característica fundamental da personalidade histórica de quen é o primeiro pensador do nacionalismo galego: a súa inmediatez, o seu carácter aberto (posíbel sempre dun recrear arreo que, de feito, practicaba), a súa temporalidade eíql e agora (aunque chantada en postulados ideolóxicos coherentemente elaborados), a súa gran diversificación, mesmo a súa urxencia ás veces. Todo conforma unha obra e mesmo un xeito de militancia.

O lector de «Pensamento e sementeira» (1), editado no exilio de Bós Aires, escolma posíbel e fundamental do pensamento do xornalista galego, pode dar fe de todo isto. Cando escribo, Marino Dónega prepara unha nova mostra daquel traballo, espallado en centos de artigos e notas en revistas e xornais, pra publicar este «Día das letras galegas». Boa falla que fai pra dar a coñecer unha das personalidades históricas máis interesantes do galeguismo e menos coñecida, sobor de todo se temos en conta que «Pensamento e sementeira» é xa practicamente imposíbel de atopar nunha librería.

Artigos de contido político, de urxencia electoral ou matinar ideolóxico, ensaio, crítica de arte, reseña de libros, glosas cativas e urxentes, crónicas, retratos ou necrolóxicos, viaxes, notas recolleitas á beira do escrito ou lido esa mesma mañá, polémicas afervoadas... todo vai tecendo unha mesta arañeira que somentes no seu conxunto é posíbel valorar axeitadamente. Non hai páxina, artigo ou recuncho, mesmo cos motivos máis alleos, onde non poida aparecer unha idea nova, un novo argumento que pode se desenvolver con máis vagar e fondura ó día seguinte na mesma ou noutra publicación, que pode tamén, pola contra, como ocorre tantas veces, esmorecer coma un lóstrego, morrer sen deixar marca. O estudioso (ou

curioso) que se achega ó pensamento do escritor ten que loitar con dúas dificultades primeiras: unha física (o espallamento e diversificación da súa obra en revistas e xornais de dentro e fóra de Galicia), outra temática e estilística que ven dada polo mesmo oficio: a diversificación dos temas e o xeito mesmo de expoñe-las ideas, deixalas ir ás veces, recollelas logo noutro traballo posterior, quizaves perdelas, reatopalas...

Villar Ponte é absolutamente consciente de todo isto. O xornalismo é, pois, fundamental pra entender ó home non só dende a perspectiva política e ideolóxica senón coma escritor. Quizaves por primeira vez (polo menos dun xeito tan claro e directo) o galeguismo ten nas súas mans, dunha maneira militante, a conciencia do medio de comunicación de masas, cotián, inmediato, sen acougo. Nunha «entreviú conmigo mesmo» que os editores de «Pensamento...» recollen cáseque a xeito de limiar autobiográfico, Villar Ponte escribe sobor da súa profesión.

«De calidad, no pudo presumir; de cantidad, sí. Pocos «forzados de la pluma» —y ninguna definición mejor le cuadra al periodista— habrán escrito más artículos que yo en ese lapso de tiempo de veinticinco años (o autor celebra neste artigo as súas «bodas de prata» coa profesión periodística. Era daquela presidente da Asociación da Prensa da Coruña). Pocos tampoco habrán procedido —dentro de la ética que el periodismo permite— con mayor rectitud y honestidad. Son escasos los trabajos de los que tenga que avergonzarme» (páx. 17). Non explica Villar Ponte o seu paréntese encol da ética posíbel da profesión periodística. Somentes máis adiante engade: «¿Lo que más me enorgullece? No haber cometido un solo «chantaje» en cinco lustros de vida pública». O remate do seu artigo escolle unha frase pra grabar enriba da lousa funeraria. «Trabajó mucho y ha muerto pobre». La pluma del periodista —engade— no es como la del escribano de que habla la copla popular». (páx. 19). Máis ben, onte coma agora, habería de todo.

2.

O primeiro traballo periodístico

## Villar Ponte, xornalista

Por VÍCTOR F. FREIXANES

que publica Antón Villar Ponte aparece nun semanario chamado «Nueva Brisa». Era un artigo pequeno, segundo él mesmo di, en «defensa do proletariado». Estudiara farmacia en Compostela. Por esas mesmas datas escomenzou a escribir. Logo Madrid (a redacción de «El País» principalmente); logo América pra dirixir algúns semanarios e un xornal («Diario Español» na Habana); Galicia outra vez en 1916; definitiva toma de posición política; artigos na «Voz de Galicia» (onde apareceu por pequenas entregas o seu libro encol do «Nacionalismo galego: a nosa afirmación rexional» e onde mantivo longas polémicas arredor da cuestión), «El Pueblo Gallego» de Portela Valladares,

«A NOSA TERRA»  
Voceiro das «Irmandades»

«Galicia» que dirixía Valentín Paz Andrade tamén en Vigo, «A nosa terra» (voceiro das «Irmandades da fala» que el creu un 17 de maio precisamente, en 1917), «El Noroeste» da Coruña que chegou a dirixir, a revista «Nós», «El Sol» de Madrid... sen esquecer, de cando en vez, alguna cousa pra «El vivariense», que se editaba en Viveiro, a vila natal dos dous irmáns Villar Ponte.

Segundo el mesmo di, nos tempos de director de «El Noroeste» da Coruña a profesión obrigaba a escribir mesmo ¡sete artigos ó día!, marca nada doada de igualar (e que ningún profesional envexa tampouco). Máis adiante o seu traballo viña a ser de catro ou cinco, o segundo os tempos e as urxencias, as demandas e as economías. Era redactor-corresponsal do «Diario de la Marina» de Habana ó que mandaba







# «A Caixa de Vigo» é a primeira Entidade de creto e aforro da provincia

E, SE SE PARA A PENSALO,  
NON E NINGUNHA SORPRESA PORQUE...

**Ten MAIS**  
contas de aforro:  
**670.000**  
impoñentes

Se cadra poderíamos achacar esta preferencia ó feito de que a CAV «ofrece máis» ca ningunha outra Entidade financeira. Compróbeo e tire as súas consecuencias.

Pra estar máis perto da súa casa, ou posto de traballo, temos abertas máis de cen portas na provincia: 28 sucursais en Vigo e 75 noutras localidades. E segue o noso plan de expansión.



A organización da CAV ten como fundamento o TELEPROCESO, sistema electrónico que permite a intercomunicación inmediata das nosas oficinas. Máis claro:

cando lle compre sacar cartos ou ingresalos —na súa conta corrente ou libreta de aforro— obter un creto, ordenar transferencias, cobra-lo salario, etc., todo se realiza a unha velocidade increíble —e con moitos menos erros— ó través dos nosos po-



**Custodia MAIS**  
depósitos de aforro:  
**33.000**  
millóns

tentes Ordenadores Electrónicos.

Pro non abonda pra sérmolos «primeiros» termos moitas sucursais, por moi cómodas e ben instaladas que estean; nin abonda tampouco unha mecanización de vangarda.

Pra nos o esencial é contar cun EQUIPO HUMANO ben seleccionado, detrás de cada unha das «cen portas». Son colaboradores competentes e están satisfeitos de servir á comunidade. Tén vocación de ser uteis e saben facer amigos ó través do seu traballo na CAV.


Ben, xa temos unha ampla Rede de 103 sucursais e bos profesionais pra servilas; contamos cunha organización moderna e a confianza de 670.000 clientes. Pro ¿cál é o camiño a seguir, cómo se proxectan os obxectivos da Institución? Isto, o máis importante, constitúe a FILOSOFÍA da CAV: «Ordenar funcións financeiras pró desenvolvemento económico e social



**Concede MAIS**  
cretos e inversións:  
**32.000**  
millóns

da Comunidade, logrando unha auténtica promoción humana e mellora do benestar provincial». Isto tradúcese, na práctica, en miles de millóns de pesetas en cretos e inversións sociais, ós mellores prazos e intereses do mercado. E apoiando toda iniciativa que tenda a mellora-lo desenvolvemento rexional.

Despóis de administra-los cuantiosos recursos que a confianza da provincia pon nas nosas mans, quedan uns BENEFICIOS que son da comunidade e á comunidade devólvense por dous camiños: a realización de OBRAS SOCIAIS: Colexio Universitario, Garderías Infantis, Auditorios, Clubs de xubilados... e así hastra 25 obras sociais propias, cun presuposto anual de 250 millóns de




**Sostén MAIS**  
obras sociais, con  
**250** millóns  
de coste anual

pesetas pró seu mantemento. O resto dos beneficios pasan a incrementa-la dotación a RESERVAS, garantía dos nosos clientes.

En resumen: na CAV non hai dividendos pra accionistas; só hai «dividendos» pra comunidade, mediante un reparto racional de beneficios, ó través dunha obra social continuada e transcendente.

Por último, a CAV «é de eiquí». Ten os seu ámbito na provincia, e tódolos seus esforzos van encamiñados «ó noso». O benestar provincial e o desenvolvemento de Galicia. E un factor diferencial, como o é dispor de AUTOCAIXAS, CAIXAS PERMANENTES DE PAGOS, ou un APARCAMENTO gratuito pra 200 coches...



**Primeira Institución Financeira e Social da Provincia**



# Caja de Ahorro Municipal de Vigo

AUTORIZADO POR EL B. DE E. EN 24/2/1977



Como de todos é sabido, o nome de Villar Ponte asóciase inmediatamente á fundación e espallamento das *Irmandades da Fala* por toda Galicia, a partir da Irmandade da Coruña, verdadeira base de todo aquel movemento. Incluso algunhas veces se ten asignado a este persoeiro todo o labor de poñer a andar e dar unha ideoloxía á dita formación política. Entre outras cousas, porque se relaciona, case coma causa a efecto, a publicación do seu folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* e a creación da Irmandade coruñesa. A cuestión, evidentemente, é moito máis complexa, por pouco que profundemos nela. En primeiro lugar, sabemos que Villar Ponte non fixo senón recoller toda unha serie de ideas que andaban ceibas e dende o seu outeiro de xornalista darlles unha certa proxección, aproveitando os pousos que quedaran da «Solidaridad Gallega», o pensamento republicano, tan enraizado na Coruña e o chamamento que dende a revista *Estudios Gallegos* fixera Aurelio Ribalta. Agora ben, o que nos interesa suliñar neste intre non é a importancia individual de Villar Ponte, que resulta innegábel, senón poñerlle marco máis amplos á súa actividade e en xeral á actividade das Irmandades da Fala. E dicir, partindo dun feito concreto, o persoeiro e máis a creación das Irmandades, ir máis aló á procura do contexto económico, social e político no que se veu a enxerga-lo nacionalismo. Isto significa defini-lo marco histórico de Villar Ponte e tamén preguntarse por qué as Irmandades aparecen na década dos anos 10 e non antes nin despóis.

Partindo do suposto de que este fato de «irmáns» eran conscientes do intre histórico que estaban vivindo, compre logo sinalar con qué problemas se encaraba a Galicia dos anos 10 e así explicar un pouco mellor o feito de que se formara un movemento de reivindicación nacionalista dirixido a solucionar eses problemas. Unhas cantas ideas xerais definen ese movemento: Galicia atópase nunha situación de inferioridade económica respecto dos

# O marco histórico de Antón Villar Ponte

RAMON VILLARES

demáis pobos peninsulares e sobor de todo européus. A causa de todo isto radicaría na integración da nación galega no marco dunhas es-

truturas políticas que non representaban senón unha rémora ó desenvolvemento propio de Galicia. E dicir, a dinámica da formación

económico-social galega estaba frenada pola súa inserción no espazo político español. Doutrinalmente, a cuestión definíuna Risco ó entende-lo nacionalismo galego coma unha reivindicación da personalidade de Galicia «frente da sobrecendencia do Estado hespañol» (1920). Pro ¿cáis eran eses problemas?. Pra entendérmonos mellor, compre ollalos dende dúas perspectivas diferentes, anque estean moi relacionadas.

## FALLA DE BURGUESIA INDUSTRIAL

Dunha banda, unha serie de problemas de Galicia víña dada pola falta de dinámica de tódalas súas forzas produtivas. E dicir, o peso, a herdade do pasado era moi forte. Neste senso, teríamos que sinalar en primeiro lugar as «supervivencias feudais» presentes na economía agraria. A dicotomía do réxime de propiedade, que a lexislación burguesa convertíu nun verdadeiro embrollo xurídico, era o problema máis visíbel. A propiedade da terra seguía sendo, nos anos 10, unha propiedade dividida entre unha multiplicidade de foristas e foreiros, mutuamente relacionadas ó traveso do pago dunhas rendas, as rendas forais. Esta situación era unha herdade do pasado, agora convertida nun verdadeiro lastre, en tanto



que se non realizara ó seu debido tempo, mediados do século XIX, unha reforma agraria liberal, según aconteceu no resto de España. As consecuencias deste atraso, desta discronía, óllanse perfectamente cun superficial exame da economía agraria galega dos anos 10: explotacións agrícolas moi cativas, escasa comercialización da produción (excepto a gandeiría), ausencia de innovacións técnicas e moi froxa reconversión dos cultivos. Pro o asunto non remata aquí. Herdade do pasado era a falla de burguesía industrial e polo tanto de actividades non agrícolas, xa fora pola ausencia de burguesía, xa porque había poucos capitais ou —o que é máis probable— poucas expectativas de beneficio, é dicir, un mercado que asimilase a produción industrial. Cal dunha, cal doutra, o certo é que a economía galega dos anos 10 asentábase na produción agrícola e nas consecuencias da súa situación atrasada (fundamentalmente a emigración).

Esta estrutura económica de base agraria menciñada esóxenamente coas remesas da emigración, pouco dinámica, hai que explicala asimesmo dende unha perspectiva exterior, é dicir, en tanto que parte da estrutura económica española, integrada nun mercado nacional, nunhas estruturas políticas e nuns centros de decisión da política económica con intereses diferentes ós da propia formación social galega. Isto quere dicir que as cativas unidades de produción galegas tiñan que competir coas grandes explotacións castelás, os latifundios andaluces e as adiantadas agriculturas levantinas, prás que sempre se dítaminaban as orientacións básicas da política económica española, que nesta época significaban proteccionismo a ultranza.

## A MARXINACION ECONOMICA

habería que engadir algún feito conxuntural que aínda agravaba máis a situación da economía galega. Facendo un pequeno esforzo pra situámonos nas datas da 1.<sup>a</sup> Guerra Mundial, época na que a economía española experimenta unha euforia expansiva de altos niveis, traducida na creación de varios miles de sociedades anónimas que nun tempo récord acadarían beneficios de centos de millóns de pesetas (e remítome ós estudos de Roldán, García Delgado e Muñoz), observamos que en Galicia toda esa onda expansiva non tivo cáseque ningunha repercusión. Somentes se creou unha pequena compañía navieira, ampliouse algún estaleiro e seguiron facendo ampliacións de capital pequenas empresas de bens de consumo (Eléctricas de Coruña e Vigo, S.A. La Toja, etc.). Tanto o nacionalismo coma outras forzas sociais decatáronse do asunto (poño por caso, Valeriano Villanueva), pro o feito claro é que Galicia quedou marxinaada nunha conxuntura económica favorabilísima.

En resumidas contas, nesta década dos anos 10 evidéncianse unha serie de problemas que xa viñan de atrás e que agora se agravaban ó non ter Galicia participación nesa corta xeira de «expansión nacionalista» do capitalismo español. Unha economía agraria moi pasenifamente libertada das súas reminiscencias feudais queda cada vez máis integrada no conxunto económico español como lugar de produción de materias primas a baixo precio (caso da gandeiría) e tolleita á hora de poder acometer calquera tipo de anovamento das súas estruturas produtivas. Algo semellante lle ocurría a unha incipiente burguesía industrial, afogada pola maioritaria presenza dunha burguesía comercial que atopaba as súas fontes de ingresos no labor de redistribuí-los produtos manufacturados ou zugando o aforro da emigración.

Neste contexto, o propio xurdimiento das Irmandades da Fala e a súa progresiva radicalización nacio-

nalista compre poñe-lo en relación coas fallas estruturais que viña arrastrando Galicia, cunha lateralización conxuntural e tamén co afianzamento desa pequena burguesía comercial, beneficiada por un relativo e lento crecemento da economía galega, pro sen ningún tipo de control político da súa situación, xa que a tiña hipotecada nas mans dunha oligarquía galega aliada coas clases dominantes do Estado, que atopaban con facilidade en Galicia cadros dirixentes que materializasen politicamente os seus intereses económicos. De ahí que Villar Ponte e as Irmandades pasen axiña do rexionalismo de «amigos pra falar gallego» a un nacionalismo claro, como queda explicitado no primeiro número de «A Nosa Terra»: «... chegou a hora de definirmos...». E esa definición comportaba uns plantexamentos políticos que por non se chegar a consumir, non deixan de ser moi atinados. Dende o primeiro momento, as alternativas elaboradas por Porteiro, Peña Novo, Ponte, etc. non se dirixen a realizar cambios básicos na estrutura económica de Galicia, senón a tentar de acadar un control dos aparatos políticos. O principal problema con que se encaraba a economía galega, o atraso da agricultura, non se lle concede moita importancia e relégase ás mans do movemento agrarista. O fundamental, o definitorio desta primeira etapa nacionalista é a súa insistencia, machacona, no librecambismo económico: «a redención de Galicia está n'estas dúas cousas: no fomento agarimoso da lingua e no estudio dos nosos problemas económicos que non terán nunca, porque non poden tela, solución no actual réximen político hespañol. Porque Galicia é librecambista pola súa natureza, y-o arancel protector do feudalismo de Castela será sempre o ostáculo que nos impida poñernos nas condicións de riqueza que teñen outros pobos d'Europa semellantes ó noso» (1916). Esta cita algo longa, precisamente de A. Villar Ponte, dámos unha radiografía do plantexamento político, enormemente conxuntural, do pensamento

global das Irmandades, que non mudará deica 1922, cando coa creación da Irmandade Nazionalista Galega predominará unha análise idealista da realidade galega, e polo tanto unha estratexia máis culturalista. Pro esta posterior viraxe do nacionalismo non exclúe o razonamento que tentamos de amosar: as Irmandades da Fala e globalmente o nacionalismo aparecen nun intre no que unhas cantas forzas sociais procuran acadar unhas parcelas de poder que representen e defendan a súa situación económica. Porque sabemos quen se aproveitaba do proteccionismo económico español, como o sabían os nacionalistas da época: «os fabricantes cataláns, os ferreiros de Bilbao e os trigueiros de Castela» (1921). Pro tamén interesa saber quen estaba detrás do librecambismo. Non parece aventurado afirmar que pola procedencia social e mesmo xeográfica (maioritariamente da Coruña) dos membros das Irmandades, esa pequena-burguesía de profesionais liberais, de adicación comercial, etc. sería a sustentadora dunha alternativa nacionalista defensora dunha estratexia política conducente á consecución da autonomía integral de Galicia. Solución política que —decían— remediaría de golpe tódolos problemas acugulados durante anos e séculos. Na realidade —que é o que nos importa— nin as Irmandades nin o seu herdeiro, o Partido Galeguista, lograron coroar dun xeito efectivo as súas aspiracións. Isto quere dicir que a correlación de forzas dos anos 20 e 30 era moi desfavorábel a esa pequena burguesía que nin soubo unirse entre si, nin achegarse ó mundo rural e polo tanto non tivo os azos necesarios pra tronza-lo predominio das clases dominantes do Estado, que na época capitalista necesitan de zonas periféricas onde se localizen as relacións de produción máis duras e os grados máis conflictivos da loita de clases.





# BANCO DE CREDITO E INVERSIONES

(Antes, Banco Hijos de Olimpio Pérez)

FUNDADO EN 1847

DOMICILIO SOCIAL  
Cervantes, 15

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 581000

MAIS DE CENTO VINTECINCO ANOS AO SERVIZO

★ DOS SEUS CLIENTES ★

- ☆ ALLARIZ (Orense)
- ☆ AMES - BERTAMIRANS O.P.
- ☆ AMES —AGENCIA URBANA— (Milladoiro)
- ☆ BARCELONA
- ☆ BEARIZ (Orense)
- ☆ BOQUEIJON - CAMPORRAPADO
- ☆ BURGOS
- ☆ CADIZ
- ☆ CALDAS DE REYES
- ☆ CAMARIÑAS
- ☆ CARNOTA
- ☆ CARTELLE - OUTOMURO (Orense)
- ☆ CASTRO DE RIBERAS DE LEA (Lugo)
- ☆ CORDOBA
- ☆ CUNTIS
- ☆ EL FERROL DEL CAUDILLO
- ☆ EL PINO - ARCA
- ☆ GRANADA
- ☆ HUELVA
- ☆ LA CORUÑA
- ☆ LAS PALMAS DE GRAN CANARIA
- ☆ LEON
- ☆ LUGO
- ☆ MADRID
- ☆ MALAGA
- ☆ MALPICA DE BERGANTIÑOS (La Coruña)
- ☆ MAZARICOS - LA PICOTA

- ☆ MUROS DE SAN PEDRO
- ☆ MUROS DE SAN PEDRO —AGENCIA URBANA— (Esteiro)
- ☆ NEGREIRA
- ☆ ORENSE
- ☆ OROSO - SIGÜEIRO
- ☆ OUTES - SIERRA DE OUTES
- ☆ PALENCIA
- ☆ PIEDRAFITA DEL CEBRERO
- ☆ PONTEVEDRA
- ☆ POYO (Pontevedra)
- ☆ ROIS - URDILDE (La Coruña)
- ☆ SANTA CRUZ DE TENERIFE
- ☆ SANTIAGO DE COMPOSTELA O.P.
- ☆ SANTIAGO DE COMPOSTELA —AGENCIA URBANA N.º 1
- ☆ SANTIAGO DE COMPOSTELA —AGENCIA URBANA N.º 2
- ☆ SEVILLA
- ☆ TEO - LA RAMALLOSA
- ☆ TORDOYA (La Coruña)
- ☆ TOURO (La Coruña)
- ☆ TRAZO - VIAÑO PEQUEÑO (La Coruña)
- ☆ VALLADOLID
- ☆ VALLE DEL DUBRA - BEMBIBRE O.P.
- ☆ VALLE DEL DUBRA —AGENCIA URBANA— (Portomouro)
- ☆ VIGO O.P.
- ☆ VIGO —AGENCIA URBANA N.º 1
- ☆ VILLAGARCIA DE AROSA
- ☆ VILLALBA (Lugo)
- ☆ VIVERO

## PROXIMAS APERTURAS

CORRESPONSAIS NAS PRINCIPAIS PLAZAS DO MUNDO

## SERVICIO ESTRANXEIRO

REALIZA TODA CLASE DE OPERACIONES DE BANCA E BOLSA






# HORAGLOSA

## SECCION FORMIGON

FORMIGONS E AGLOMERADOS DO SALNES, S. A.

- O millor servico e venda de formigón
- Bombeos hasta 90 metros
- PLANTA DE MACHAQUEO
- PLANTA DE FORMIGON
- BOMBAS DE FORMIGON SOBRE CAMION
- PLANTA DE AGLOMERADO
- PREFABRICADOS DE FORMIGON
- MAQUINARIA INDUSTRIAL
- ESTUDIOS DE INXENIERIA E PROXECTOS



PLANTAS E INSTALACIONS: CABANELAS-RIBADUMIA-PONTEVEDRA



# HORAGLOSA

## SECCION INMOBILIARIA

- DENDE AGORA, VENDA DE APARTAMENTOS E BAIXOS COMERCIAIS, NO RECANTO MAIS FERMOSE DE MARIN

Domicilio social: Pontevedra - Ponte Muíños, s/n.

Apartado de Correos 511 - Teléfonos: 858746 - 854950 - 854954